# I.E.S. MANUEL CHAMOSO LAMAS
# O CARBALLIÑO

# CURSO 2022/2023

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

## XEFE DE DEPARTAMENTO

### *JUAN MANUEL RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ*

*3º ESO XEOGRAFÍA E HISTORIA; HISTORIA DE ESPAÑA 2º BACHARELATO DIURNO; HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO (1º BACHARELATO ADULTOS) , PROXECTO COMPETENCIAL 1º ESO, VALORES ÉTICOS 4º ESO, TITORÍA 3º ESO A, CLUB LECTOR*

## MEMBROS DO DEPARTAMENTO

### *SANTIAGO GARCÍA OCHOA*

*ESA ADULTOS (MODULOS I, II, III E IV); 1º ESO PROXECTO COMPETENCIAL, 2º ESO XEOGRAFÍA E HISTORIA; 1º BACHARELATO HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO; HISTORIA DA ARTE, TITORÍA ESA ADULTOS MÓDULOS III-IV*

### *MARÍA AMELIA CAROU GARCÍA*

*2º ESO XEOGRAFÍA E HISTORIA, 3º ESO PROXECTO COMPETENCIAL, 4º ESO XEOGRAFÍA E HISTORIA E VALORES ÉTICOS, 2º BACHARELATO DIURNO XEOGRAFÍA DE ESPAÑA, HISTORIA DE ESPAÑA, XEOGRAFÍA DE ESPAÑA E HISTORIA DA ARTE EN 2º BACHARELATO ADULTOS*

### *ISMAEL CABALEIRO SOMOZA (PROFESOR ADSCRITO AO DEPARTAMENTO DE MÚSICA)*

*1º ESO XEOGRAFÍA E HISTORIA*

# ÍNDICE


1.- Introducción e contextualización……………………………………………………..…………………………..……..…...pax.8.
2.- Referencias normativas………..………………………………..……………………………………………………..…..….pax.9.
3.- A Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)…………………………………………...……………………….…..…pax.10.

- Os principios xerais da ESO…………………………………………………………………………………………...……..pax.10.
- Os obxectivos da ESO……………………………………………………………………………………………..………..….pax.10.
- As competencias clave na área de coñecemento de Xeografía e Historia…………………………………….……….……..…..pax.12.
    - A CSC.
    - A CSIEE.
    - A CCEC.
    - A CD.
    - A CCL.
    - A CMCCT.
    - A CAA..

- 2º CURSO ESO: XEOGRAFÍA E HISTORIA……………………………………………………………..………...…..pax.15.
    - Os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave por niveis na ESO………………..pax.15.
    - Concreción dos obxectivos para 2º ESO…………………………………………………………………………………….pax.15.
    - Procedementos e Instrumentos de Avaliación e Cualificación ……………………………………...…………………….pax.25.
    - Avaliación Inicial…………………………………………………………………………………………………..………….pax.25.
    - Avaliación Ordinaria……………………………………………………………………………………………………………pax.26.
.
    - Instrumentos, procedementos e criterios de avaliación e cualificación…………………………………………………………...pax.26.
    - Temporalización e secuenciación dos contidos……………………………………………………...……………………...pax.28.

- 4º CURSO ESO: XEOGRAFÍA E HISTORIA……………………...…………………………………………………………...pax.30.
    - Os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave por niveis na ESO.…………...…...pax.30.
    - Concreción dos obxectivos para 4º ESO……………………………………………………………………...……...pax.30.
    - Procedementos e Instrumentos de Avaliación e Cualificación……………………………………………………………...……...pax.41.
    - Avaliación Inicial…………………………………………………………………………………………………………..…...pax.41.
    - Avaliación Ordinaria…………………………………………………………………………………..……………...pax.41.
    - Instrumentos, procedementos e criterios de avaliación e cualificación…………………………………………………………...pax.42.
    - Temporalización e secuenciación dos contidos…………………………………………………………………………...pax.43.

4.- A Ensinanza Secundaria de Adultos (ESA)……………………………………………………………………………..…………...pax.45.
- Introdución e contextualización…………………………………………………………………………………………………..……...pax.45.
- Obxectivos da ESA………………………………………………………………………………………………………………………..…..pax.46.
- Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave……………………………………….……………………………...pax.48.
    - A CSC.
    - A CSIEE.
    - A CCEC.
    - A CD.
    - A CCL.
    - A CMCCT.
    - A CAA.

- SOCIEDADE NIVEL I: MÓDULO I: Elementos curriculares: obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave…..………………………………………………………………………………………….………..pax.52.
    - Concreción dos obxectivos da materia…………………………………………………..……………………………………………..pax.52.
    - Procedementos e Instrumentos de Avaliación e cualificación………………………………………………………………………..pax.61.
    - Avaliación Inicial……………………………………………………………………………………………………………………..…..pax.61.
    - Avaliación Ordinaria………………………………………………………………………………………………..………..pax.62.
    - AvaliaciónExtraordinaria………………………………………………………………………………………………...……..pax.62.
    - Instrumentos, procedementos e criterios de avaliación e cualificación…………………………………………………………………..pax.62.
    - Temporalización e secuenciación dos contidos……………………………………………….………………………………...…..pax.64.

- SOCIEDADE NIVEL I: MÓDULO II: Elementos curriculares: obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave……………………………………………………………………………………………………..pax.65.
    - Concreción dos obxectivos da materia………………………………………..……………………………………………………..pax.65.
    - Procedementos e Instrumentos de Avaliación e cualificación………………………………………………..……………….…pax.73.
    - Avaliación Inicial…………………………………………………………………………………………………………...………...pax.73.
    - Avaliación Ordinaria…………………………………………………………………………………….…………….…pax.73.
    - Avaliación Extraordinaria………………………………………………………………………………………………………….....pax.74.
    - Instrumentos, procedementos e criterios de avaliación e cualificación……………………………...………………………………….....pax.74.
    - Temporalización e secuenciación dos contidos……………………………………………………………..………………………....pax.75.

- *SOCIEDADE NIVEL II: MÓDULO I: Elementos curriculares: obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave…………pax.77.*
  - *Concreción dos obxectivos da materia…………pax.77.*
  - *Procedementos e Instrumentos de Avaliación e cualificación…………pax.86.*
  - *Avaliación Inicial…………pax.86.*
  - *Avaliación Ordinaria…………pax.87.*
  - *Avaliación Extraordinaria…………pax.87.*
  - *Instrumentos, procedementos e criterios de avaliación e cualificación…………pax.87.*
  - *Temporalización e secuenciación dos contidos…………pax.89.*

- *SOCIEDADE NIVEL II: MÓDULO II: Elementos curriculares: obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave…………pax.91.*
  - *Concreción dos obxectivos da materia…………pax.91.*
  - *Procedementos e Instrumentos de Avaliación e cualificación…………pax.99.*
  - *Avaliación Inicial…………pax.99.*
  - *Avaliación Ordinaria…………pax.100.*
  - *Avaliación Extraordinaria…………pax.100.*
  - *Instrumentos, procedementos e criterios de avaliación e cualificación…………pax.100.*
  - *Temporalización e secuenciación dos contidos…………pax.102.*

*5.- O BACHARELATO…………pax.103.*
- *Os obxectivos do Bacharelato…………pax.104.*
- *Contribución das materias ao desenvolvemento das competencias clave no Bacharelato…………pax.105.*
- *O Bacharelato de Adultos en réxime de semipresencialidade: unhas pequenas consideracións…………pax.106.*

- *2º CURSO DE BACHARELATO: HISTORIA DE ESPAÑA…………pax.107.*
  - *Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave…………pax.107.*
  - *Concreción dos obxectivos da materia…………pax.107.*
  - *Procedementos e Instrumentos de Avaliación e cualificación…………pax.131.*
  - *Avaliación Inicial…………pax.131.*
  - *Avaliación Ordinaria…………pax.131.*
  - *Avaliación Extraordinaria…………pax.132.*

    - Instrumentos, procedementos e criterios de avaliación e cualificación……………………………………………….……………..pax.132.
    - Temporalización e secuenciación dos contidos……………………………………………………………………….………..pax.134.
- 2º CURSO DE BACHARELATO: HISTORIA DA ARTE……………………………………………………………….…………..pax.136.
    - Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave……………………………………..pax.136.
    - Concreción dos obxectivos da materia……………………………………………………………………………………..pax.136.
    - Procedementos e Instrumentos de Avaliación e cualificación………………………………………………..……………..pax.165.
    - Avaliación Inicial………………………………………………………………………………………………………….....pax.165.
    - Avaliación Ordinaria………………………………………………………………………………………………….……..pax.166.
    - Avaliación Extraordinaria…………………………………………………………………………………………………..pax.166.
    - Instrumentos, procedementos e criterios de avaliación e cualificación……………………………………………..………..pax.166.
    - Temporalización e secuenciación dos contidos……………………………………………………………………………....pax.168.

- 2º CURSO DE BACHARELATO: XEOGRAFÍA DE ESPAÑA…………………………………………………………….…..pax.171.
    - Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave……………………………….…..pax.171.
    - Concreción dos obxectivos da materia……………………………………………………………………………………..pax.171.
    - Procedementos e Instrumentos de Avaliación e cualificación…………………………………………………………..…..pax.197.
    - Avaliación Inicial………………………………………………………………………………………………………….....pax.197.
    - Avaliación Ordinaria………………………………………………………………………………………………………....pax.198.
    - Avaliación Extraordinaria…………………………………………………………………………………………………..pax.198.
    - Instrumentos, procedementos e criterios de avaliación e cualificación………………………………………………..…..pax.198.
    - Temporalización e secuenciación dos contidos……………………………………………………………………..…..pax.200.

6.- Rúbricas de referencia para avaliar ao alumnado: criterios de avaliación para a corrección de exames, traballos escritos e caderno de clase……………………………………………………………………………………………………………...………..pax.202.
- Vocabulario……………………………………………………………………………………………………..…………..pax.202.
- Cuestións teóricas a desenvolver…………………………………………………………………………………………..pax.202.
- Composición Histórica……………………………………………………………………………………………...…..pax.203.
- Comentario dunha obra de arte……………………………………………………………………………...……..pax.203.
- Comentario dun práctico de xeografía……………………………………………………………...…………..pax.204.
- O Caderno de Clase………………………………………………………………………………………………….....pax.204.

7.- A Metodoloxía Didáctica…………..…………………………………………………………………….……………..pax.206.
- Na Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO) e na Ensinanza Secundaria de Adultos (ESA)……………………………….……………..pax.206.

- *No Bacharelato en réxime de diurno e de nocturno……………………………………………………………..…………………………….…..pax.208..*
    - *2º Curso de Bacharelato: Historia de España………………………………………………………………………………………………..pax.210.*
    - *2º Curso de Bacharelato: Historia da Arte……………………………………………………………………………………..……...pax.211.*
    - *2º Curso de Bacharelato: Xeografía de España………………………………………………………………………………………………...pax.213.*

*8.- Atención ao alumnado con materias pendentes………………………………………………………………………..…..pax.215.*
- *Alumnado de ESO e de Bacharelato con materias pendentes………………………………………………………...……………..pax.215.*

*9.- Medidas de atención á diversidade…………………………………………………………………………….…………..pax.216.*
- *Actividades de reforzo e ampliación…………………………………………………………………………………………………..pax.216.*
- *Alumnado con necesidades especiais educativas………………………………………………………………………………………...pax.216.*

*10.- Temas Transversais: Educación en valores……………………………………………………………….……………...pax.217.*

*11.- Materias e recursos didácticos…………………………………………………………………………………..……...pax.218.*

*12.- Contribución do departamento aos diferentes proxectos desenvolvidos no centro…………………………………….……………..pax.218.*

- *O Proxecto Lector…………………………………………………………………………………………………………..……...pax.218.*
- 
- *Contribución ao proxecto das Tics………………………………………………………………………..……………………..pax.223.*
- 
- *Contribución ao Proxecto Lingüístico…………………………………………………………………………..………...pax.224.*
- 
- *Contribución ao Plan de Convivencia…………………………………………...……………………………………………………..…..pax.224.*

*13.- Actividades Complementarias e Extraescolares……………………………………………………..………………...pax.225.*

*14.- Procedementos e Instrumentos para avaliar a Programación Didáctica, o proceso de ensino e a práctica docente…………….pax.226.*

## *1.- INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.-*

O *IES MANUEL CHAMOSO LAMAS* ubícase no lugar e parroquia de Santa María de Mesego (Concello do Carballiño) e escolariza a un alumnado da súa contorna rural (basicamente dos concellos de Boborás, Beariz e O Irixo) aínda que tamén recibe alumnos e alumnas do núcleo urbano do Carballiño. Conta cun horario de xornada partida e oferta o servizo de comedor ao alumnado da ESO de luns a xoves.

Dende o curso 1998/99 imparte ensinanzas para adultos na modalidade de semipresencial no nivel de bacharelato ( a partir das 6 da tarde). Esta oferta educativa ampliouse a partir do curso 2007/08 cunha Sección da Escola Oficial de Idiomas de Ourense, impartindo tódolos niveis contemplados en dita escola.

As ensinanzas que imparte son: 2 grupos de 1º ESO, 2 grupos de 2º ESO, tres grupos de 3º ESO e dous de 4º ESO; tres grupos de 1º BACH e dous de 2º BACH; CF M AUTOM, CF M ELECTR, CF M ADM, CF S ADM, Ciclo FP Dual de Soldadura e Caldeirería, FP BÁSICA, ESO AD, BACH ADUL e Escola de Idiomas.

Existe un nivel económico medio e medio-baixo entre as familias que escolarizan aos seus fillos/as neste centro. Hai algúns alumnos/as que presentan necesidades educativas específicas que deben ser atendidas mediante reforzos educativos puntuais e a elaboración de acis de xeito moi puntual.

O Departamento de Xeografía e Historia está integrado por tres docentes que imparten clases na ESO, no Bacharelato, na ESA e no Bacharelato de Adultos. Este curso contamos coa colaboración dun Profesor adscrito ao Departamento de Música que imparte as 6 horas de docencia en 1º ESO na materia de Xeografía e Histioria. A reunión de Departamento para este Curso 2022/2023 acordouse establecela os venres a 4ª hora na Sala de Estudo do profesorado.

## *2.- REFERENCIAS NORMATIVAS.-*

- *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).*
- *Orde do 26 de abril do 2007 pola que se ordenan e organizan as ensinanzas de Bacharelato para adultos a distancia na CCAA de Galicia (DOG do 8 de maio do 2007).*
- *Orde do 11 de xuño do 2010 pola que se autorizan as ensinanzas de educación para persoas adultas nas modalidades presencial e a distancia, en centros específicos de educación e promoción de adultos e institutos de educación secundaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 21 de xuño do 2010).*
- *Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico de Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).*
- *Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato (BOE do 29 de xaneiro do 2015).*
- *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29 de xuño do 2015).*
- *Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21 de xullo do 2015).*
- *Orden ECD/1941/2016, do 22 de decembro, pola que se determinan as características, o deseño e o contido da avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade.*
- *Orde do 20 de marzo do 2018 pola que se regula a Educación Básica para as persoas adultas e se establece o seu curriculo na CCAA de Galicia (DOG do 12 de abril do 2018).*
- *Orde do 25 de xaneiro do 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de Educación Primeria, de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato no sistema educativo de Galicia.*

## *3.- A EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO).-*

## *OS PRINCIPIOS XERAIS DA ESO:*

A Educación Secundaria Obrigatoria ten un carácter obrigatorio e gratuíto e constitúe, xunto coa Educación Primaria, a educación básica.

Na ESO prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado.

A ESO organízase de acordo cos principios da educación común e de atención á diversidade do alumnado. Estas medidas de atención á diversidade nesta etapa orientaranse a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos da ESO e á adquisición das competencias correspondentes, non podendo, en ningún caso, supor unha discriminación que lle impida acadar os devanditos obxectivos e competencias conducentes á obtención do título correspondente.

A finalidade da ESO é lograr que o alumnado adquira os elementos básicos da cultura, nomeadamente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar hábitos de estudo e de traballo; preparalo para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral, e formalo para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigas na vida como cidadán.

## *OS OBXECTIVOS DA ESO:*

A ESO contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan superar os seguintes obxectivos:

- Obxectivo a: Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre homes e mulleres como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- Obxectivo b: Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en grupo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe como medio de desenvolvemento persoal.
- Obxectivo c: Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles; Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social; Rexeitar os estereotipos que supuñan calquer tipo de discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- Obxectivo d: Fortalecer as súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- Obxectivo e: Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para adquirir novos coñecementos con sentido crítico; Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e de comunicación.
- Obxectivo f: Concebir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- Obxectivo g: Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en sí mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Obxectivo h: Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- Obxectivo i: Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- Obxectivo l: Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural; Coñecer persoas que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- Obxectivo k: Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social; Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade; Valorar criticamente os hábitos sociais vencellados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- Obxectivo l: Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas utilizando diversos medios de expresión e de representación.
- Obxectivo m: Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.
- Obxectivo n: Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia e como medio de relación interpersoal e expresión da riqueza cultural nun contexto plurilingüe que permite a comunicación con outras linguas, especialmente coas pertencentes á comunidade lusófana.

## *AS COMPETENCIAS CLAVE NA ÁREA DE COÑECEMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA:*

As materias contidas na Área de Coñecemento das Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, unen ao carácter instrutivo o elemento contextualizador axudando a centrar unha información dentro dunha perspectiva social.

### *A competencia social e cidadá (CSC):*

A Área de Ciencias Sociais resulta fundamental para o desenvolvemento desta competencia xa que facilita as relacións dentro dun modelo de sociedade cada vez máis plural, axudando a comprender a realidade social. É ben coñecido o papel que as CCSS xogaron na conformación das identidades sociais e territoriais. Así, na medida en que constrúen as categorías de tempo e espazo social permiten a construción do tempo e do espazo persoal do alumnado. Sen embargo, para que estas categorías se traduzan no desenvolvemento dunha competencia social crítica e posibiliten unha interacción responsable co medio, teñen que incorporar a visión de que o mundo en que vivimos é froito das decisións que tomaron os nosos devanceiros máis ou menos libremente. Esta visión lle permitirá ao alumnado adquirir a conciencia de que o futuro está condicionado polas nosas decisións e actuacións, e adoptar unha posición comprometida e responsable ante este.

### *A competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):*

Esta competencia facilita a comprensión e funcionamento das sociedades e organizacións sindicais e empresariais, tamén o deseño e a implementación dun plan así como o coñecemento das oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais. Presenta asemade a capacidade de análise, planificación, organización e xestión, adaptándonos aos cambios e á resolución de problemas. Dentro das nosa materia de estudo é fundamental a capacidade de comunicar, presentar, representar e negociar así como de facer avaliación e autoavaliación. A través desta competencia o alumnado debería actuar de forma creativa e imaxinativa, ser capaz do autocoñecemento e de potenciar a súa autoestima, ter iniciativa, intyerese, proactividade e innovación, tanto na súa vida privada e social como na profesional.

### *A competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC):*

Esta competencia supón apreciar, comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas materiais e inmateriais, utilizalas para o enriquecemento persoal e estimalas como elementos do patrimonio cultural do que dispoñemos e que é preciso preservar e conservar. A contribución da nosa área concrétase facilitando a selección e o coñecemento de obras de arte relevantes, ben polo seu significado na caracterización de estilos e artistas, ben como manifestacións culturais sobranceiras dunha determinada época e/ou sociedade.

### *A competencia dixital (CD):*

Na actualidade é innegable a importancia que ten a competencia no tratamento da información e a competencia dixital para a comprensión dos fenómenos socio-históricos, así como poder contar con certas habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. As Tics resultan imprescindibles na sociedade da información na que vivimos, aumentando as posibilidades de comunicación e axilizando os intercambios, mesmo poden propiciar formas de traballo cooperativo que barquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos, que son precisamente os que interesa coñecer desde esta área. En todo caso, debemos insistir en que a información é preciso saber utilizala xa que por si mesma non produce unha forma axeitada de coñecemento. Por iso, cómpre comprendela e integrala en esquemas previos de coñecemento e, ao mesmo tempo, capacitarse para a transmisión desta información do xeito máis eficaz posible.

### *A competencia lingüística (CCL):*

Na medida en que a linguaxe é un vehículo imprescindible de comunicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe, a competencia en comunicación lingüística resulta fundamental. A lingua é o principal instrtumento para organizar o pensamento, para aprender e para explicar. Co discurso lingüístico é posible describir, narrar, disertar e argumentar, así como adquirir un vocabulario preciso e específico das Ciencias Sociais que deberá asumir o alumnado, como tamén a capacidade para empregalo correctamente.

Esta competencia implica o dominio das habilidades de ler e escribir diferentes tipos de textos cada vez máis complexos que rersultan fundamentais como elementos de información social e histórica. Trátase de ser capaces de expoñer clara e sistematicamente as ideas, argumentando con rigor e precisión.

### *A competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):*

Esta competencia é fundamental para a comprensión espazo-temporal que terá que facer gradualmente o alumnado. Serve para cuantificar e tratar a información e axuda a obter consecuencias e conclusións, ao mesmo tempo que contribúe a facilitar a transformación entre os saberes teóricos, abstractos de por si, e os saberes prácticos e da vida real.

Na Área das Ciencias Sociais é necesario interpretar escalas numéricas e gráficas, así como comparar a información cuantitativa de táboas estatísticas, listaxes, gráficas/os e mapas. Tamén é necesario facer cálculos matemáticos sinxelos para comparar distancias, dimensións e diferencias horarias. Asimesmo, e sobre todo na materia de Xeografía, resulta necesario coñecer e aplicar coñecementos científicos básicos en relación coa Xeoloxía (estudo do relevo), a bioloxía (a noción de ecosistema e a súa importancia para a comprensión do mundo físico, a noción de evolución para a comprensión do proceso de hominización, por exemplo).

## *A competencia de aprender a aprender (CAA):*

A competencia para aprender a aprender supón iniciarse na aprendizaxe e continuala dun xeito autónomo. O obxectivo é ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe atopando respostas que se correspondan cun coñecemento racional, asumindo que poden ser diversas e que é posible atopalas dende distintas perspectivas metodolóxicas. Para asumir esta competencia é preciso tamén coñecer o que se sabe e o que queda por aprender, orientando os procesos de aprendizaxe ata as nosas capacidades.

## *2º CURSO ESO: XEOGRAFÍA E HISTORIA.-*

## *OS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE POR NIVEIS OU CURSOS NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:*

### *Concreción dos obxectivos para 2º ESO:*

- a) Obter e utilizar informacións relevantes sobre temas xeográficos e históricos de fontes variadas.
- b) Adquirir autonomía para tomar notas, consultar fontes escritas e acceder a bases de dartos sinxelas aproveitando as posibilidades das tecnoloxías da información.
- c) Elaborar de xeito individual ou colectivo traballos sinxelos e exposicións orais sobre temas da materia empregando un vocabulario específico.
- d) Manexar, interpretar e elaborar correctamente distintos tipos de mapas, esquemas, gráficos e táboas estatísticas.
- e) Coñecer o mapa físico e político do mundo nos seus trazos básicos e, en particular, o de España e Galicia.
- f) Identificar, localizar e analizar, a diferentes escalas, as características do medio físico e as interaccións que os grupos sociais establecen na utilización do espazo e dos seus recursos.
- g) Adquirir e empregar o vocabulario específico que ofrecen a Xeografía e a Historia.
- h) Percibir e describir os efectos ambientais das actividades humanas facendo un especial fincapé en Europa, España e Galicia.
- i) Comprender a singularidade do patrimonio natural, histórico e cultural galego.
- j) Datar os diferentes períodos históricos situándoos en diferentes eixes cronolóxicos.
- k) Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no mundo da historia, diferenciando períodos históricos.
- l) Coñecer os principais trazos sociais, económicos, políticos, culturais, espirituais e artísticos que caracterizaron á Europa Medieval observando a súa evolución ata a aparición do Estado Moderno.
- m) Situar no tempo e no espazo as diversas unidades políticas que coexistiron na Península Ibérica ao longo da Idade Media distinguindo as súas peculiaridades e recoñecendo na España actual exemplos da súa pegada histórica e artística sobre todo no ámbito urbano.
- n) Valorar a identidade do período medieval galego nos seus momentos fundamentais destacando o papel hexemónico que exerce a igrexa na economía, na cultura ou na articulación do poboamento.
- o) Identificar e localizar os principais estilos artísticos do Medievo os principais estilos artísticos do medievo e aplicar ese coñecemento á análise dalgunhas obras e autores representativos deses estilos.

Os estándares de aprendizaxe avaliables constitúen especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados da aprendizaxe concretando o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina científica. Deben der observables, medibles e avaliables, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzando. Tamén deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. O medio físico | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.1. Localización. Latitude e lonxitude. | ▪ B1.1. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | ▪ XHB1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.2. Características xerais do medio físico de España e de Galicia. | ▪ B1.2. Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais. | ▪ XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.3. Medio físico de España: relevo e hidrografía. | ▪ B1.3. Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos. | ▪ XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB1.3.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.4. Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía. | ▪ B1.4. Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos. | ▪ XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | | ▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.5. Clima: elementos e factores. Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia. | ▪ B1.5. Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego. | ▪ XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B1.6. Diversidade de paisaxes. Zonas bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia. | ▪ B1.6. Coñecer os principais espazos naturais de España e de Galicia. | ▪ XHB1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B1.7. Medio natural e problemas ambientais en España. | ▪ B1.7. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias. | ▪ XHB1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ ñ | | | | |
| | Bloque 2. O espazo humano | | | |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B2.1. Poboación mundial: modelos demográficos e movementos migratorios. | ▪ B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións. | ▪ XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.2. Poboación europea: distribución e evolución. | ▪ B2.2. Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación. | ▪ XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e | ▪ B2.3. Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios. | ▪ B2.3. Analizar as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios. | ▪ XHB2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ h | | | | ▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.4. Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios. | ▪ B2.4. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios | ▪ XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.5. Proceso de urbanización no planeta. | ▪ B2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións. | ▪ XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.6. A cidade e o proceso de urbanización europeo. | ▪ B2.6. Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e os seus contras en Europa. | ▪ XHB2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ ñ | ▪ B2.7. A cidade e o proceso de urbanización en España e en Galicia. | ▪ B2.7. Recoñecer as características das cidades españolas e galegas, e as formas de ocupación do espazo urbano. | ▪ XHB2.7.1. Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B2.8. Diversidade de medios naturais en España e en Galicia. | ▪ B2.8. Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular. | ▪ XHB2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, | ▪ CAA |

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ ñ | | | que reflictan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B2.9. Paisaxes no territorio español e galego. | ▪ B2.9. Identificar as principais paisaxes humanizadas españolas e galegas, e identificalas por comunidades autónomas. | ▪ XHB2.9.1. Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B2.10. Principais retos e problemas ambientais en España. | ▪ B2.10. Coñecer e analizar os problemas e os retos ambientais que afronta España, a súa orixe e as posibles vías para afrontar estes problemas. | ▪ XHB2.10.1. Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | Bloque 3. A historia | | | |
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia. | ▪ B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. | ▪ XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.2. Fontes históricas. | ▪ B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas. | ▪ XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.3. Cambio e continuidade. | ▪ B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. | ▪ XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.4. Tempo histórico. | ▪ B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | ▪ XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| ▪ l<br>▪ h<br>▪ ñ | ▪ B3.5. Vocabulario histórico e artístico. | ▪ B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | ▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ g<br>▪ l | ▪ B3.6. Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixa Idade Media). | ▪ B3.6. Caracterizar a alta Idade Media en Europa e recoñecer a dificultade da falta de fontes históricas neste período. | ▪ XHB3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d | ▪ B3.7. Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. Imperio Bizantino e reinos xermánicos. | B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos. | ▪ XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos | ▪ CSC<br>▪ CAA |

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g<br>▪ l | | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ l | ▪ B3.8. Feudalismo. | ▪ B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias. | ▪ XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B3.9. Islam. Península Ibérica: invasión musulmá. Evolución de Al-Andalus e dos reinos cristiáns. | ▪ B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais. | ▪ XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B3.10. Reconquista e repoboación. | ▪ B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus. | ▪ XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ l | ▪ B3.11. Expansión comercial europea e recuperación das cidades. Crise da baixa Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencias. | ▪ B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais. | ▪ XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas. | ▪ CSC |

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l<br>▪ h<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B3.12. Arte románica, gótica e islámica. | ▪ B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media. | ▪ XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |

## *PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.-*

A avaliación terá en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo: as competencias básicas, os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.

### *AVALIACIÓN INICIAL.-*

A primeira quincena de clases comezarase cunha avaliación inicial oral ou/e escrita como toma de contacto co alumnado para detectar calquera tipo de problemas ou carencias educativas e de aprendizaxe no que toca a actitudes, coñecementos, vocabulario, expresión, etc.

A avaliación inicial facilítanos un coñecemento moi significativo sobre o grupo de referencia en cuestión e ademais tamén nos nos proporciona información substantiva sobre diversos aspectos individuais dos nosos alumnos e alumnas que nos permitirá:

- Identificar ao alumnado que necesita un maior seguimento ou adaptación de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica.
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos para cada grupo favorecendo a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.

- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe, especialmente, co titor.

## *AVALIACION ORDINARIA:*

Ao longo do curso están programadas tres sesións de avaliación parciais correspondéndose cadansúa cun trimestre. A última delas non coincidirá coa avaliación final ordinaria do mes de xuño polo que o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final (do 5 ao 21 de xuño do 2023) dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

## *INSTRUMENTOS, PROCEDEMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.-*

O principal instrumento de avaliación será ***o exame*** que ***suporá un 80% da nota,*** tendo en conta os seguintes aspectos:

- Comentarios de textos, mapas históricos, tábos estatísticas, gráficas, etc
- Comentarios de mapas xeográficos, climogramas, mapas do tempo, cliseries, etc
- Localización de elementos xeográficos sobre bases cartográficas específicas, etc.
- Cuestións teóricas sobre temas concretos ou conceptos.
- Definición de vocabulario específico tanto de xeografía como de historia.
- Identificación e caracterización de persoaxes históricos ou acontecementos de gran significación histórica.
- Cuestións tipo test sobre diferentes aspectos xeográficos, acontecementos ou persoeiros históricos.

Nas probas escritas todas as cuestións irán numeradas especificándose a valoración de cada unha delas e valorarase especialmente unha correcta capacidade discursiva. ***Como mínimo realizarase un exame por avaliación.***

***De xeito complementario tamén se terá en conta a realización de traballos individuais ou en equipo*** sobre cuestións xeográficas e históricas determinadas así como a elaboración de fichas bibliográficas, comentarios de textos e de noticias xornalísticas, cartografía xeográfica e histórica, táboas estatísticas, gráficas, etc, probas orais de aula, lectura comprensiva, comentarios de recursos audiovisuais, seguimento do caderno de clase, etc ***podendo sumar por estes conceptos ata un 20% da nota final.***

A boa presentación, corrección, comprensión, orde e puntualidade serán criterios determinantes á hora de valorar positivamente todos estes traballos. Tamén se terá moi en conta o emprego dun rexistro lingüístico formal e culto, esforzándose por empregar a terminoloxía específica das Ciencias Sociais.

No caso da elaboración de traballos deberase evitar en todo momento o corta/pega tradicional, debendo citar correctamente a bibliografía/webgrafía ou fontes documentais consultadas (textuais, gráficas, cartográficas ou fotográficas, etc) incidindo na súa autoría e procedencia.

Os intentos de engano, fraude, ou copia na realización ou elaboración de calquera proba implicará que a devandita proba sexa cualificada cunha puntuación de 0 puntos.

No caso de que a avaliación numérica resultante presentase decimais a ponderación cara a nota seguinte estableceríase a partir de 0,7 (O alumnado que iguale ou supere o devandito 0,7 pondería cara a nota seguinte: 5,7 = 6; 6,7 = 7, etc).

Para obter unha cualificación positiva na avaliación final a media aritmética das tres avaliacións parciais deberá ser igual ou superior a 5. ***As recuperacións*** serán as determinadas polo profesor despois de cada trimestre.

Aqueles alumnos/as que non obteñan unha cualificacíon positiva deberán adicar o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final (do 5 ao 21 de xuño do 2023) a actividades recuperación daquelas competencias e estándares de aprendizaxe non superados a través das correspondentes probas escritas (ou orais) (80% da nota) e traballos programados polo docente (boletíns de actividades). Tamén se lle ofertará a realización das actividades de apoio, reforzo ou ampliación cuxa puntuación obtida (entre 0-1 punto) se sumará á cualificación final resultante sempre e cando a materia sexa aprobada.

Aqueles alumnos/as que si obteñan unha cualificacíon positiva deberán adicar o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final (do 5 ao 21 de xuño do 2023) á realización de actividades de apoio, reforzo ou ampliacións daquelas competencias e estándares de aprendizaxe programados polo docente podendo sumar á nota da avaliación final (resultante da media aritmética das tres avaliacións parciais) ata un máximo dun punto (0-1 punto). Como criterio de cualificación non se manterá a norma de ponderar cara a nota seguinte a partir do 0,7.

No caso de que houbera alumnos/as que non puideran asistir ao centro por efecto da COVID-19 artellarase un sistema alternativo e complementario de avaliación individualizada. Neste contexto, podería ser contemplada a posibilidade de adiar os exames non realizados ou ben ser substituídos pola entrega de actividades e traballos a través da aula virtual ou do correo electrónico. Para a cualificación valoraríase:

- A presentación das actividades e traballos propostas, en tempo e forma, e a corrección dos mesmos.
- Tendo en conta a situación de excepcionalidade valoraranse sempre de forma personalizada e flexible as circunstancias propias de cada alumno, buscando o máis favorable para eles.

Naquel alumnado que presente dificultades de aprendizaxe significativas (leves ou máis agravadas) deberán adaptárselle os contidos e recursos materiais subministrados, as diferentes probas escritas e orais e todo tipo de traballos individualizados de aula ou

para realizar na casa, sempre en función das prescripcións educativas suxeridas pola figura do/a Orientador/a, do/a Profesora Terapeuta e do propio docente en cuestión.

## *TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS:*

### *1ª AVALIACION:*

- *O inicio da Idade Media.*
- *A Europa feudal.*
- *O desenvolvemento das cidades na Idade Media.*
- *A cultura e a arte na Idade Media.*

### *2ª AVALIACIÓN:*

- *Al-Andalus.*
- *Os Reinos Cristiáns hispánicos.*
- *O estudo físico de España e Galicia.*
- *A poboación no mundo.*

### *3ª AVALIACIÓN:*

- *As cidades.*
- *O continente europeo: a poboación e as cidades.*

- *España e Galicia: organización territorial, poboación e cidades.*

Esta temporalización será orientativa e flexible dependendo das diferentes ciscunstancias condicionantes que poidan afectar ao proceso de ensinanza-aprendizaxe ao longo do curso, sen perder de vista a situación post covid na que aínda estamos inmersos.

## *4º CURSO ESO: XEOGRAFÍA E HISTORIA.-*

## *OS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE POR NIVEIS OU CURSOS NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:*

### *Concreción dos obxectivos para 4º ESO:*

- a) Recoñecer os mecanismos esenciais que rexen o funcionamento dos feitos sociais e económicos dentro da nosa sociedade e saber analizar os problemas máis urxentes das sociedades contemporáneas.
- b) Adquirir e utilizar con precisión o vocabulario específico da materia.
- c) Relacionar informacións procedentes de fontes de diversa orixe.
- d) Coñecer a Europa da Ilustración e o pensamento ilustrado, as novas ideas políticas e económicas, a Revolución Francesa, a Europa da Restauración e as Revolucións Liberais, prestando unha especial atención a España e a Galicia.
- e) Entender o significado das reformas na España do S. XVIII.
- f) Coñecer as bases da Revolución Industrial, a organización do movemento obreiro e as novas ideoloxías revolucionarias.
- g) Analizar as particularidades políticas, económicas e sociais da Galicia do século XIX.
- h) Explicar as causas da espansión colonial, da 1ª Guerra Mundial e as súas consecuencias en Europa.
- i) Coñecer as características principais do período de entreguerras salientado a Revolución Rusa, o Crack da Bolsa de Nova Iorque en 1929 e a Gran Depresión e o ascenso do Fascismo en Italia e o Nazismo en Alemaña.
- j) Entender os feitos históricos principais do 1º terzo do século XX en España coas súas causas e consecuencias máis importantes: a crise do sistema da Restauración, a proclamación da II República e o estourido da Guerra Civil.
- k) Explicar as causas e as consecuencias da Segunda Guerra Mundial.
- l) Identificar e analizar os aspectos máis significativos do mundo bipolar e do seu final.
- m) Explicar as razóns da Globalización económica e identificar ás distintas áreas xeopolíticas, económicas e culturais do mundo incidindo nos desequilibrios que as diferencian.
- n) Explicar o Galeguismo, o Rexurdimento literario do século XIX e o nacionalismo galego.
- ñ) Identificar e explicar os aspectos económicos, políticos e sociais da ditadura franquista.
- o) Analizar as causas e consecuencias da emigración dos anos 60 en España e Galicia.
- p) Explicar os distintos mecanismos de participación da cidadanía no sistema político español actual.
- q) Identificar e caracterizar as principais correntes artrísticas desenvolvidas ao longo do século XX.
- r) Avaliar o impacto das novas tecnoloxías da información e a comunicación no acceso á información, o fluxo de capitais e o comercio mundial.

- s) Analizar os problemas derivados do desigual acceso á riqueza no mundo e reflexionar sobre a actuación dos organismois que tratan de loitar contra a pobreza.
- t) Adquirir e utilizar o vocabulario específico da historia con precisión e rigor.

Os estándares de aprendizaxe avaliables constitúen especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados da aprendizaxe concretando o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina científica. Deben der observables, medibles e avaliables, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzando. Tamén deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

| | Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789 | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B1.1. Século XVIII en Europa: do feudalismo ao absolutismo e o parlamentarismo das minorías. Francia, Inglaterra, España e Galicia. | ▪ B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico. | ▪ XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo. GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ f<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B1.2. Ilustración. | ▪ B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América. | ▪ XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B1.3. Arte e ciencia en Europa no século XVIII. | ▪ B1.3. Coñecer os avances da Revolución Científica desde os séculos XVII e XVIII. | ▪ XHB1.3.1. Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB1.3.2. Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 2. A era das revolucións liberais | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d | ▪ B2.1. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: bases ideolóxicas (liberalismo,nacionalismo e rexionalismo), económicas e sociais; principais | ▪ B2.1. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX. | ▪ XHB2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | consecuencias. | | ▪ XHB2.1.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B2.2. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: periodización e feitos principais. Restauración. Procesos unificadores e independentistas. O caso español | ▪ B2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX. | ▪ XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB2.2.3. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | Bloque 3. A Revolución Industrial | | | |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.1. Revolución Industrial: concepto; factores económicos, sociais e ideolóxicos que a fan posible. | ▪ B3.1. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal. | ▪ XHB3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.2. Revolución Industrial: desde Gran Bretaña ao resto de Europa. | ▪ B3.2. Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios. | ▪ XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB3.2.1. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a | ▪ B3.3. Consecuencias da Revolución Industrial. | ▪ B3.3. Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e | ▪ XHB3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil | ▪ CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ m | Movemento obreiro (orixes, ideoloxías e formas de organización). | os avances que leva consigo. | nas cidades industriais. | ▪ CSIEE<br>▪ CCL |
| ▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.4. Discusión en torno ás características da industrialización en España e Galicia: éxito ou fracaso? | ▪ B3.4. Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país. | ▪ XHB3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC |
| ▪ g<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B3.5. A ciencia no século XIX. | ▪ B3.5. Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, e a súa relación coas revolucións industriais | ▪ XHB3.5.1. Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial | | | |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.1. O imperialismo no século XIX: concepto. | ▪ B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX. | ▪ XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB4.1.2. Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ g<br>▪ l | ▪ B4.2. Imperialismo: causas, desenvolvemento e consecuencias. | ▪ B4.2. Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo. | ▪ XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.3. Causas e consecuencias da Gran Guerra (1914-1919) ou I Guerra Mundial. | ▪ B4.3. Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles. | ▪ XHB4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB4.3.2. Analiza o novo mapa político de Europa.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | ▪ XHB4.3.3. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.4. Revolución Rusa. | ▪ B4.4. Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa. | ▪ XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B4.5. A arte no século XIX. | ▪ B4.5. Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa. | ▪ XHB4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ XHB4.5.2. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | Bloque 5. A época de entreguerras (1919-1945) | | | |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B5.1. Período de entreguerras: do final da Gran Guerra ao crac do 29 e a Gran Depresión. | ▪ B5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época. | ▪ XHB5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB5.1.2. Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller. | ▪ CSC<br>▪ CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B5.2. Fascismo italiano e nazismo alemán. | ▪ B5.2. Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa. | ▪ XHB5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B5.3. II República española e a Guerra Civil. | ▪ B5.3. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil | ▪ XHB5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | Bloque 6. As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945) | | | |
| ▪ g<br>▪ l | ▪ B6.1. Orixes da II Guerra Mundial. | ▪ B6.1. Coñecer as causas da II Guerra Mundial. | ▪ XHB6.1.1. Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas).GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B6.2. Desenvolvemento da II Guerra Mundial: extensión, fases, formas de guerra e principais consecuencias. | ▪ B6.2. Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total. | ▪ XHB6.2.1. Sitúa nun mapa as fases do conflito.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB6.2.2. Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a | ▪ B6.3. O Holocausto. | ▪ B6.3. Entender o contexto en que se desenvolveu o | ▪ XHB6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na | ▪ CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ d<br>▪ l | | Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias. | historia mundial.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B6.4. Nova xeopolítica mundial: Guerra Fría e plans de reconstrución posbélica. | ▪ B6.4. Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS. | ▪ XHB6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB6.4.2. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B6.5. Procesos de descolonización en Asia e África. | ▪ B6.5. Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual. | ▪ XHB6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB6.5.2. Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947). | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | Bloque 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do bloque soviético | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B7.1. Evolución dos bloques soviético e capitalista. O "Welfare State". | ▪ B7.1. Entender os avances económicos dos réximes soviéticos e os perigos do seu illamento interno, así como os avances económicos do "Welfare State" en Europa. | ▪ XHB7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado. | ▪ CSC |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B7.2. Crise do petróleo (1973). | ▪ B7.2. Comprender o concepto de crise económica e a súa repercusión mundial nun caso concreto. | ▪ XHB7.2.1. Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a | ▪ B7.3. Ditadura de Franco en España. | ▪ B7.3. Explicar as causas de que se establecera unha | ▪ XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión | ▪ CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | | ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975. | en España, así como as fases da ditadura de FrancoGRAO MÍNIMO-BÁSICO | |
| | | | ▪ XHB7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | Bloque 8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ l | ▪ B8.1. Formas económicas e sociais do capitalismo no mundo. | ▪ B8.1. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial. | ▪ XHB8.1.1. Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB8.1.2. Comprende os proles e contras do estado do benestar. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B8.2. Colapso dos réximes soviéticos e as súas consecuencias. | ▪ B8.2. Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas. | ▪ XHB8.2.1. Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B8.3. Transición política en España: da ditadura á democracia (1975-1982). | ▪ B8.3. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso. | ▪ XHB8.3.1. Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomíasGRAO MÍNIMO-BÁSICO, etc. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB8.3.3. Analiza o problema do terrorismo en España | ▪ CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc. GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B8.4. Camiño cara a Unión Europea: desde a unión económica a unha futura unión política supranacional. | ▪ B8.4. Entender a evolución da construción da Unión Europea. | ▪ XHB8.4.1. Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | Bloque 9. A Revolución Tecnolóxica e a globalización a finais do século XX e principio do XXI | | | |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B9.1. A globalización económica: concepto e características. | ▪ B9.1. Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores. | ▪ XHB9.1.1. Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra. | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ XHB9.1.2. Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B9.2. Papel da Revolución Tecnolóxica na globalización. | ▪ B9.2. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a Revolución Tecnolóxica. | ▪ XHB9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B9.3. Consecuencias da globalización. Relacións interrexionais; focos de conflito. | ▪ B9.3. Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo | ▪ XHB9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización. | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ l<br>▪ m<br>▪ ñ | | globalizado. | | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía | | | |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B10.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía. | ▪ B10.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. | ▪ XHB10.1.1. Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB10.1.2. Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B10.2. Cambio e continuidade. | ▪ B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. | ▪ XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B10.3. Tempo histórico. | ▪ B10.3. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | ▪ XHB10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B10.4. Vocabulario histórico e artístico: Idade Contemporánea. | ▪ B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | ▪ XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CCL |

| ▪ ñ | | | | |
|---|---|---|---|---|

## PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.-

A avaliación terá en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo: as competencias básicas, os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.

## AVALIACIÓN INICIAL.-

A primeira quincena de clases comezarase cunha avaliación inicial oral ou/e escrita como toma de contacto co alumnado para detectar calquera tipo de problemas ou carencias educativas e de aprendizaxe no que toca a actitudes, coñecementos, vocabulario, expresión, etc.

A avaliación inicial facilítanos un coñecemento moi significativo sobre o grupo de referencia en cuestión e ademais tamén nos nos proporciona información substantiva sobre diversos aspectos individuais dos nosos alumnos e alumnas que nos permitirá:

- Identificar ao alumnado que necesita un maior seguimento ou adaptación de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica.
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos para cada grupo favorecendo a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe, especialmente co titor.

## AVALIACION ORDINARIA:

Ao longo do curso están programadas tres sesións de avaliación parciais correspondéndose cadansúa cun trimestre. A última delas non coincidirá coa avaliación final ordinaria do mes de xuño polo que o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final (do 5 ao 21 de xuño do 2023) dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

## *INSTRUMENTOS, PROCEDEMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.-*

O principal instrumento de avaliación será ***o exame*** que ***suporá un 80% da nota,*** tendo en conta os seguintes aspectos:

- Comentarios de textos, mapas históricos, tábos estatísticas, gráficas, etc
- Cuestións teóricas sobre temas concretos ou conceptos.
- Definición de vocabulario específico de historia.
- Identificación e caracterización de persoaxes históricos ou acontecementos de gran significación histórica.
- Cuestións tipo test sobre diferentes acontecementos ou persoeiros históricos.

Nas probas escritas todas as cuestións irán numeradas especificándose a valoración de cada unha delas e valorarase especialmente unha correcta capacidade discursiva. ***Como mínimo realizarase un exame por avaliación.***

***De xeito complementario tamén se terá en conta a realización de traballos individuais ou en equipo*** sobre cuestións xeográficas e históricas determinadas así como a elaboración de fichas bibliográficas, comentarios de textos e de noticias xornalísticas, cartografía xeográfica e histórica, táboas estatísticas, gráficas, etc, probas orais de aula, lectura comprensiva, comentarios de recursos audiovisuais, seguimento do caderno de clase, etc ***podendo sumar por estes conceptos ata un 20% da nota final.***

A boa presentación, corrección, comprensión, orde e puntualidade serán criterios determinantes á hora de valorar positivamente todos estes traballos. Tamén se terá moi en conta o emprego dun rexistro lingüístico formal e culto, esforzándose por empregar a terminoloxía específica das Ciencias Sociais.

No caso da elaboración de traballos deberase evitar en todo momento o corta/pega tradicional, debendo citar correctamente a bibliografía/webgrafía ou fontes documentais consultadas (textuais, gráficas, cartográficas ou fotográficas, etc) incidindo na súa autoría e procedencia.

Os intentos de engano, fraude, ou copia na realización ou elaboración de calquera proba implicará que a devandita proba sexa cualificada cunha puntuación de 0 puntos.

No caso de que a avaliación numérica resultante presentase decimais a ponderación cara a nota seguinte estableceríase a partir de 0,7 (O alumnado que iguale ou supere o devandito 0,7 pondería cara a nota seguinte: 5,7 = 6; 6,7 = 7, etc).

Para obter unha cualificación positiva na avaliación final a media aritmética das tres avaliacións parciais deberá ser igual ou superior a 5. ***As recuperacións*** serán as determinadas polo profesor despois de cada trimestre.

Aqueles alumnos/as que non obteñan unha cualificacíon positiva deberán adicar o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final (do 5 ao 21 de xuño do 2023) a actividades recuperación daquelas competencias e estándares de aprendizaxe non superados a través das correspondentes probas escritas (ou orais) (80% da nota) e traballos programados polo docente (boletíns de actividades). Tamén se lle ofertará a realización das actividades de apoio, reforzo ou ampliación cuxa puntuación obtida (entre 0-1 punto) se sumará á cualificación final resultante sempre e cando a materia sexa aprobada.

Aqueles alumnos/as que si obteñan unha cualificacíon positiva deberán adicar o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final (do 5 ao 21 de xuño do 2023) á realización de actividades de apoio, reforzo ou ampliacións daquelas competencias e estándares de aprendizaxe  programados polo docente podendo sumar á nota da avaliación final (resultante da media aritmética das tres avaliacións parciais) ata un máximo dun punto (0-1 punto). Como criterio de cualificación non se manterá a norma de ponderar cara a nota seguinte a partir do 0,7.

No caso de que houbera alumnos/as que non puideran asistir ao centro por efecto da COVID-19 artellarase un sistema alternativo e complementario de avaliación individualizada. Neste contexto, podería ser contemplada a posibilidade de adiar os exames non realizados ou ben ser substituídos pola entrega de actividades e traballos a través da aula virtual ou do correo electrónico. Para a cualificación valoraríase:

- A presentación das actividades e traballos propostas, en tempo e forma, e a corrección dos mesmos.
- Tendo en conta a situación de excepcionalidade valoraranse sempre de forma personalizada e flexible as circunstancias propias de cada alumno, buscando o máis favorable para eles.

Naquel alumnado que presente dificultades de aprendizaxe significativas (leves ou máis agravadas) deberán adaptárselle os contidos e recursos materiais subministrados, as diferentes probas escritas e orais e todo tipo de traballos individualizados de aula ou para realizar na casa, sempre en función das prescripcións educativas suxeridas pola figura do/a Orientador/a, do/a Profesora Terapeuta e do propio docente en cuestión.

## *TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS:*

### *1ª AVALIACION:*

- *A crise do Antigo Réxime.*

- *A Revolución Industrial e os cambios sociais.*
- *As revolucións liberais e os nacionalismos.*
- *España no século XIX.*

***2ª AVALIACIÓN:***

- *O Imperialismo, a 1ª Guerra Mundial e a Revolución Rusa.*
- *O Mundo no período de entreguerras.*
- *A Segunda Guerra Mundial.*
- *España: da crise do 98 á Guerra Civil.*

***3ª AVALIACIÓN:***

- *A Guerra Fría*
- *A Descolonización e o Terceiro Mundo*
- *O Mundo dende 1945 ata a actualidade*
- *España: da ditadura á democracia*

Esta temporalización será orientativa e flexible dependendo das diferentes ciscunstancias condicionantes que poidan afectar ao proceso de ensino-aprendizaxe ao longo do curso, cando máis, nunha situación excepcional de pandemia sanitaria como a que estamos vivindo.

## *4.- A ENSINANZA SECUNDARIA DE ADULTOS (ESA)*

### *INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.-*

A Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, que modifica distintos aspectos da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, considera a educación como unha aprendizaxe permanente que se desenvolve ao longo de toda a vida. En consonancia con este principio a Lei dedica o capítulo IX do seu título I ás educación das persoas adultas establecendo (artigo 66) que esa educación ten como finalidade ofrecer a tódolos/as persoas maiores de dezaoito anos a posibilidade de adquirir, actualizar, completar ou ampliar os seus coñecementos e aptitudes para o seu desenvolvemento persoal e profesional. A devandita Lei tamén enumera os obxectivos da educacion de adultos entre os que salientan: adquirir a formación básica, facilkitar o acceso aos diferentes niveis do sistema educativo, mellorar a cualificación profesional, desenvolver a participación na vida social e correxir os riscos da exclusión social.

No punto 2 do artigo 67, a mencionada lei orgánica establece que a organización e a metodoloxía destas ensinanzas basearanse na autoaprendizaxe, tendo en conta as experiencias, necesidades e intereses das persoas adultas, podendo desenvolverse a través do ensino presencial e semiprensencial, ou sexa, a distancia. No punto 7 do referido artigo afírmase tamén que as ensinanzas das persoas adultas organizaranse cunha metodoloxía flexible e aberta, de modo que respondan ás súas capacidades, necesidades e intereses; por último, no seu artigo 68, establécese que as persoas adultas que desexen adquirir as competencias e os coñecementos correspondentes á educación básica contarán cunha oferta adaptada ás súas condicións e necesidades.

O ámbito social ten como finalidade que o alumnado perciba, interprete e describa axeitadamente o mundo actual. O logro deste fin implica a progresiva adquisición de habilidades para acceder á información e realizar unha elaboración persoal do coñecemento, observar a realidade, adoptar criterios válidos para a toma de decisións, desenvolverse con autonomía e iniciativa persoal e relacionarse positivamente cos demais, amosando actitudes de responsabilidade e respecto que contribúan a mellorar a súa calidade de vida e o

benestar colectivo. O entendemento  que todo iso require deriva do coñecemento do espazo onde se desenvolven as sociedades, así como a comprensióin da sociedade, da súa organización e do seu funcionamento ao longo do tempo.

***OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA ADULTOS.-***

A educación básica para persoas adultas pretende desenvolver aquelas capacidades que lles permitan:

- a) Formarse unha imaxe adecuada de si mesmos, das súas características e posibilidades, valorando a súa experiencia, o esforzo e a superación das dificultades.
- b) Mostrar actitudes solidarias e tolerantes, valorando as situacións en que se deben realizar proxectos comúns e rexeitando todo tipo de discriminacións debidas á raza, ao sexo, á clase social, ás crenzas e a outras características individuais, sociais e culturais.
- c) Analizar os mecanismos e valores que rexen o funcionamento das sociedades, en especial aqueles relativos aos dereitos e deberes dos cidadáns, elaborar xuízos e criterios persoais, con liberdade de pensamento e iniciativa.
- d) Valorar criticamente as crenzas, actitudes e valores básicos da nosa tradición e patrimonio e doutras existentes, discernindo a súa validez.
- e) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- f) Desenvolver e consolidar o espírito emprendedor e a confianza en sí mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisiópns e asumir responsabilidades.
- g) Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade nas linguas galega e castelá e nunha lingua estranxeira, utilizándoas para a participación activa e plena na sociedade.

- h) Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos, co obxectivo de enriquecer as súas posibilidades de comunicación tanto no ámbito cultural como laboral.
- j) Obter e seleccionar información utilizando as diferentes fontes nas que esta se atopa, incluídas aquelas que proporcionan as tecnoloxías da información e comunicación, tratala de forma autónoma e crítica e trasmitila de maneira organizada e intelixible.
- j) Utilizar estratexias de identificación e resolución de problemas nos diversos campos de coñecemento e de experiencia mediante procedementos intuitivos e de razoamento lóxico, contrastándoas e reflexionando sobre o proceso seguido.
- k) Analizar os mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio físico, valorar as repercusións que sobre el teñen as actividades humanas e contribuír activamente á súa defensa, conservación e mellora como elemento determinante da calidade de vida.
- l) Coñecer e valorar o desenvolvemento científico e tecnolóxico, as súas aplicacións e a incidencia no medio físico e social.
- m) Coñecer e apreciar o patrimonio natural e cultural, sobre todo o de Galicia, e contribuír activamente á súa conservación e mellora.
- n) Entender a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e dos individuos á súa identidade, desenvolvendo unha actitude de interese e respecto para o exercicio deste dereito, en especial no referente ao uso da lingua galega.
- o) Valorar as consecuencias dos actos e decisións persoais na saúde individual e colectiva así como os beneficios que supoñen os hábitos saudables.
- p) Combinar a cualificación técnica e profesional adquirida cun comportamento social e coa capacidade de afrontar e solucionar problemas.

## *CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.-*

As principais achegas desta materia á obtención das competencias clave de aprendizaxe son:

- ***COMPETENCIA DE COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL).-*** A aprendizaxe deste ámbito social require a interacción social, a interpretación e expresión da concepción do mundo sendo esencial o desenvolvemento da competencia lingüística. O alumnado adquire coñecementos sobre a organización e o funcionamento da sociedade en que vive á vez que se familiariza con diferentes estilos comunicativos formais. A consecución dos estándares de aprendizaxe propostos require a práctica de distintas destrezas adquiridas ao longo da vida mediante o uso da lingua, que implican o manexo de diferentes modalidades de comunicación e o acceso a múltiples soportes de información, con textos en varios formatos, nos cales se empregan diversas linguaxes e sistemas de representación, tendo sempre presente que a linguaxe é un instrumento humano básico porque permite razoar e argumentar dun xeito crítico.

- ***COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT).-*** O desenvolvemento do ámbito social contribúe á adquisición da competencia matemática xa que o alumnado ten que aplicar procesos de razoamento lóxico para comprender o funcionamento básico do sistema económico e político actual así como elaborar plans de acción que permitan alcanzar obxectivos persoais e profesionais e mellorar a calidade de vida. Ademais, fomenta a capacidade crítica e a aptitude apropiada para a elaboración de xuízos fundados ao abordar problemas cotiáns. Tanto a interpretación de acontecementos e fenómenos como a experimentación no ámbito das ciencias sociais implican a comprensión e o manexo do sistema numérico, a realización de cálculos, a estimación e o cálculo de magnitudes, a situación no espazo, o tratamento e a representación da información e a valoración do azar e da probabilidade. Necesitan a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos nos seus respectivos contextos, demostrando os resultados matemáticos e valorando as solucións pola súa fiabilidade e veracidade. Así mesmo, favorecen o incremento de destrezas para abordar a incerteza, o tratamento dos datos e os razoamentos cualitativos e cuantitativos de maneira lóxica e argumentada para establecer relacións, para deducir conclusións coherentes ben fundamentadas a problemas cotiáns e para ampliar actitudes relacionadas coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia, como a conservación dos recursos naturais e outras cuestións ambientais. Todo iso contribúe ao desenvolvemento das capacidades necesarias para xerar coñecemento intrínseco ao método de investigación das ciencias sociais.

- ***COMPETENCIA DIXITAL (CD).-*** O estudo das ciencias sociais implica necesariamente o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación e, por tanto, leva ao incremento das habilidades de procura, selección e compilación de información e a desenvolver unha actitude crítica para analizar e interpretar a validez e fiabilidade do contido co fin de resolver

problemas, avaliar novas fontes de información e motivar a curiosidade polo coñecemento. Ademais, este ámbito social contribúe á ampliación de capacidades comprendidas na competencia dixital para seleccionar os soportes máis apropiados para observar, elaborar hipóteses, informarse, experimentar, solucionar todo tipo de problemas, executar as tarefas técnicas adecuadamente e elaborar conclusións ben fundamentadas. Propón aprendizaxes mediante o uso dos diferentes recursos das tecnoloxías da información e da comunicación de maneira responsable, fiable e segura, tanto para resolver problemas como para producir novos contidos e comunicalos.

- ***COMPETENCIA APRENDER A APRENDER (CAA).-*** A metodoloxía didáctica propia do ensino deste ámbito social prepara para formarse permanentemente ao longo da vida mediante propostas que permiten ao alumnado aprender a observar e expor cuestións sobre a realidade, a informarse, a estudar, a realizar unha elaboración persoal do coñecemento, a reflexionar e a responder ás cuestións que se formulan na súa vida cotiá. Todo iso esperta a curiosidade, incrementa a motivación para incorporar novos coñecementos e facilita a execución de estratexias metacognitivas para unha aprendizaxe autónoma eficiente. Desenvolver proxectos específicos das ciencias sociais axuda a conseguir un nivel relevante en autonomía e eficacia da propia aprendizaxe, ao que se chega mediante traballos individuais e grupais. A formación en diferentes áreas do saber científico require un proceso introspectivo para valorar e relacionar os intereses e coñecementos previos con novos saberes e empregar todas as estratexias de estudo e traballo aprendidas: escoita activa, lectura, comprensión, análise, síntese, estruturación da información, elaboración persoal do saber, aplicación do coñecemento etc.

- ***COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA (CSC).-*** A análise e a reflexión sobre os contidos do ámbito social contribúen a afianzar a capacidade de identificar, interpretar, apreciar e axuizar acontecementos, feitos, fenómenos, comportamentos, hábitos e valores para relacionarse socialmente mediante o diálogo, a cooperación e a participación a nivel local, nacional e europeo. Implican a toma de decisións ben fundamentadas e argumentadas para a comprensión e expresión de diferentes puntos de vista. Potencian actitudes inspiradas no exercicio da liberdade, o respecto, a tolerancia, a igualdade e a non discriminación. Deste xeito, a persoa prepárase para participar na actividade social e cívica de acordo con valores socialmente establecidos, axudándoselle a tomar conciencia democrática.

- ***COMPETENCIA SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE).-*** As tarefas necesarias para dar sentido aos contidos do ámbito social fomentan a capacidade de transformar ideas en actos, partindo de habilidades e destrezas persoais, ao incluír estratexias metacognitivas e procedementos que dotan ás persoas adultas de recursos para desenvolverse adecuadamente e afrontar de maneira autónoma retos persoais, sociais, académicos e laborais de moi diversa índole. Consecuentemente, promóvense aptitudes para aproveitar a información, desenvolver ideas, resolver problemas e presentar conclusións innovadoras. Por outra banda, potencian a capacidade de análise, o pensamento crítico, a resolución de

problemas e a toma de decisións do individuo ao propoñer a interpretación e a análise crítica da información, coñecementos e acontecementos relacionados coas ciencias sociais. Deste xeito, favorécese o aumento da capacidade requirida para afrontar a incerteza, deseñar e poñer en práctica plans de acción eficaces, propoñendo e argumentando solucións a diferentes problemas cotiáns, económicos e sociais, con autonomía e iniciativa persoais.

- ***COMPETENCIA CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC).-*** A persoa enriquece a súa competencia cultural ao coñecer, comprender, interpretar e gozar do labor humano, abordándoo como obxecto de estudo e como fonte de inspiración de creacións artísticas. A intervención humana na natureza e a cultura dos pobos ponse de manifesto na arte cos propósitos de informar, educar, crear e recrearse. A tecnoloxía é un constituínte esencial da cultura actual e, por iso, desempeña un papel fundamental como obxecto de estudo e representación e como instrumento de creación artística. Este ámbito social realiza achegas importantes á competencia en conciencia e expresións culturais ao propoñer a reflexión e a posta en práctica de actitudes de respecto, aceptación e desfrute das diferentes manifestacións culturais e artísticas, valorando a liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural e o diálogo entre culturas e sociedades, pasadas e actuais, locais e universais, cun espírito aberto, positivo e solidario. Os contidos do ámbito social contribúen ao coñecemento do medio físico, dos espazos humanos, ao desenvolvemento da ciencia e da tecnoloxía, ao funcionamento económico e á evolución histórica da humanidade. Tratan saberes de diversas disciplinas: xeografía, historia, socioloxía, demografía, economía, ecoloxía, arte, arqueoloxía etc. Procuran favorecer a comprensión dos acontecementos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, a análise dos procesos que dan lugar aos cambios históricos e á reflexión sobre experiencias colectivas de todos os tempos ata a actualidade cunha visión de futuro, axudando a ter unha visión clara da importancia do comportamento económico, individual e colectivo das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e organización dos bens e servizos e a distribución dos recursos. As propostas didácticas para o ensino e a aprendizaxe deste ámbito social deben enfocarse a dotar á persoa de ferramentas que lle permitan levar a bo termo proxectos persoais e profesionais, individuais e colectivos, similares aos posibles retos presentes e futuros da súa vida diaria. En todo momento se debe ter presente a compoñente social do proceso de aprendizaxe e deberán aproveitarse todas as oportunidades para formar ó individuo en aptitudes de cooperación e de comunicación con persoas da súa contorna que favorezan a adquisición de condutas asertivas e colaboradoras. Así mesmo, é necesario que se expoñan proxectos que contribúan a que o alumnado desenvolva unha imaxe axustada de si mesmo e da contorna en que se desenvolve, identifique necesidades e intereses propios e alleos e os satisfaga, pense e acometa plans persoais, académicos e laborais. As tarefas e as actividades contidas nos proxectos presentarán exercicios de reflexión que potencien procesos de pensamento complexos e análise de feitos e situacións, para detectar causas, implicacións e consecuencias. Deben facilitarse instrucións para aprender a observar, recoñecer, examinar, analizar, discernir, considerar, estudar, sintetizar, expresar, explicar, representar e expoñer de maneira coherente emocións, pensamentos, experiencias e ideas. Ter en conta as instrucións axudará o alumnado para ser máis capaz

de atender, concentrarse, autorregularse, escoitar activamente, empregar a linguaxe interna, meditar, deliberar, especular, cooperar e axuizar para resolver problemas reais. Os procesos emprenderanse empregando servizos e recursos humanos e materiais ao alcance do alumnado na súa vida cotiá a través da oferta de entidades, institucións e administracións públicas e privadas. As tecnoloxías da información e da comunicación, usadas como ferramentas de traballo nos procesos de aprendizaxe, serán fundamentais para facilitar ao alumnado o acceso ao currículo e á resolución de problemas de aprendizaxe. Doutra banda, as novas tecnoloxías constituiranse en contidos esenciais dos proxectos pola súa importancia destacada na sociedade actual.

## *SOCIEDADE NIVEL I: MÓDULO I :ELEMENTOS CURRICULARES: OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTANDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.-*

***CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DA MATERIA:***

- Identificar, localizar e analizar, a diferentes escalas, as características do medio físico e as interaccións que os diferentes grupos sociais establecen con él.
- Identificar, localizar e comprender as características básicas da diversidade xeográfica do mundo.
- Individualizar os tres sectores da economía recoñecendo as súas características e actividades económicas principais especialmente no mundo desenvolvido (Galicia, España, UE).
- Coñecer a dinámica e a estrutura da poboación relacionando con feitos históricos, sociais e culturais.
- Saber interpretar gráficos que estén vencellados coa poboación, cos sectores da economía e argumentar a súa causalidade.
- Comprender os comportamentos demográficos actuais valorando as súas consecuencias no mundo.
- Adquirir unha perspectiva global da evolución da humanidade.
- Identificar causas e consecuencias dos feitos históricos e dos procesos de evolución e cambio, relacionándoos cos factores que os orixinaron.
- Coñecer as manifestacións artísticas máis relevantes e contextualizalas.
- Localizar no tempo e no espazo os períodos, culturas e acontecementos históricos da antigüidade.
- Adquirir e empregar vocabulario específico das ciencias sociais.
- Obter e relacionar todo tipo de información, aprendendo a tratala de xeito autónomo.
- Realizar debates sobre temas de actualidade que poidan ter referentes na antigüidade ou nos contidos xeográficos.

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| Bloque 1: O medio físico | | | | |
| e<br>g<br>h<br>i | B1.1. A Terra: localización, representación. | B1.1. Manexar todas as formas de representación do noso planeta en diferentes soportes e aplicacións. | B1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares utilizando datos de coordenadas xeográficas en mapas convencionais e en versión dixital. GRAO MÍNIMO-BASICO | CD<br>CMCCT<br>CAA |
| | | | B1.1.2. Comprende o funcionamento dos fusos horarios e practica coa axuda de aplicacións informáticas. | |
| | B1.2. Compoñentes básicos e formas de relevo. | B1.2. Describir e situar as formas de relevo e os compoñentes básicos do medio físico de Galicia, España, Europa e o mundo. | B1.2.1. Sitúa nos diferentes tipos de mapas físicos as principais unidades do relevo de Galicia, España, Europa e o mundo. GRAO MÍNIMO-BASICO | |
| | | | B1.2.2. Enumera e describe as características do relevo de Galicia, España, Europa e o mundo. GRAO MÍNIMO-BASICO | CAA<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| e<br>g<br>h<br>i<br>k | B1.3. Medio físico de Galicia, España, Europa e o mundo. | B1.3. Localizar, analizar, e comparar os principais conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico galego, español, europeo e mundial. | B1.3.1. Interpreta mapas representativos dos principais conxuntos bioclimáticos de Galicia, España, Europa e o mundo. GRAO MÍNIMO-BASICO | CAA<br>CCL<br>CMCCT<br>CD |
| | | | B1.3.2. Compara as principais zonas climáticas seguindo cadeas argumentais. | CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | B1.3.3 Descobre os trazos distintivos de cada tipo de clima mediante explicacións que levan implícitas a interpretación de resultados matemáticos e científicos. | CAA<br>CMCCT<br>CD<br>CCL |
| Bloque 2: O espazo humano | | | | |
| e<br>g<br>h<br>i<br>n | B2.1. A poboación en Galicia, España e Europa. | B2.1. Analizar as características da poboación galega, española e europea. | B2.1.1. Describe as características da poboación europea e explica as pirámides de idade de Galicia e España. GRAO MÍNIMO-BASICO | CAA<br>CCL<br>CMCCT<br>CD |
| | | | B2.1.2. Interpreta os trazos da poboación mediante táboas, gráficos e mapas en diferentes soportes convencionais e programas informáticos. | |
| e<br>g | B2.2. A organización territorial de Galicia, España e Europa. | B2.2. Coñecer a organización territorial de Galicia, España e Europa e localizala en mapas políticos. | B2.2.1. Comprende a organización territorial europea no contexto actual. | CAA<br>CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | GRAO MÍNIMO-BASICO | |
| | | | B2.2.2. Le e elabora mapas políticos de Galicia, España e Europa. GRAO MÍNIMO-BASICO | CCL<br>CSC |
| h<br>i | B2.3. Movementos migratorios, asentamentos e proceso de urbanización. | B2.3. Deducir os trazos da poboación galega, española e europea en relación coa súa distribución, evolución, dinámica, migracións e políticas de poboación. | B2.3.1. Compara áreas de poboación segundo a súa distribución, evolución e dinámica. | CAA<br>CCL<br>CSC |
| | | | B2.3.2. Comprende as causas e consecuencias da evolución da demografía e os movementos migratorios. GRAO MÍNIMO-BASICO | CAA<br>CCL<br>CSC |
| | | | B2.3.3. Describe a evolución de asentamentos humanos ao longo da historia e razoa o proceso de urbanización, localizando as grandes áreas urbanas de Galicia, España e Europa. GRAO MÍNIMO-BASICO | |
| e<br>g<br>h<br>i<br>j | B2.4. Actividade humana: sistemas e sectores económicos e áreas produtivas. | B2.4. Deducir os recursos naturais dispoñibles, a súa situación, o modo de extracción e a utilidade a partir da propia experiencia e das informacións dos medios de comunicación. | B2.4.1. Enumera e localiza os principais recursos naturais de Galicia, España e Europa. GRAO MÍNIMO-BASICO | CAA<br>CD<br>CCL<br>CSC |
| | | | B2.4.2. Explica con axuda de representacións a actividade humana | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | necesaria para obter os recursos naturais. | |
| | | | B2.4.3. Razoa os criterios adoptados na toma de decisións, para ofrecer propostas de uso sustentable dos recursos naturais nun contexto dado, e a repercusión na riqueza da zona. | |
| e<br>g<br>h<br>i<br>j<br>l | B2.5. Sectores económicos. | B2.5. Razoar a relación entre os sectores económicos e as actividades humanas de produción coa axuda de mapas, gráficos, táboas e outras fontes que reflicten os recursos e a produción dos tres sectores produtivos. | B2.5.1. Elabora mapas conceptuais coa estrutura fundamental dos sectores económicos. GRAO MÍNIMO-BASICO | CD<br>CCL<br>CSC |
| | | | B2.5.2. Analiza comparativamente mapas das principais zonas produtoras e dos sectores predominantes nas distintas rexións. | CMCCT<br>CD<br>CCL |
| | | | B2.5.3. Coñece e valora as achegas dos últimos avances tecnolóxicos e relaciónaas co benestar da humanidade. | CAA<br>CMCCT<br>CD<br>CSC |
| e<br>g<br>h<br>i<br>j | B2.6. Áreas económicas. | B2.6. Valorar a estrutura de produción, de asignación de recursos, distribución e consumo de bens e servizos nunha área e relacionar isto coas consecuencias do predominio dun determinado sector na zona. | B2.6.1. Comprende a relación entre os elementos dos grandes sistemas económicos: necesidades humanas, actividades económicas, sistemas produtivos e problemas económicos. GRAO MÍNIMO-BASICO | CAA<br>CMCCT<br>CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | B2.6.2. Expón a valoración comparativa dos diferentes sistemas económicos a partir da información seleccionada no formato que considere máis axeitado. Establece unha relación entre factores económicos e políticos. | CAA<br>CMCCT<br>CD<br>CCL<br>CSC |
| | | | B2.6.3. Expón o funcionamento do comercio, sinalando os organismos implicados despois dun proceso de investigación realizado coa axuda das tecnoloxías da información e da comunicación. | |
| Bloque 3: A historia | | | | |
| a<br>e | B3.1. A evolución das especies e a hominización. | B3.1. Entender o proceso de hominización. | B3.1.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana. | CAA<br>CMCCT |
| e<br>f | B3.2. A periodización na Prehistoria: Paleolítico e Neolítico. | B3.2. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución. | B3.2.1. Distingue etapas históricas polos seus trazos fundamentais. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CMCCT |
| | | | B3.2.1. Interpreta diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CMCCT<br>CAA |
| b | B3.3. Paleolítico: etapas; características das | B3.3. Coñecer as características da vida humana | B3.3.1. Explica, a través dun esquema | CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| c<br>e<br>g<br>k<br>m | formas de vida; cazadores recolectores.<br>B3.4. Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social.<br>B3.5. Prehistoria galega: megálitos e petróglifos. | correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico. | comparativo, a diferenza entre os dous períodos en que se divide a Prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un. GRAO MÍNIMO-BASICO | CCL<br>CAA |
| | | | B3.3.2. En relación coas primeiras actividades e de cara ás subseguintes, planifica, revisa e avalía o seu propio proceso de elaboración do coñecemento histórico. | CAA |
| c<br>e<br>h<br>i<br>l | B3.6. As primeiras manifestacións culturais: restos materiais e artísticos; pintura e escultura. As primeiras descubertas e invencións. Os primeiros ritos relixiosos. | B3.4. Interpretar a evolución histórica da humanidade relacionando factores naturais, sociais, políticos, económicos e culturais. | B3.4.1. Expón en formato multimedia a aparición das primeiras descubertas e invencións da humanidade, xunto ás súas consecuencias. | CSC<br>CCEC<br>CCL<br>CD<br>CAA |
| b<br>c<br>e<br>g<br>k<br>o | B3.7. Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política. | B3.5. Coñecer algunhas características da vida humana neste período, así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do Neolítico. | B3.5.1. Describe formas de organización socioeconómica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CCL |
| c<br>e<br>h | B3.8. Idade Antiga: avances culturais e científicos, as primeiras relixións organizadas. A arte no mundo antigo. | B3.6. Recoñecer a importancia das novas descubertas, interpretando a evolución histórica da humanidade. | B3.6.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos). GRAO | CSC<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| i<br>j<br>l | | | MÍNIMO-BASICO<br>B3.6.2. Identifica os trazos distintivos das primeiras civilizacións e valora o seu legado cultural GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CMCCT<br>CCEC<br>CCL |
| b<br>c<br>e<br>g<br>k<br>o | B3.9. Mundo clásico. Grecia: as polis gregas e a súa expansión. O imperio de Alexandre Magno e o helenismo. | B3.7. Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia. | B3.7.1. Identifica trazos da organización sociopolítica e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CAA |
| | | | B3.7.2. Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais. | CSC<br>CCL<br>CAA<br>CSIEE |
| | | | B3.7.3. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo, identificando a confluencia no tempo de diversas culturas en diferentes lugares. | CSC<br>CAA |
| | | | B3.7.4. Elabora un mapa do imperio de Alexandre Magno. | |
| c<br>e<br>f | B3.10. Mundo clásico. Grecia e o helenismo: arte, ciencia, teatro e filosofía. | B3.8. Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais. | B3.8.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CCEC<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| h<br>j<br>l | | | B3.8.2. Dá exemplos representativos das áreas do saber grego e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica. | CSC<br>CCEC<br>CMCCT<br>CAA<br>CCL |
| c<br>e<br>f<br>g<br>o<br>m | B3.11. Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. República e Imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo. | B3.9. Caracterizar os trazos principais da sociedade, a economía e a cultura romanas, e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga. | B3.9.1. Elabora unha liña cronolóxica que conteña as distintas etapas da civilización romana, seleccionando os feitos fundamentais que teñen lugar nelas.<br>GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CAA |
| | | | B3.9.2. Analiza as institucións romanas e identifica a súa influencia e pervivencia na actualidade. | CSC<br>CAA<br>CSIEE<br>CCL |
| c<br>d<br>e<br>h<br>j<br>l | B3.12. Mundo clásico. Arte romana: arquitectura, escultura e pintura. | B3.10. Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando os que son específicos. | B3.10.1. Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana.<br>GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CCEC<br>CAA<br>CCL |
| c<br>e<br>g | B3.13. Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. O proceso de romanización. | B3.11. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente. | B3.11.1. Elabora, en formato multimedia, unha liña cronolóxica que indique as fases da romanización da Península Ibérica. | CSC<br>CAA<br>CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| k<br>l<br>m | | | B3.11.2. Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación para investigar exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade. | CSC<br>CCEC<br>CAA<br>CD |
| | | | B3.11.3. Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CCEC |

## *PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.-*

A avaliación terá en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo: as competencias básicas, os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.

### *AVALIACIÓN INICIAL.-*

A primeira quincena de clases comezarase cunha avaliación inicial oral ou/e escrita como toma de contacto co alumnado para detectar calquera tipo de problemas ou carencias educativas e de aprendizaxe no que toca a actitudes, coñecementos, vocabulario, expresión, etc.

A avaliación inicial facilítanos un coñecemento moi significativo sobre o grupo de referencia en cuestión e ademais tamén nos nos proporciona información substantiva sobre diversos aspectos individuais dos nosos alumnos e alumnas que nos permitirá:

- Identificar ao alumnado que necesita un maior seguimento ou adaptación de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica.
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos para cada grupo favorecendo a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.

- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe, especialmente, co titor.

***AVALIACION ORDINARIA:***

Ao longo do curso están programadas dúas sesións de avaliación correspondéndose cadansúa cun bimestre. A última delas coincidirá coa avaliación final ordinaria do mes de febreiro.

***AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA:***

Na lexislación vixente contémplase a realización dun exame ou proba extraordinaria no mes de maio para aqueles alumnos/as que non superaron a materia ao longo das preceptivas avaliacións ordinarias. As datas de realización destas probas de maio serán acordadas polo centro e serán públicas, correspondéndolle ao Departamento de Xeografía e Historia o deseño desa proba escrita. Para superar a devandita proba o alumnado deberá obter necesariamente unha nota de 5  ou superior a 5, do caso contrario, a materia non será avaliada positivamente e quedará pendente para o vindeiro curso académico.

***INSTRUMENTOS, PROCEDEMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.-***

O principal instrumento de avaliación será ***o exame*** que ***suporá un 80% da nota,*** tendo en conta os seguintes aspectos:

- Comentarios de textos, mapas históricos, tábos estatísticas, gráficas, etc
- Comentarios de mapas xeográficos, climogramas, mapas do tempo, cliseries, etc
- Localización de elementos xeográficos sobre bases cartográficas específicas, etc.
- Cuestións teóricas sobre temas concretos ou conceptos.
- Definición de vocabulario específico tanto de xeografía como de historia.
- Identificación e caracterización de persoaxes históricos ou acontecementos de gran significación histórica.
- Cuestións tipo test sobre diferentes aspectos xeográficos, acontecementos ou persoeiros históricos.

Nas probas escritas todas as cuestións irán numeradas especificándose a valoración de cada unha delas e valorarase especialmente unha correcta capacidade discursiva. ***Como mínimo realizarase un exame por avaliación.***

***De xeito complementario tamén se terá en conta a realización de traballos individuais ou en equipo*** sobre cuestións xeográficas e históricas determinadas así como a elaboración de fichas bibliográficas, comentarios de textos e de noticias xornalísticas,

cartografía xeográfica e histórica, táboas estatísticas, gráficas, etc, probas orais de aula, lectura comprensiva, comentarios de recursos audiovisuais, seguimento do caderno de clase, etc ***podendo sumar por estes conceptos ata un 20% da nota final.***

A boa presentación, corrección, comprensión, orde e puntualidade serán criterios determinantes á hora de valorar positivamente todos estes traballos. Tamén se terá moi en conta o emprego dun rexistro lingüístico formal e culto, esforzándose por empregar a terminoloxía específica das Ciencias Sociais.

No caso da elaboración de traballos deberase evitar en todo momento o corta/pega tradicional, debendo citar correctamente a bibliografía/webgrafía ou fontes documentais consultadas (textuais, gráficas, cartográficas ou fotográficas, etc) incidindo na súa autoría e procedencia.

Os intentos de engano, fraude, ou copia na realización ou elaboración de calquera proba implicará que a devandita proba sexa cualificada cunha puntuación de 0 puntos.

***Para que o alumnado poida ter unha avaliación positiva terá que acadar como mínimo un 5 que resultará da suma das probas escritas obxectivas (80%) máis dos traballos obrigatorios/voluntarios programados polo profesor tanto na aula como na casa (20%).*** No caso de que a avaliación numérica resultante presentase decimais a ponderación cara a nota seguinte estableceríase a partir de 0,7(ou sexa, que todo alumnado que iguale ou supere o devandito 0,7 pondería cara a nota seguinte: 5,7 = 6; 6,7 = 7, etc). ***As recuperacións*** serán as determinadas polo profesor.

Para obter unha cualificación positiva na avaliación final a media aritmética das dúas avaliacións parciais deberá ser igual ou superior a 5.

No caso de que houbera alumnos/as que non puideran asistir ao centro por efecto da COVID-19 artellarase un sistema alternativo e complementario de avaliación individualizada. Neste contexto, podería ser contemplada a posibilidade de adiar os exames non realizados ou ben ser substituídos pola entrega de actividades e traballos a través da aula virtual ou do correo electrónico. Para a cualificación valoraríase:

- A presentación das actividades e traballos propostas, en tempo e forma, e a corrección dos mesmos.
- Tendo en conta a situación de excepcionalidade valoraranse sempre de forma personalizada e flexible as circunstancias propias de cada alumno, buscando o máis favorable para eles.

Naquel ***alumnado que presente dificultades de aprendizaxe significativas*** (leves ou máis agravadas) poderían adaptárselle os contidos e recursos materiais subministrados, as diferentes probas escritas e orais e todo tipo de traballos individualizados de aula ou para realizar na casa, sempre en función das prescripcións educativas suxeridas pola figura do/a Orientador/a, do/a Profesora Terapeuta e do propio docente en cuestión.

***TEMPORALIZACIÓN:***

***1ª AVALIACIÓN:***

*Tema 1: A Terra e a súa representación*

*Tema 2: O relevo terrestre*

*Tema 3: Medio físico de Galicia, España e Europa*

*Tema 4: A poboación*

***2ª AVALIACIÓN***

*Tema 5: A prehistoria*

*Tema 6: As civilizacións fluviais: Mesopotamia e Exipto*

*Tema 7: A Civilización grega*

*Tema 8: A civilización romana*

*Tema 9: O territorio de España e Galicia na antigüidade*

Esta temporalización será orientativa e flexible dependendo das diferentes ciscunstancias condicionantes que poidan afectar ao proceso de ensino-aprendizaxe ao longo do curso, cando máis, nunha situación excepcional de pandemia sanitaria como a que estamos vivindo.

## *SOCIEDADE NIVEL I: MÓDULO II :ELEMENTOS CURRICULARES: OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTANDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.-*

### *CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DA MATERIA:*

- Localizar no tempo e no espazo períodos e acontecementos históricos.
- Comprender a noción de simultaneidade e evolución e as representacións de secuencias temporais.
- Recoñecer as causas e as consecuencias nos feitos e procesos históricos distinguindo a súa natureza.
- Buscar, obter e seleccionar información da contorna de fontes escritas, iconográficas, gráficas, audiovisuais e as proporcionadas polas tecnoloxías da información, elaborando de forma escrita a información obtida.
- Recoñecer os elementos básicos que caracxterizan os estilos artísticos e a interpretación de obras importantes consideradas no seu contexto.
- Analizar aspectos relevantes da época medieval ou moderna relacionándoos con feitos relevantes da actualidade.
- Realizar tarefas en grupo e participar en discusións e debates con actitude construtiva, crítica e tolerante.
- Coñecer o funcionamento das sociedades democráticas apreciando os seus valores fundamentais.
- Analizar e valorar as distintas culturas como un dos trazos característicos das sociedades actuais

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|

| Bloque 1: O medio físico | | | | |
|---|---|---|---|---|
| e<br>f<br>i<br>j<br>k<br>l | B1.1. Aproveitamento e futuro dos recursos naturais. | B1.1. Percibir e apreciar a importancia da protección dos espazos naturais. | B1.1.1. Localiza en diferentes tipos de cartografía zonas naturais protexidas. GRAO MÍNIMO-BASICO | CMCCT<br>CD |
| | | | B1.1.2. Enumera criterios para recoñecer o valor engadido de determinados espazos naturais. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CD |
| | | | B1.1.3. Expón as achegas de determinadas paisaxes ao desenvolvemento sustentable e ao ben colectivo. GRAO MÍNIMO-BASICO | |
| | | | B1.1.4. Desenvolve un proxecto creativo e innovador para sensibilizar sobre a importancia de protexer un espazo natural próximo. | CSIEE<br>CAA<br>CSC |
| | | | B1.1.5. Deseña un proxecto de conservación dun espazo natural anticipando, asumindo e xestionando riscos. | CSIEE<br>CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br>e<br>f<br>i<br>k<br>l | B1.2. Desenvolvemento sustentable. Impacto ambiental e aproveitamento dos recursos. | B1.2. Identificar, describir e axuizar a acción humana sobre o ambiente e as súas consecuencias. | B1.2.1. Relata diferentes tipos de intervención humana na natureza ao longo da historia. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSIEE<br>CCL |
| | | | B1.2.2. Investiga as causas e as consecuencias da acción humana sobre a natureza. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSIEE<br>CAA |
| | | | B1.2.3. Axuíza actuacións concretas da intervención humana valorando os seus resultados. | CSIEE<br>CCEC |
| | | | B1.2.4. Realiza un proxecto de investigación en equipo para ofrecer unha resposta científica a un problema ambiental próximo. | CCL<br>CD<br>CSC |
| c<br>d<br>e<br>i<br>j<br>k<br>l | B1.3. Espazos naturais protexidos. | B1.3. Propor estratexias para a conservación e mellora do contorno natural e resolver os problemas que se presenten. | B1.3.1. Emite xuízos fundados tras observar, interpretar e analizar actitudes que inciden na conservación do ambiente. | CAA<br>CSC |
| | | | B1.3.2. Indaga boas prácticas sobre un desenvolvemento sustentable contrastando | CAA<br>CSIEE<br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | diferentes fontes de información. | |
| | | | B1.3.3. Argumenta a incidencia da acción humana sobre o ambiente e formula iniciativas para compensala. GRAO MÍNIMO-BASICO | CAA<br>CSIEE |
| | | | B1.3.4. Comprende cambios producidos no ambiente e relaciona os efectos ofrecendo respostas fundamentais aos problemas atopados. | CD<br>CAA<br>CSC |
| Bloque 2: Economía e tecnoloxía | | | | |
| b<br>e<br>h<br>i<br>j<br>l | B2.1. A globalización económica e o comercio internacional. | B2.1. Estimar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración. | B2.1.1. Define a globalización económica e identifica algún dos seus factores partindo de pescudas na prensa e na internet. GRAO MÍNIMO-BASICO | CCL<br>CD<br>CAA |
| | | | B2.1.2. Valora o grao de interconexión das diferentes economías mundiais e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. | CD<br>CSIEE<br>CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | B2.1.3. Argumenta as razóns que xustifican e inflúen no intercambio económico entre países. GRAO MÍNIMO-BASICO | CCL<br>CMCCT |
| | | | B2.1.4. Analiza acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e do comercio internacional. GRAO MÍNIMO-BASICO | CCL<br>CD<br>CCEC |
| c<br>e<br>i<br>j<br>p | B2.2. A economía no espazo da Unión Europea. | B2.2. Analizar a economía da Unión Europea tendo en conta as actividades dos diferentes sectores detectando desequilibrios territoriais. | B2.2.1. Fundamenta a importancia do mercado común europeo desde diferentes puntos de vista. GRAO MÍNIMO-BASICO | CCL<br>CCEC |
| | | | B2.2.2. Debate sobre as vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da UE. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| | | | B2.2.3. Pescuda sobre as competencias da UE e as súas principais institucións en materia de economía dos países membros. | CCL<br>CAA<br>CCEC |
| | | | B2.2.4. Sintetiza as peculiaridades | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | da economía da UE. GRAO MÍNIMO-BASICO | CD |
| a<br>b<br>e<br>f<br>i<br>j<br>p | B2.3. A consideración económica no ambiente e a incidencia dos últimos avances tecnolóxicos na economía. | B2.3. Pescudar o impacto da revolución tecnolóxica a nivel local, rexional, nacional e global, prevendo posibles escenarios ambientais supranacionais e discutindo as novas realidades do espazo globalizado. | B2.3.1. Reflexiona sobre o impacto do desenvolvemento sustentable na economía internacional. | CCL<br>CSC |
| | | | B2.3.2. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das tecnoloxías da información e da comunicación a distintos niveis xeográficos | CD<br>CMCCT |
| | | | B2.3.3. Pon de manifesto algún aspecto conflitivo da revolución tecnolóxica acudindo a diferentes sistemas de representación da información. | |
| | | | B2.3.4. Discute a incidencia da revolución industrial e tecnolóxica no quecemento global. | CCL<br>CSC<br>CCEC |
| Bloque 3: A historia | | | | |
| b | A Idade Media | B3.1. Describir os aspectos | B3.1.1. Coñece os trazos | CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| d<br>e<br>g<br>i | B3.1. A Idade Media: causas e etapas. A Alta Idade Media. O Feudalismo. A Baixa Idade Media. O renacer das cidades e a crise do século XIV. | socioeconómicos, políticos e culturais da Idade Media. | representativos desde a caída do Imperio romano ata a Idade Moderna: os reinos xermánicos e cristiáns, o Imperio bizantino e os pobos musulmáns da Idade Media. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CCL |
| | | | B3.1.2. Expón as características da sociedade feudal. GRAO MÍNIMO-BASICO | CAA<br>CSC<br>CCL |
| b<br>d<br>e<br>g<br>i | B3.2. Al-Andalus, os reinos cristiáns e peninsulares. Os reinos de Taifas e as coroas de Castela e Aragón. Galicia na Idade Media. | B3.2. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais. | B3.2.1. Comprende as orixes do Islam e a súa evolución. | CAA<br>CSC |
| | | | B3.2.2. Sinala a importancia de Al-Andalus ao longo da historia.GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CAA<br>CD |
| | | | B3.2.3. Elabora e interpreta mapas que describan os procesos de conquista e repoboación na Península Ibérica. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CAA |
| c<br>d<br>l | B3.3. A arte na Idade Media. Arte románica, gótica e islámica. | B3.3. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media. | B3.3.1. Recoñece e expón as características da arte románica, gótica e islámica así como da | CSC<br>CAA<br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| m | | | música medieval mediante ilustracións representativas. GRAO MÍNIMO-BASICO | |
| b<br>c<br>l | A Idade Moderna<br>B3.4. As descubertas xeográficas: Castela e Portugal. Conquista e colonización de América. | B3.4. Entender os procesos de conquista e colonización e as súas consecuencias. | B3.4.1. Reflexiona sobre diferentes interpretacións de acontecementos relevantes da historia moderna tales como a conquista e colonización de América. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CAA<br>CCEC |
| b<br>e<br>g<br>h | B3.5. As monarquías autoritarias en Europa: os Austrias españois. O século XVII en Europa: o absolutismo. Galicia na Idade Moderna. | B3.5. Explicar a temporalización da Idade Moderna, situando os principais feitos dos cambios históricos en relación coa etapa anterior. | B3.5.1. Sitúa nunha liña do tempo acontecementos relevantes da Idade Moderna. GRAO MÍNIMO-BASICO | CAA<br>CSC<br>CD |
| c<br>d<br>l<br>m | B3.6. O Renacemento e o Humanismo. Características e repercusión. A arte renacentista e barroca. | B3.6. Comprender a significación histórica da etapa do Renacemento en Europa. | B3.6.1. Contextualiza o Renacemento e o Humanismo na historia europea coa axuda de diferentes fontes históricas. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CCEC |

## *PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.-*

A avaliación terá en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo: as competencias básicas, os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.

## *AVALIACIÓN INICIAL.-*

A primeira quincena de clases comezarase cunha avaliación inicial oral ou/e escrita como toma de contacto co alumnado para detectar calquera tipo de problemas ou carencias educativas e de aprendizaxe no que toca a actitudes, coñecementos, vocabulario, expresión, etc.

A avaliación inicial facilítanos un coñecemento moi significativo sobre o grupo de referencia en cuestión e ademais tamén nos nos proporciona información substantiva sobre diversos aspectos individuais dos nosos alumnos e alumnas que nos permitirá:

- Identificar ao alumnado que necesita un maior seguimento ou adaptación de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica.
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos para cada grupo favorecendo a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe, especialmente co titor.

## *AVALIACION ORDINARIA:*

Ao longo do curso están programadas dúas sesións de avaliación correspondéndose cadansúa cun bimestre. A última delas poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario do mes de xuño polo que o período abranguido entre a avaliación final ordinaria (que se terá que celebrar antes do 21 de xuño do 2023) e a realización das probas extraordinarias (a celebrar entre o 21 e o 23 de xuño do 2023) dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

## *AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA*

O alumnado que non supere a materia logo da avaliación final do período ordinario terá dereito a realizar unha proba extraordinaria. Asimesmo, o período abranguido entre a avaliación final ordinaria e o remate do período lectivo (antes do 21 de xuño do 2023) dedicarase á preparación das probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Esta proba extraordinaria só será superada cando o alumno obteña unha puntuación igual ou superior a 5.

## *INSTRUMENTOS, PROCEDEMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.-*

O principal instrumento de avaliación será ***o exame*** que ***suporá un 80% da nota,*** tendo en conta os seguintes aspectos:

- Comentarios de textos, mapas históricos, tábos estatísticas, gráficas, etc
- Comentarios de mapas xeográficos, climogramas, mapas do tempo, cliseries, etc
- Localización de elementos xeográficos sobre bases cartográficas específicas, etc.
- Cuestións teóricas sobre temas concretos ou conceptos.
- Definición de vocabulario específico tanto de xeografía como de historia.
- Identificación e caracterización de persoaxes históricos ou acontecementos de gran significación histórica.
- Cuestións tipo test sobre diferentes aspectos xeográficos, acontecementos ou persoeiros históricos.

Nas probas escritas todas as cuestións irán numeradas especificándose a valoración de cada unha delas e valorarase especialmente unha correcta capacidade discursiva. ***Como mínimo realizarase un exame por avaliación.***

***De xeito complementario tamén se terá en conta a realización de traballos individuais ou en equipo*** sobre cuestións xeográficas e históricas determinadas así como a elaboración de fichas bibliográficas, comentarios de textos e de noticias xornalísticas, cartografía xeográfica e histórica, táboas estatísticas, gráficas, etc, probas orais de aula, lectura comprensiva, comentarios de recursos audiovisuais, seguimento do caderno de clase, etc ***podendo sumar por estes conceptos ata un 20% da nota final.***

A boa presentación, corrección, comprensión, orde e puntualidade serán criterios determinantes á hora de valorar positivamente todos estes traballos. Tamén se terá moi en conta o emprego dun rexistro lingüístico formal e culto, esforzándose por empregar a terminoloxía específica das Ciencias Sociais.

No caso da elaboración de traballos deberase evitar en todo momento o corta/pega tradicional, debendo citar correctamente a bibliografía/webgrafía ou fontes documentais consultadas (textuais, gráficas, cartográficas ou fotográficas, etc) incidindo na súa autoría e procedencia.

Os intentos de engano, fraude, ou copia na realización ou elaboración de calquera proba implicará que a devandita proba sexa cualificada cunha puntuación de 0 puntos.

***Para que o alumnado poida ter unha avaliación positiva terá que acadar como mínimo un 5 que resultará da suma das probas escritas obxectivas (80%) máis dos traballos obrigatorios/voluntarios programados polo profesor tanto na aula como na casa (20%).*** No caso de que a avaliación numérica resultante presentase decimais a ponderación cara a nota seguinte estableceríase a partir de 0,7 (ou sexa, que todo alumnado que iguale ou supere o devandito 0,7 pondería cara a nota seguinte: 5,7 = 6; 6,7 = 7, etc). ***As recuperacións*** serán as determinadas polo profesor.

Para obter unha cualificación positiva na avaliación final a media aritmética das dúas avaliacións parciais deberá ser igual ou superior a 5.

Aqueles alumnos/as que non obteñan unha cualificacíon positiva deberán adicar o período abranguido entre a avaliación final ordinaria e o remate do período lectivo (antes do 21 de xuño do 2023) a actividades recuperación daquelas competencias e estándares de aprendizaxe non superados a través das correspondentes probas escritas (ou orais) (80% da nota) e traballos programados polo docente (boletíns de actividades) tendo dereito á realización dunha proba extraordinaria.

Aqueles alumnos/as que si obteñan unha cualificacíon positiva deberán adicar o período abranguido entre a avaliación final ordinaria e o remate do período lectivo (antes do 21 de xuño do 2023) á realización de actividades de apoio, reforzo ou ampliacións daquelas competencias e estándares de aprendizaxe programados polo docente.

No caso de que houbera alumnos/as que non puideran asistir ao centro por efecto da COVID-19 artellarase un sistema alternativo e complementario de avaliación individualizada. Naquel ***alumnado que presente dificultades de aprendizaxe significativas*** (leves ou máis agravadas) deberán adaptárselle os contidos e recursos materiais subministrados, as diferentes probas escritas e orais e todo tipo de traballos individualizados de aula ou para realizar na casa, sempre en función das prescripcións educativas suxeridas pola figura do/a Orientador/a, do/a Profesora Terapeuta e do propio docente en cuestión.

***TEMPORALIZACIÓN:***

***1ª AVALIACIÓN:***

- *Tema 1: Aproveitamento e futuro dos recursos naturais.*
- *Tema 2: Desenvolvemento sustentable. Impacto ambiental e e aproveitamento dos recursos.*
- *Tema 3: Espazos naturais protexidos.*
- *Tema 4: A globalización económica e o comercio internacional.*

- *Tema 5: A economía no espazo da Unión Europea.*

***2ª AVALIACIÓN***

- *Tema 6: A consideración económica no ambiente e a incidencia dos últimos avances tecnolóxicos na economía.*
- *Tema 7: A idade media.*
- *Tema 8: : Al Andalus, os reinos cristiáns e peninsulares.*
- *Tema 9: A idade moderna.*

Esta temporalización será orientativa e flexible dependendo das diferentes ciscunstancias condicionantes que poidan afectar ao proceso de ensino-aprendizaxe ao longo do curso, cando máis, nunha situación excepcional de pandemia sanitaria como a que estamos vivindo.

## *SOCIEDADE NIVEL II: MÓDULO I :ELEMENTOS CURRICULARES: OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTANDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.-*

### *CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DA MATERIA:*

- Localizar no tempo e no espazo dos acontecementos e procesos históricos máis relevantes do mundo contemporáneo.
- Análizar  feitos ou situacións relevantes da actualidade, con indagación dos seus antecedentes históricos.
- Procurar, seleccionar e obter información de fontes escritas, diferenciando os feitos das opinións e contrastando a información.
- Valorar os dereitos humanos e rexeitar  calquera forma de discriminación e de dominio.
- Coñecer os trazos característicos do Antigo Réxime para comprobar o cambio no mundo contemporáneo.
- Identificar os factores que desencadearon as revolucións políticas en Europa e América.
- Caracterizar cada unha das fases da revolución industrial: sectores industriais máis importantes, fontes de enerxía principais e maiores potencias industriais, así como os principais cambios a nivel social.
- Caracterizar o período coñecido como Paz Armada, identificar as causas profundas e as causas inmediatas que provocaron o estourido da 1ª Guerra Mundial.
- Analizar as consecuencias económicas e políticas da Gran Guerra.
- Recoñecer as causas profundas e as causas inmediatas da 2ª Guerra Mundial e valorar as súas consecuencias.
- Introducir ao alumnado nos procedementos da xestión e a planificación económica.
- Comprender os conceptos de aforro e endebedamento.
- Achegar ao alumnado aos mecanismos do mercado financieiro.
- Valorar os dereitos e deberes dos consumidores.

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| Bloque 1: Historia | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br>c<br>d<br>l<br>m | B1.1. A Ilustración e a revolución científica. O alcance das novas correntes do pensamento en España e Galicia. | B1.1. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América. | B1.1.1. Analiza a obra de autores clave do inicio da Idade Contemporánea e a súa influencia cultural, social, política e económica. | CSC<br>CCEC<br>CAA |
| | | | B1.1.2. Valora o alcance da Ilustración e da revolución científica dos séculos XVII e XVIII. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CMCCT<br>CAA |
| | | | B1.1.3. Manifesta unha actitude crítica e de rexeitamento ante as manifestacións culturais que supoñan discriminación de calquera tipo. | CSC<br>CCEC |
| c<br>e<br>f<br>j | B1.2. O século XVIII: as revolucións burguesas e a crise do Antigo Réxime. | B1.2. Comprender o inicio da Idade Contemporánea desde unha perspectiva social, política e económica. | B1.2.1. Narra de xeito sintético os principais feitos das revolucións burguesas do século XVIII, dando explicacións causais e valorando vantaxes e inconvenientes. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | B1.3. Do Imperio Napoleónico á época da Restauración. | B1.3. Analizar as dificultades da diplomacia europea e o alcance dos conflitos durante a época napoleónica. | B1.3.1. Analiza as relacións entre reinos europeos que conduciron ás guerras. | CSC<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| c<br>e<br>f | B1.4. Os Borbóns en España. Da Guerra de Sucesión á Guerra da Independencia. Galicia no século XVIII. | B1.4. Explicar, a través do caso español, os intentos de adaptación do Antigo Réxime e o mantemento do poder por parte dos monarcas europeos na época da Ilustración. | B1.4.1. Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CAA |
| c<br>e<br>i<br>j | B1.5. A Revolución Industrial. | B1.5. Describir os feitos relevantes da Revolución Industrial, tendo en conta o seu encadeamento causal e o tipo de progreso que implica, e analizar os conseguintes cambios económicos en España e Galicia. | B1.5.1. Analiza a evolución da industrialización en España e en diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | | B1.5.2. Compara o proceso da Revolución Industrial en Inglaterra co doutros países. | CSC<br>CMCCT |
| | | | B1.5.3. Valora a industrialización en España e Galicia e a súa repercusión política e económica. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CMCCT<br>CAA |
| | | | B1.5.4. Detecta e expón de maneira sintética os beneficios e inconvenientes que xerou a Revolución Industrial tendo en conta a situación laboral dos sectores máis desfavorecidos. | CSC<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| c<br>f<br>i | B1.6. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: liberalismo e nacionalismo. Alcance dos procesos revolucionarios en España e Galicia. | B1.6. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX. | B1.6.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. GRAO MÍNIMO-BASICO<br><br>B1.6.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| c<br>i<br>l<br>m | B1.7. Avances científicos e tecnolóxicos no século XIX. A arte. | B1.7. Valorar os movementos culturais e os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, consecuencia das revolucións industriais. | B1.7.1. Elabora un eixe cronolóxico cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CD<br>CAA |
| | | | B1.7.2. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos. | CSC<br>CCEC |
| | | | B1.7.3. Comenta analiticamente diferentes tipos de obras de arte do século XIX. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CCEC<br>CCL |
| b<br>c<br>d | B1.8. A expansión imperialista. A conquista do mundo por parte das potencias industrializadas. España e | B1.8. Establecer xerarquías causais da evolución do imperialismo, identificando as potencias e a repartición de poder no mundo | B1.8.1. Razoa a relación entre o imperialismo, a xeopolítica mundial e as relacións económicas | CSC<br>CAA<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| i | Galicia durante o auxe do colonialismo. | no último cuarto do século XIX e principios do XX. | supranacionais.<br>B1.8.2. Establece interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914. GRAO MÍNIMO-BASICO | |
| c<br>d<br>e<br>i | B1.9. O mundo de 1914 a 1918. A Primeira Guerra Mundial. A Revolución Rusa. | B1.9. Explicar os aspectos fundamentais da Gran Guerra e a Revolución Rusa, as súas consecuencias, e as súas interconexións. | B1.9.1. Comprende os aspectos básicos da Primeira Guerra Mundial e a orixe do novo mapa político de Europa. GRAO MÍNIMO-BASICO<br>B1.9.2. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade. GRAO MÍNIMO-BASICO | |
| b<br>c<br>e<br>i<br>j | B1.10. A época de Entreguerras: de 1919 a 1939. Os felices anos 20. A crise de 1929. O auxe dos fascismos. | B1.10. Comprender os acontecementos, fitos e procesos máis importantes do período de Entreguerras e analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa. | B1.10.1. Contrasta diferentes interpretacións de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia verbo dos procesos máis importantes do período de Entreguerras. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CD<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | B1.10.2. Contrasta a crise de 1929 con crises posteriores. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |
| | | | B1.10.3. Valora a loita da muller no movemento sufraxista. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CAA |
| | | | B1.10.4. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | B1.11. A Segunda Guerra Mundial (1939-1945). | B1.11. Coñecer os principais feitos da Segunda Guerra Mundial e o contexto en que se desenvolveu o Holocausto, así como as súas consecuencias. | B1.11.1. Narra dunha forma fundamentada as causas e consecuencias da Segunda Guerra Mundial a distintos niveis temporais e xeográficos. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CD<br>CAA<br>CCL |
| | | | B1.11.2. Interpreta as razóns da fin da Segunda Guerra Mundial a nivel europeo e mundial. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CCL<br>CAA |
| | | | B1.11.3. Explica as fases do | CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | conflito coa axuda de mapas e outras representacións. | CD<br>CAA<br>CCL |
| | | | B1.11.4. Elabora un xuízo persoal do Holocausto e as súas consecuencias a partir de información procedente de diversas fontes. | CSC<br>CCEC<br>CD<br>CCL |
| b<br>c<br>d<br>j | B1.12. O primeiro terzo do século XX en España e Galicia. II República e Guerra Civil. | B1.12. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil. | B1.12.1. Explica as principais reformas durante a II República española e reaccións a elas. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CCL<br>CAA |
| | | | B1.12.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional. GRAO MÍNIMO-BASICO | |
| Bloque 2: Economía | | | | |
| a<br>e<br>h<br>i<br>p | B2.1. Ingresos e gastos. Identificación e control.<br>B2.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades. | B2.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación. | B2.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. GRAO MÍNIMO- | CAA<br>CD<br>CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | BASICO<br>B2.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.<br>B2.1.3. Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas. | |
| a<br>c<br>f<br>i<br>p | B2.3. Planificación económico-financeira: necesidades económicas nas etapas da vida. | B2.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social. | B2.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa de acordo coas decisións tomadas e coa marcha da actividade económica nacional. | CAA<br>CSIEE |
| a<br>i<br>j<br>p | B2.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións.<br>B2.5. Risco e diversificación. | B2.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos. | B2.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. GRAO MÍNIMO-BASICO<br>B2.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, | CAA<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento. GRAO MÍNIMO-BASICO | |
| | B2.6. O diñeiro.<br>B2.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito.<br>B2.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación.<br>B2.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro. | B2.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade. | B2.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. | CCL<br>CMCCT |
| | | | B2.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos. GRAO MÍNIMO-BASICO | CCL<br>CAA<br>CD |
| | | | B2.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas. | CAA<br>CD |
| | | | B2.4.4. Identifica e explica as | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa. GRAO MÍNIMO-BASICO | CD<br>CMCCT |
| a<br>c<br>i<br>p | B2.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros. | B2.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade. | B2.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida. GRAO MÍNIMO-BASICO | CAA<br>CCL<br>CMCCT |

## *PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.-*

A avaliación terá en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo: as competencias básicas, os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.

### *AVALIACIÓN INICIAL.-*

A primeira quincena de clases comezarase cunha avaliación inicial oral ou/e escrita como toma de contacto co alumnado para detectar calquera tipo de problemas ou carencias educativas e de aprendizaxe no que toca a actitudes, coñecementos, vocabulario, expresión, etc.

A avaliación inicial facilítanos un coñecemento moi significativo sobre o grupo de referencia en cuestión e ademais tamén nos nos proporciona información substantiva sobre diversos aspectos individuais dos nosos alumnos e alumnas que nos permitirá:

- Identificar ao alumnado que necesita un maior seguimento ou adaptación de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica.
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos para cada grupo favorecendo a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe, especialmente co titor.

## *AVALIACION ORDINARIA:*

Ao longo do curso están programadas dúas sesións de avaliación correspondéndose cadansúa cun biimestre. A última delas coincidirá coa avaliación final ordinaria do mes de febreiro.

## *AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA:*

Na lexislación vixente contémplase a realización dun exame ou proba extraordinaria no mes de maio para aqueles alumnos/as que non superaron a materia ao longo das preceptivas avaliacións ordinarias. As datas de realización destas probas de maio serán acordadas polo centro e serán públicas, correspondéndolle ao Departamento de Xeografía e Historia o deseño desa proba escrita. Para superar a devandita proba o alumnado deberá obter necesariamente unha nota de 5 ou superior a 5, do caso contrario, a materia non será avaliada positivamente e quedará pendente para o vindeiro curso académico.

## *INSTRUMENTOS, PROCEDEMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.-*

O principal instrumento de avaliación será ***o exame*** que ***suporá un 80% da nota,*** tendo en conta os seguintes aspectos:

- Comentarios de textos, mapas históricos, tábos estatísticas, gráficas, series económicas, etc
- Comentarios de mapas xeográficos e localización de elementos xeográficos sobre bases cartográficas específicas, etc.
- Cuestións teóricas sobre temas concretos ou conceptos.
- Definición de vocabulario específico tanto de xeografía como de historia como de economía.
- Identificación e caracterización de persoaxes históricos ou acontecementos de gran significación histórica.
- Cuestións tipo test sobre diferentes aspectos xeográficos, acontecementos ou persoeiros históricos.

Nas probas escritas todas as cuestións irán numeradas especificándose a valoración de cada unha delas e valorarase especialmente unha correcta capacidade discursiva. ***Como mínimo realizarase un exame por avaliación.***

***De xeito complementario tamén se terá en conta a realización de traballos individuais ou en equipo*** sobre cuestións xeográficas e históricas determinadas así como a elaboración de fichas bibliográficas, comentarios de textos e de noticias xornalísticas, cartografía xeográfica e histórica, táboas estatísticas, gráficas, etc, probas orais de aula, lectura comprensiva, comentarios de recursos audiovisuais, seguimento do caderno de clase, etc ***podendo sumar por estes conceptos ata un 20% da nota final.***

A boa presentación, corrección, comprensión, orde e puntualidade serán criterios determinantes á hora de valorar positivamente todos estes traballos. Tamén se terá moi en conta o emprego dun rexistro lingüístico formal e culto, esforzándose por empregar a terminoloxía específica das Ciencias Sociais.

No caso da elaboración de traballos deberase evitar en todo momento o corta/pega tradicional, debendo citar correctamente a bibliografía/webgrafía ou fontes documentais consultadas (textuais, gráficas, cartográficas ou fotográficas, etc) incidindo na súa autoría e procedencia.

Os intentos de engano, fraude, ou copia na realización ou elaboración de calquera proba implicará que a devandita proba sexa cualificada cunha puntuación de 0 puntos.

***Para que o alumnado poida ter unha avaliación positiva terá que acadar como mínimo un 5 que resultará da suma das probas escritas obxectivas (80%) máis dos traballos obrigatorios/voluntarios programados polo profesor tanto na aula como na casa (20%).*** No caso de que a avaliación numérica resultante presentase decimais a ponderación cara a nota seguinte estableceríase a partir de 0,7(ou sexa, que todo alumnado que iguale ou supere o devandito 0,7 pondería cara a nota seguinte: 5,7 = 6; 6,7 = 7, etc). ***As recuperacións*** serán as determinadas polo profesor.

Para obter unha cualificación positiva na avaliación final a media aritmética das dúas avaliacións parciais deberá ser igual ou superior a 5.

No caso de que houbera alumnos/as que non puideran asistir ao centro por efecto da COVID-19 artellarase un sistema alternativo e complementario de avaliación individualizada. Neste contexto, podería ser contemplada a posibilidade de adiar os exames non realizados ou ben ser substituídos pola entrega de actividades e traballos a través da aula virtual ou do correo electrónico. Para a cualificación valoraríase:

- A presentación das actividades e traballos propostas, en tempo e forma, e a corrección dos mesmos.
- Tendo en conta a situación de excepcionalidade valoraranse sempre de forma personalizada e flexible as circunstancias propias de cada alumno, buscando o máis favorable para eles.

Naquel ***alumnado que presente dificultades de aprendizaxe significativas*** (leves ou máis agravadas) poderían adaptárselle os contidos e recursos materiais subministrados, as diferentes probas escritas e orais e todo tipo de traballos individualizados de aula ou para realizar na casa, sempre en función das prescripcións educativas suxeridas pola figura do/a Orientador/a, do/a Profesora Terapeuta e do propio docente en cuestión.

***TEMPORALIZACIÓN:***

***1ª AVALIACIÓN:***

*Tema 1: A crise do Antigo Réxime.*

*Tema 2: A Revolución Industrial e os cambios sociais.*

*Tema 3: Revolucións liberais e Nacionalismos.*

*Tema 4: Avances científicos e tecnolóxicos. A Arte.*

***2ª AVALIACIÓN***

*Tema 5: Imperialismo, guerra e revolución.*

*Tema 6: O mundo de Entreguerras.*

*Tema 7: A Segunda Guerra Mundial.*

*Tema 8: España: da crise do 98 á Guerra Civil.*

*Tema 9: O diñeiro.*

Esta temporalización será orientativa e flexible dependendo das diferentes ciscunstancias condicionantes que poidan afectar ao proceso de ensino-aprendizaxe ao longo do curso, cando máis, nunha situación excepcional de pandemia sanitaria como a que estamos vivindo.

## *SOCIEDADE NIVEL II: MÓDULO II :ELEMENTOS CURRICULARES: OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTANDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.-*

### *CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DA MATERIA:*

- Localizar no tempo e no espazo os acontecementos e procesos históricos máis relevantes do mundo contemporáneo.
- Analizar feitos ou situacións relevantes da actualidade, indagando nos seus antecedentes históricos.
- Procurar, seleccionar e obter información de fontes escritas, diferenciando os feitos das opinións e contrastando a información.
- Valorar os dereitos humanos e rexeitar calquera forma de discriminación e de dominio.
- Definir que se entende por Guerra Fría e contextualizar este período axeitadamente diferenciando as etapas de maior e menor tensión entre os dous bloques enfrontados.
- Identificar os sucesos máis significativos do reinado de Alfonso XIII e explicar os factores que conduciron á decadencia e desaparición da Restauración.
- Caracterizar as distintas etapas políticas da Segunda República e destacar os acontecementos principais en cada unha delas e os seus protagonistas.
- Caracterizar o Franquismo como un réxime ditatorial e describir as características que se mantiveron durante todo o período.
- Analizar a evolución económica e social dos países do bloque occidental.
- Explicar o proceso de colapso do bloque comunista e a transición do comunismo ao capitalismo nestes países.
- Analizar as características das relacións internacionais tras ese proceso.
- Comprender en que consiste a globalización e os seus efectos sobre as distintas rexións.
- Describir os principais cambios sociais que se produciron no mundo actual.

- Distionguir as etapas que se diferencian na historia da España democrática e comparar as distintas políticas que se levaron a cabo en cada período.
- Valorar cales foron os logros da democracia e que problemas quedan aínda pendentes.
- Describir os diferentes itinerarios formativos.
- Coñecer os rudimentos do dereito e os riscos laborais.

| Bloque 1: A historia |
|---|

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| e<br>g<br>h<br>i | B1.1. A existencia dun mundo bipolar. A Guerra Fría. | B1.1. Analizar as relacións entre o bloque de EUA e a URSS para comprender o concepto da Guerra Fría. | B1.1.1. Interpreta a evolución dos EUA e da URSS e os seus aliados a partir de fontes literarias e audiovisuais. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | | B1.1.2. Utiliza fontes históricas e historiográficas para comprender e explicar conflitos da época da guerra fría. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CAA |
| b<br>d<br>g<br>h<br>i | B1.2. O proceso de descolonización. | B1.2. Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual. | B1.2.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CCL |
| | | | B1.2.2. Distingue contextos diferentes do mesmo proceso. Por exemplo: África subsahariana (anos 50 e 60) e a India. | CSC<br>CAA |
| | B1.3. A evolución das grandes potencias: URSS e EUA: sociedade, política, economía e cultura. | B1.3. Contrastar as vantaxes e inconvenientes da evolución económica, política, social e cultural dos grandes bloques políticos do século XX e as consecuencias inmediatas e posteriores. | B1.3.1. Relaciona a organización política coa evolución social, económica e cultural dos dous grandes sistemas socioeconómicos de finais do século XX. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | B1.3.2. Desenvolve unha actitude crítica ante os diferentes enfoques dun mesmo feito histórico, analizando e contrastando as fontes de información. | CSC<br>CAA |
| | | | B1.3.3. Sopesa as consecuencias positivas e os problemas que xeran as diferentes posturas para tomar decisións políticas e económicas. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| c<br>d<br>g<br>h<br>i<br>n | B1.4. A ditadura de Franco e a transición política de España cara á democracia. | B1.4.1. Analizar o establecemento da ditadura en España, a súa evolución e consecuencias. | B1.4.1. Coñece o proceso que conduciu da Guerra Civil á ditadura. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | B1.4.2. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social na España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso. | B1.4.2. Describe a situación da posguerra durante a ditadura española na relación con outros contextos similares. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CAA |
| | | | B1.4.3. Axuíza as consecuencias do réxime ditatorial en España no século XX. GRAO MÍNIMO-BASICO | CAA<br>CCL |
| | | | B1.4.4. Elabora unha cronoloxía de acontecementos fundamentais da | CSC<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | transición española. GRAO MÍNIMO-BASICO | |
| | | | B1.4.5. Valora os acertos do proceso de democratización en España. | CSC<br>CAA |
| | | | B1.4.6. Analiza feitos e acontecementos conflitivos na España democrática. GRAO MÍNIMO-BASICO | |
| e<br>g<br>h<br>i | B1.5. O mundo recente entre os séculos XX e XXI. A globalización. A revolución tecnolóxica. Consecuencias. | B1.5. Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a revolución tecnolóxica. Consecuencias. | B1.5.1. Busca na prensa novas sobre algún sector con relacións globalizadas e elabora argumentos a prol e en contra. | CSC<br>CD<br>CCL<br>CAA |
| a<br>d<br>g<br>h<br>j | B1.6. Distintas formas económicas e sociais do capitalismo no mundo. | B1.6. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial. | B1.6.1. Interpreta o renacemento e declive das nacións no novo mapa político europeo da época. | CSC<br>CAA |
| | | | B1.6.2. Comprende os pros e contras do estado de benestar. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC |
| a<br>c<br>d | B1.7. O derrubamento dos réximes soviéticos e as súas consecuencias. | B1.7. Coñecer as causas e consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas. | B1.7.2. Analiza os aspectos políticos, económicos e culturais despois dos cambios producidos | CSC<br>CAA<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| g<br>i<br>j | | | polo colapso da URSS. GRAO MÍNIMO-BASICO | |
| | B1.8. A constitución da Unión Europea. | B1.8. Describir a evolución da construción da Unión Europea. | B1.8.1. Comprende as causas da constitución da Unión Europea. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CCL |
| | | | B1.8.2. Discute sobre a situación actual da Unión Europea e o seu futuro. | CAA<br>CSC<br>CCL |
| Bloque 2: Iniciación á actividade emprendedora e empresarial | | | | |
| a<br>f<br>i<br>p | B2.1. Autonomía e autocoñecemento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade.<br>B2.2. Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional. | B2.1. Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais. | B2.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSIEE<br>CAA |
| | | | B2.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as | CD<br>CAA<br>CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles. | |
| a<br>e<br>f<br>i<br>p | B2.3. Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal. | B2.2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida. | B2.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.<br>B2.2.2. Desenvolve habilidades sociais e actúa de acordo con actitudes e valores democráticos.<br>B2.2.3. Fórmase para mellorar o seu benestar individual e contribuír á cohesión social. | CAA<br>CSIEE |
| a<br>c<br>i<br>p | B2.4. Dereito do traballo.<br>B2.5. Dereitos e deberes derivados da relación laboral.<br>B2.6. Contrato de traballo e negociación colectiva. | B2.3. Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a | B2.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do | CSC<br>CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | B2.7. Seguridade Social. Sistema de protección. Emprego e desemprego.<br>B2.8. Protección do/da traballador/a e beneficios sociais.<br>B2.9. Riscos laborais. Normas. Planificación da protección na empresa. | necesidade de protección dos riscos laborais. | mercado de traballo. GRAO MÍNIMO-BASICO | |
| | | | B2.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva. GRAO MÍNIMO-BASICO | CSC<br>CSIEE<br>CMCCT |
| | | | B2.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas. GRAO MÍNIMO-BASICO | CCL<br>CSC<br>CSIEE |
| | | | B2.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito e indica os métodos de prevención | CSIEE<br>CAA<br>CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano. | |

## *PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.-*

A avaliación terá en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo: as competencias básicas, os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.

***AVALIACIÓN INICIAL.-***

A primeira quincena de clases comezarase cunha avaliación inicial oral ou/e escrita como toma de contacto co alumnado para detectar calquera tipo de problemas ou carencias educativas e de aprendizaxe no que toca a actitudes, coñecementos, vocabulario, expresión, etc.

A avaliación inicial facilítanos un coñecemento moi significativo sobre o grupo de referencia en cuestión e ademais tamén nos nos proporciona información substantiva sobre diversos aspectos individuais dos nosos alumnos e alumnas que nos permitirá:

- Identificar ao alumnado que necesita un maior seguimento ou adaptación de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica.
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos para cada grupo favorecendo a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe, especialmente co titor.

## ***AVALIACION ORDINARIA:***

Ao longo do curso están programadas dúas sesións de avaliación correspondéndose cadansúa cun bimestre. A última delas poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario do mes de xuño polo que o período abranguido entre a avaliación final ordinaria (que se terá que celebrar antes do 21 de xuño do 2023) e a realización das probas extraordinarias (a celebrar entre o 21 e o 23 de xuño do 2023) dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

## ***AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA***

O alumnado que non supere a materia logo da avaliación final do período ordinario terá dereito a realizar unha proba extraordinaria. Asimesmo, o período abranguido entre a avaliación final ordinaria e o remate do período lectivo (antes do 21 de xuño do 2023) dedicarase á preparación das probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Esta proba extraordinaria só será superada cando o alumno obteña unha puntuación igual ou superior a 5.

## ***INSTRUMENTOS, PROCEDEMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.-***

O principal instrumento de avaliación será ***o exame*** que ***suporá un 80% da nota,*** tendo en conta os seguintes aspectos:

- Comentarios de textos, mapas históricos, tábos estatísticas, gráficas, etc
- Cuestións teóricas sobre temas concretos ou conceptos.
- Definición de vocabulario específico de historia.
- Identificación e caracterización de persoaxes históricos ou acontecementos de gran significación histórica.
- Cuestións tipo test sobre diferentes acontecementos ou persoeiros históricos.

Nas probas escritas todas as cuestións irán numeradas especificándose a valoración de cada unha delas e valorarase especialmente unha correcta capacidade discursiva. ***Como mínimo realizarase un exame por avaliación.***

***De xeito complementario tamén se terá en conta a realización de traballos individuais ou en equipo*** sobre cuestións xeográficas e históricas determinadas así como a elaboración de fichas bibliográficas, comentarios de textos e de noticias xornalísticas, cartografía xeográfica e histórica, táboas estatísticas, gráficas, etc, probas orais de aula, lectura comprensiva, comentarios de recursos audiovisuais, seguimento do caderno de clase, etc ***podendo sumar por estes conceptos ata un 20% da nota final.***

A boa presentación, corrección, comprensión, orde e puntualidade serán criterios determinantes á hora de valorar positivamente todos estes traballos. Tamén se terá moi en conta o emprego dun rexistro lingüístico formal e culto, esforzándose por empregar a terminoloxía específica das Ciencias Sociais.

No caso da elaboración de traballos deberase evitar en todo momento o corta/pega tradicional, debendo citar correctamente a bibliografía/webgrafía ou fontes documentais consultadas (textuais, gráficas, cartográficas ou fotográficas, etc) incidindo na súa autoría e procedencia.

Os intentos de engano, fraude, ou copia na realización ou elaboración de calquera proba implicará que a devandita proba sexa cualificada cunha puntuación de 0 puntos.

***Para que o alumnado poida ter unha avaliación positiva terá que acadar como mínimo un 5 que resultará da suma das probas escritas obxectivas (80%) máis dos traballos obrigatorios/voluntarios programados polo profesor tanto na aula como na casa (20%).*** No caso de que a avaliación numérica resultante presentase decimais a ponderación cara a nota seguinte estableceríase a partir de 0,7 (ou sexa, que todo alumnado que iguale ou supere o devandito 0,7 pondería cara a nota seguinte: 5,7 = 6; 6,7 = 7, etc). ***As recuperacións*** serán as determinadas polo profesor.

Para obter unha cualificación positiva na avaliación final a media aritmética das dúas avaliacións parciais deberá ser igual ou superior a 5.

Aqueles alumnos/as que non obteñan unha cualificacíon positiva deberán adicar o período abranguido entre a avaliación final ordinaria e o remate do período lectivo (antes do 21 de xuño do 2023) a actividades recuperación daquelas competencias e estándares de aprendizaxe non superados a través das correspondentes probas escritas (ou orais) (80% da nota) e traballos programados polo docente (boletíns de actividades) tendo dereito á realización dunha proba extraordinaria.

Aqueles alumnos/as que si obteñan unha cualificacíon positiva deberán adicar o período abranguido entre a avaliación final ordinaria e o remate do período lectivo (antes do 21 de xuño do 2023) á realización de actividades de apoio, reforzo ou ampliacións daquelas competencias e estándares de aprendizaxe programados polo docente.

No caso de que houbera alumnos/as que non puideran asistir ao centro por efecto da COVID-19 artellarase un sistema alternativo e complementario de avaliación individualizada. Naquel ***alumnado que presente dificultades de aprendizaxe significativas*** (leves ou máis agravadas) deberán adaptárselle os contidos e recursos materiais subministrados, as diferentes probas escritas e orais e todo tipo de traballos individualizados de aula ou para realizar na casa, sempre en función das prescripcións educativas suxeridas pola figura do/a Orientador/a, do/a Profesora Terapeuta e do propio docente en cuestión.

**TEMPORALIZACIÓN:**

***1ª AVALIACIÓN***

- *TEMA 1: A GUERRA FRÍA.*

- *TEMA 2: A DESCOLONIZACIÓN E O TERCEIRO MUNDO.*
- *TEMA 3: O MUNDO DESDE 1945 ATA A ACTUALIDADE.*
- *TEMA 4: ESPAÑA: DA DITADURA Á DEMOCRACIA.*

***2ª AVALIACIÓN***

- *TEMA 5: A GLOBALIZACIÓN, A REVOLUCIÓN TECNOLÓXICA.*
- *TEMA 6: A CONSTITUCIÓN DA UNIÓN EUROPEA.*
- *TEMA 7: AUTONOMÍA E AUTOCOÑECEMENTO.*
- *TEMA 8: DEREITO DO TRABALLO.*
- *TEMA 9: A PROTECCIÓN  DO TRABALLADOR.*

Esta temporalización será orientativa e flexible dependendo das diferentes ciscunstancias condicionantes que poidan afectar ao proceso de ensino-aprendizaxe ao longo do curso, cando máis, nunha situación excepcional de pandemia sanitaria como a que estamos vivindo.

## *5.- O BACHARELATO.-*

O Bacharelato é a etapa de ensinanza postobrigatoria que debe ter como finalidade contribuír a desenvolver no alumnado aquelas capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática desde unha perspectiva global e adquirir unha conciencia cívica.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe.
- e) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución.
- f) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.
- g) A libre elección de materias optativas que enriquezan e completen a formación do alumnado.

***O IES Chamoso Lamas oferta*** as seguintes materias que pertencen ao Departamento de Xeografía e Historia:

- Para todas as modalidades de bacharelato:
  - Historia de España, materia troncal e obrigatoria en 2º de bacharelato, tanto en réxime de diurno como en nocturno (modalidade semipresencial).

- Para o bacharelato de Humanidades e de Ciencias Sociais:
  - En 1º de bacharelato a materia de Historia do Mundo Contemporáneo, tanto en réxime de diurno como en nocturno (modalidade semipresencial).
  - En 2º de bacharelato as materias optativas, troncais de opción, de Historia da Arte e Xeografía de España, tanto en réxime de diurno como en nocturno (modalidade semipresencial).

## *Os Obxectivos do Bacharelato:*

O artigo 3º do Decreto 86/2015 determina aqueles obxectivos que contribuirán a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática dende unha perspectiva global e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de Autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa que favoreza a sustentabilidade.
- b)Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de maneira responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Reforzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para aproveitar eficazmente as aprendizaxes e máis como medio para o desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar eficazmente e con responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución.. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora da súa contorna social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas e propias da modalidade de bacharelato elixida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais dos métodos científicos e da investigación. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o rerspecto do medio natural e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, autoconfianza e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o sentido estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a Educación Física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social e impulsar condutas e hábitos saudables.
- n) Reforzar actitudes de respecto e de prevención no ámbito da seguridade viaria.
- o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## *As competencias clave na área de coñecemento de Xeografía e Historia para o Bacharelato.-*

As materias contidas na Área de Coñecemento das Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, unen ao carácter instrutivo o elemento contextualizador axudando a centrar unha información dentro dunha perspectiva social.

### *A competencia social e cidadá (CSC):*

É a que adquire un maior desenvolvemento xa que axuda a comprender conceptos como os dereitos humanos, a diversidade cultural e social ou a importancia das institucións democráticas, reforzando así a conciencia social e cidadá, favorecendo a participación social e a comprensión e o respecto cara a diversidade social e cultural.

### *A competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):*

Tratarase ao abordar o estudo da evolución tecnolóxica e económica das sociedades, e ao estudar os importantes cambios que implementan co seu impacto na vida cotiá e no proceso evolutivo das diferentes sociedades, sobre todo aquelas vencelladas as sucesivas revolucións industriais.

### *A competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC):*

Esta competencia supón apreciar, comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas materiais e inmateriais, utilizalas para o enriquecemento persoal e estimalas como elementos do patrimonio cultural do que dispoñemos e que é preciso preservar e conservar. A contribución da nosa área concrétase facilitando a selección e o coñecemento de obras de arte relevantes, ben polo seu significado na caracterización de estilos e artistas, ben como manifestacións culturais sobranceiras dunha determinada época e/ou sociedade.

### *A competencia dixital (CD):*

Resulta fundamental nos tempos actuais xa que a utilización de información procedente da rede debe ir parella ao desenvolvemento dun pensamento crítico que permita discernir a súa veracidade e rigor científico.

### *A competencia lingüística (CCL):*

Atópase vinculada á análise dos diferentes tipos de fontes históricas o que implica non só coñecer e utilizar un vocabulario específico da área de coñecemento en cuestión senón cotexar e contrastas información, comprendela, elaborar sínteses e comentarios e expoñer ideas propias.

## *A competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):*

Procura unha formación integral que valore a importancia da interacción entre ciencia e tecnoloxía e a súa achega á historia, á arte e á xeografía. Así, na Área das Ciencias Sociais é necesario interpretar escalas numéricas e gráficas, así como comparar a información cuantitativa de táboas estatísticas, listaxes, gráficas/os e mapas. Tamén é necesario facer cálculos matemáticos sinxelos para comparar distancias, dimensións e diferencias horarias. Asimesmo, e sobre todo na materia de Xeografía, resulta necesario coñecer e aplicar coñecementos científicos básicos en relación coa Xeoloxía (estudo do relevo), a bioloxía (a noción de ecosistema e a súa importancia para a comprensión do mundo físico, a noción de evolución para a comprensión do proceso de hominización, por exemplo).

## *A competencia de aprender a aprender (CAA):*

Constitúe un elemento fundamental debido á necesidade de utilizar no traballo diario das diferentes materias distintas ferramentas de aprendizaxe como esquemas, mapas conceptuais ou eixes cronolóxicos. Supón mergullarse na aprendizaxe dun xeito autónomo. O obxectivo é ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe atopando respostas que se correspondan cun coñecemento racional, asumindo que poden ser diversas e que é posible atopalas dende distintas perspectivas metodolóxicas. Para asumir esta competencia é preciso tamén coñecer o que se sabe e o que queda por aprender, orientando os procesos de aprendizaxe ata as nosas capacidades.

### *O Bacharelato de Adultos en réxime de semipresencialidade: unhas pequenas consideracións.-*

*No IES Chamoso Lamas impártese en sesión de tarde a partir das 18:00 horas de luns a xoves a Ensinanza de Bacharelato para Adultos en réxime de semipresenacialidade. Ó Departamento de Xeografía e Historia correspóndenlle as mesmas materias que no Bacharelato en réxime de diurno polo que os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe esixidos serán os mesmos, ao igual que os instrumentos, procedementos e criterios de avaliación e cualificación. Únicamente será diferente a metodoloxía didáctica empregada (e así se fará constar no referido apartado) como así o require a dedicación horaria tan escasa (unha hora por materia máis unha hora semanal de titoria por nivel académico) asignada a este tipo de estudos oficiais.*

# *2º CURSO DE BACHARELATO: HISTORIA DE ESPAÑA: OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.*

### *Concreción dos obxectivos da materia.-*

- Comprender os principais procesos económicos, políticos, sociais e culturais que configuran a historia de España, identificando os seus trazos máis significativos e analizando os factores que os conforman.
- Explicar, situándoos axeitadamente no tempo e no espazo, feitos e acontecementos relevantes da Galicia e da España contemporáneas, valorando a súa significación histórica e as súas repercusións no presente.
- Comprender a dimensión internacional da Historia de España, adquirindo unha visión global dos problemas e proxectos colectivos que supere enfoques localistas e promova actitudes tolerantes e democráticas.
- Identificar e comprender os problemas importantes de España e de Galicia no presente, analizando o seu xerme, evolución e consecuencias, valorando os proxectos de futuro da sociedade da que forman parte.
- Analizar e explicar a pluralidade e a diversidade de realidades históricas que conforman a España actual, comprendendo os desequilibrios territoriais existentes e os diferentes graos de desenvolvemento cunha actitude solidaria e participativa na defensa de proxectos que conduzan a mitigalos ou minorizalos.
- Iniciarse en traballos de investigación con pequenos estudos, informes e sínteses coherentes, manexando con rigor os conceptos propios da Historia coa finalidade de extraer información de fontes directas, valorar diferentes interpretacións historiográficas e comprobar a validez das análises políticas e socioeconómicas.
- Valorar a pertenza a unha comunidade plurinacional como España dende posicións solidarias e respectuosas con outras comunidades, Estados e culturas.
- Comprender que o patrimonio natural, cultural, histórico e artístico galego posúe un valor de seu que é preciso conservar, preservar e protexer.

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 0: Como se escribe a Historia. Criterios comúns | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B0.1. Método histórico. Fontes e perspectivas. | ▪ B0.1. Localizar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas) en bibliotecas, internet, etc., e extraer información salientable sobre o tratado, valorando criticamente a súa fiabilidade. | ▪ HEB0.1.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística dun personaxe historicamente salientable, un feito ou un proceso histórico, e elabora unha breve exposición. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B0.2. Análise e comentario de fontes. | ▪ B0.2. Elaborar mapas e liñas de tempo, localizando as fontes adecuadas, utilizando os datos proporcionados ou servíndose dos coñecementos xa adquiridos. | ▪ HEB0.2.1. Representa unha liña do tempo situando nunha ringleira os principais acontecementos relativos a determinados feitos ou procesos históricos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B0.3. Utilidade das fontes. | ▪ B0.3. Comentar e interpretar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas), relacionando a súa información cos coñecementos previos. | ▪ HEB0.3.1. Responde a cuestións propostas a partir de fontes históricas e historiográficas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B0.4. Mapas e liñas do tempo. | ▪ B0.4. Recoñecer a utilidade das fontes para o/a historiador/a, á parte da súa fiabilidade. | ▪ HEB0.4.1. Distingue o carácter das fontes históricas non só como información, senón tamén como proba para responder ás preguntas que se formulan os/as historiadores/as. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | Bloque 1. A Península Ibérica desde os primeiros humanos ata a desaparición da monarquía Visigoda (711) | | | |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B1.1. Da prehistoria á monarquía visigoda: prehistoria (evolución do Paleolítico ao Neolítico; pintura cantábrica e levantina; importancia da metalurxia); configuración das áreas celta e ibérica (Tartesos, indoeuropeos e colonizadores orientais; cultura castrexa); Hispania romana (conquista e romanización da Península; legado cultural romano; exemplo galego); monarquía visigoda (ruralización da economía; poder da Igrexa e a nobreza). | ▪ B1.1. Explicar as características dos principais feitos e procesos históricos da Península Ibérica desde a prehistoria ata a desaparición da monarquía visigoda, e identificar as súas causas e consecuencias. | ▪ HEB1.1.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e do Neolítico, e as causas do cambio. GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CCS |
| | | | ▪ HEB1.1.2. Identifica as diferenzas entre unha imaxe de pintura cantábrica e outra de pintura levantina. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ HEB1.1.3. Describe os avances no coñecemento das técnicas metalúrxicas e explica as súas repercusións. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB1.1.4. Resume as características principais do reino de Tartesos e cita as fontes históricas para o seu coñecemento.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB1.1.5. Explica o diferente nivel de desenvolvemento das áreas celta e ibérica en vésperas da conquista romana en relación coa influencia recibida dos indoeuropeos, o reino de Tartesos e os colonizadores fenicios e gregos. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ HEB1.1.6. Debuxa un mapa esquemático da Península Ibérica e delimita nel as áreas ibérica e celta. GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB1.1.7. Define o concepto de romanización e describe os medios empregados para levala a cabo.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ HEB1.1.8. Compara o ritmo e grao de romanización dos territorios peninsulares. GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ HEB1.1.9. Resume as características da monarquía visigoda e explica por que alcanzou tanto poder a igrexa e a nobreza.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB1.1.10. Procura información de interese (en libros e internet) sobre o mantemento cultural e artístico do legado romano na España actual, e elabora unha breve exposición. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ HEB1.1.11. Representa unha liña do tempo desde 250 a.C. ata 711 d.C., e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB1.1.12. Partindo de fontes historiográficas, responde a cuestións ou situacións. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | Bloque 2. A Idade Media: tres culturas e un mapa político en constante cambio (711-1474) | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B2.1. Al-Andalus: conquista musulmá da Península; evolución política de Al-Andalus; revitalización económica e urbana; estrutura social; relixión, cultura e arte. | ▪ B2.1. Explicar a evolución dos territorios musulmáns na Península, describindo as súas etapas políticas e os cambios económicos, sociais e culturais que introduciron. | ▪ HEB2.1.1. Explica as causas da invasión musulmá e da súa rápida ocupación da Península. GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB2.1.2. Representa unha liña do tempo desde 711 ata 1474 e sitúa nunha ringleira os principais acontecementos relativos a Al-Andalus e noutra os | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | relativos aos reinos cristiáns.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC |
| | | | ▪ HEB2.1.3. Describe a evolución política de Al-Andalus.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB2.1.4. Resume os cambios económicos, sociais e culturais introducidos polos musulmáns en Al-Andalus.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B2.2. Os reinos cristiáns do século XIII ao XV: evolución política; nacemento das Cortes. Os reinos cristiáns na baixa Idade Media (séculos XIV e XV): diferente evolución e organización política das coroas de Castela, Aragón e Navarra. Proceso de reconquista e repoboación. | ▪ B2.2. Explicar a evolución e configuración política dos reinos cristiáns, en relación co proceso de reconquista e o concepto patrimonial da monarquía. | ▪ HEB2.2.1. Describe as grandes etapas e as causas xerais que conducen ao mapa político da Península Ibérica ao remate da Idade Media. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB2.2.2. Explica a orixe das Cortes nos reinos cristiáns e as súas principais funcións.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB2.2.3. Compara a organización política da coroa de Castela, a de Aragón e o reino de Navarra ao remate da Idade Media.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB2.2.4. Comenta o ámbito territorial e as características de cada sistema de repoboación, así como as súas causas e as súas consecuencias.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B2.3. Os reinos cristiáns na Idade Media: réxime señorial e sociedade estamental. Tensións sociais. | ▪ B2.3. Diferenciar as tres grandes fases da evolución económica dos reinos cristiáns durante toda a Idade Media (estancamento, expansión e crise), e sinalar os seus factores e as súas características. | ▪ HEB2.3.1. Describe as grandes fases da evolución económica dos territorios cristiáns durante a Idade Media. GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ p | | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B2.4. Os reinos cristiáns na Idade Media: do estancamento á expansión económica. Crises agraria e demográfica. | ▪ B2.4. Analizar a estrutura social dos reinos cristiáns e describir o réxime señorial e as características da sociedade estamental. | ▪ HEB2.4.1. Explica a orixe e as características do réxime señorial e a sociedade estamental no ámbito cristián.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B2.5. O Camiño de Santiago. Unha cultura plural: cristiáns, musulmáns e xudeus. Manifestacións artísticas. | ▪ B2.5. Describir as relacións culturais de cristiáns, musulmáns e xudeus, e especificar as súas colaboracións e as influencias mutuas. | ▪ HEB2.5.1. Describe o labor dos centros de tradución. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ HEB2.5.2. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística do Camiño de Santiago, e elabora unha breve exposición. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | Bloque 3. A formación da monarquía hispánica e a súa expansión mundial (1474-1700) | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B3.1. Os Reis Católicos: unión dinástica de Castela e Aragón; reorganización do Estado; política relixiosa; conquista de Granada; descuberta de América; incorporación de Navarra; relacións con Portugal. | ▪ B3.1. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna, e identificar as reminiscencias medievais e os feitos salientables que abren o camiño á modernidade. | ▪ HEB3.1.1. Define o concepto de unión dinástica aplicado a Castela e Aragón en tempos dos Reis Católicos e describe as características do novo Estado.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB3.1.2. Explica as causas e as consecuencias dos feitos máis relevantes de 1492.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB3.1.3. Analiza as relacións dos Reis Católicos con | ▪ CCL |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | Portugal e os obxectivos que perseguían. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B3.2. Auxe do Imperio no século XVI: dominios de Carlos I e de Filipe II; modelo político dos Austrias; conflitos internos; conflitos relixiosos no seo do Imperio; conflitos exteriores; exploración e colonización de América e do Pacífico; política económica respecto a América; a revolución dos prezos e o custo do Imperio. | ▪ B3.2. Explicar a evolución e a expansión da monarquía hispánica durante o século XVI, diferenciando os reinados de Carlos I e Filipe II. | ▪ HEB3.2.1. Compara os imperios territoriais de Carlos I e de Filipe II, e explica os problemas que provocaron.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB3.2.2. Explica a expansión colonial en América e no Pacífico durante o século XVI.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB3.2.3. Analiza a política respecto a América no século XVI e as súas consecuencias para España, Europa e a poboación americana. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B3.3. Crise e decadencia do Imperio no século XVII: os validos; expulsión dos mouriscos; proxectos de reforma de Olivares; guerra dos Trinta Anos e perda da hexemonía en Europa en favor de Francia; rebelións de Cataluña e Portugal en 1640; Carlos II e o problema sucesorio; crise demográfica e económica. | ▪ B3.3. Explicar as causas e as consecuencias da decadencia da monarquía hispánica no século XVII, relacionando os problemas internos, a política exterior e a crise económica e demográfica. | ▪ HEB3.3.1. Describe a práctica do valemento e os seus efectos na crise da monarquía.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB3.3.2. Explica os principais proxectos de reforma do Conde Duque de Olivares.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB3.3.3. Analiza as causas da guerra dos Trinta Anos e as súas consecuencias para a monarquía hispánica e para Europa.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HEB3.3.4. Compara e comenta as rebelións de Cataluña e Portugal de 1640.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ HEB3.3.5. Explica os principais factores da crise demográfica e económica do século XVII, e as súas consecuencias.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB3.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1474 ata 1700, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B3.4. Século de Ouro español: do Humanismo á Contrarreforma; Renacemento e Barroco na literatura e na arte. | ▪ B3.4. Recoñecer as grandes achegas culturais e artísticas do Século de Ouro español, extraendo información de interese en fontes primarias e secundarias (en bibliotecas, internet, etc.). | ▪ HEB3.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre os seguintes pintores do Século de Ouro español: El Greco, Ribera, Zurbarán, Velázquez e Murillo. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | Bloque 4. España na órbita francesa: o reformismo dos primeiros Borbóns (1700-1788) | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B4.1. Cambio dinástico e Guerra de Sucesión: unha contenda civil e europea; a Paz de Utrecht e o novo equilibrio europeo; os pactos de familia con Francia. | ▪ B4.1. Analizar a Guerra de Sucesión española como contenda civil e europea, e explicar as súas consecuencias para a política exterior española e a nova orde internacional. | ▪ HEB4.1.1. Explica as causas da Guerra de Sucesión Española e a composición dos bandos en conflito.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB4.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1700 ata 1788, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB4.1.3. Detalla as características da nova orde europea xurdida da Paz de Utrecht e o papel de España nela.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B4.2. Reformas institucionais: novo modelo de Estado; Administración en América; Facenda Real; relacións Igrexa-Estado. | ▪ B4.2. Describir as características do novo modelo de Estado, especificando o alcance das reformas promovidas polos primeiros monarcas da dinastía borbónica. | ▪ HEB4.2.1. Define os decretos de nova planta e explica a súa importancia na configuración do novo Estado borbónico.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB4.2.2. Elabora un esquema comparativo do modelo político dos Austrias e dos Borbóns.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HEB4.2.3. Explica as medidas que adoptaron ou proxectaron os primeiros Borbóns para sanear a Facenda Real.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB4.2.4. Describe as relacións Igrexa-Estado e as causas da expulsión dos xesuítas.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B4.3. Economía e política económica: recuperación demográfica; problemas da agricultura, a industria e o comercio; liberalización do comercio con América. | ▪ B4.3. Comentar a situación inicial dos sectores económicos, detallando os cambios introducidos e os obxectivos da nova política económica. | ▪ HEB4.3.1. Compara a evolución demográfica do século XVIII coa da centuria anterior. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HEB4.3.2. Desenvolve os principais problemas da agricultura e as medidas impulsadas por Carlos III neste sector.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB4.3.3. Explica a política industrial da monarquía e as medidas adoptadas respecto ao comercio con América.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B4.4. Engalaxe económica de Cataluña. Estancamento económico de Galicia. | ▪ B4.4. Explicar a engalaxe económica de Cataluña, en comparación coa evolución económica do resto de España. | ▪ HEB4.4.1. Especifica as causas da engalaxe económica de Cataluña no século XVIII.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ m<br>▪ p | | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B4.5. A Ilustración en España e Galicia: proxectistas, anovadores e ilustrados; despotismo ilustrado; novo concepto de educación; Sociedades Económicas de Amigos do País; prensa periódica. | ▪ B4.5. Expor os conceptos fundamentais do pensamento ilustrado, identificando as súas vías de difusión. | ▪ HEB4.5.1. Comenta as ideas fundamentais da Ilustración e define o concepto de despotismo ilustrado. GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ HEB4.5.2. Razoa a importancia das Sociedades Económicas de Amigos do País e da prensa periódica na difusión dos valores da Ilustración. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | Bloque 5. A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B5.1. Impacto da Revolución Francesa: relacións entre España e Francia; Guerra da Independencia. | ▪ B5.1. Analizar as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a Guerra da Independencia, e especificar en cada fase os principais acontecementos e as súas repercusións para España. | ▪ HEB5.1.1. Resume os cambios que experimentan as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata o comezo da Guerra de Independencia.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB5.1.2. Describe a Guerra da Independencia: as súas causas, a composición dos bandos en conflito e o desenvolvemento dos acontecementos.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B5.2. Primeiro intento de revolución liberal, Cortes de Cádiz e Constitución de 1812. | ▪ B5.2. Comentar o labor lexislador das Cortes de Cádiz, en relación co ideario do liberalismo. | ▪ HEB5.2.1. Compara as Cortes de Cádiz coas estamentais do Antigo Réxime. GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HEB5.2.2. Comenta as características esenciais da | ▪ CCL |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ p | | | Constitución de 1812.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B5.3. Reinado de Fernando VII: restauración do absolutismo; trienio liberal; reacción absolutista. | ▪ B5.3. Describir as fases do reinado de Fernando VII, e explicar os principais feitos de cada unha. | ▪ HEB5.3.1. Detalla as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB5.3.2. Define o carlismo e resume a súa orixe e os apoios con que contaba inicialmente. GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB5.3.3. Representa unha liña do tempo desde 1788 ata 1833 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB5.3.4. Representa nun esquema as diferenzas, en canto a sistema político e estrutura social, entre o Antigo Réxime e o réxime liberal burgués. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B5.4. Emancipación da América española: protagonismo crioulo; fases do proceso; repercusións para España. | ▪ B5.4. Explicar o proceso de independencia das colonias americanas, diferenciando as súas causas e as súas fases, así como as repercusións económicas para España. | ▪ HEB5.4.1. Explica as causas e o desenvolvemento do proceso de independencia das colonias americanas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB5.4.2. Especifica as repercusións económicas para España da independencia das colonias americanas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B5.5. A obra de Goya como testemuño da época. | ▪ B5.5. Relacionar as pinturas e os gravados de Goya cos acontecementos deste período, e identificar nelas o reflexo da situación e os feitos contemporáneos. | ▪ HEB5.5.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre Goya e elabora unha breve exposición sobre a súa visión da guerra. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ n | | | | |
| | Bloque 6. A conflitiva construción do Estado liberal (1833-1874) | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B6.1. O carlismo como derradeiro bastión absolutista: ideario e apoios sociais; as dúas primeiras guerras carlistas. | ▪ B6.1. Describir o fenómeno do carlismo como resistencia absolutista fronte á revolución liberal, analizando os seus compoñentes ideolóxicos, as súas bases sociais, a súa evolución no tempo e as súas consecuencias. | ▪ HEB6.1.1. Identifica o ámbito xeográfico do carlismo e explica o seu ideario e os seus apoios sociais.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB6.1.2. Especifica as causas e consecuencias das dúas primeiras guerras carlistas. GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB6.1.3. Representa unha liña do tempo desde 1833 ata 1874 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B6.2. Triunfo e consolidación do liberalismo no reinado de Isabel II: primeiros partidos políticos; protagonismo político dos militares; lexislación económica de signo liberal; nova sociedade de clases. | ▪ B6.2. Analizar a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II, explicar o protagonismo dos militares e especificando os cambios políticos, económicos e sociais. | ▪ HEB6.2.1. Describe as características dos partidos políticos que xurdiron durante o reinado de Isabel II.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB6.2.2. Resume as etapas da evolución política do reinado de Isabel II desde a súa minoría de idade, e explica o papel dos militares. GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB6.2.3. Explica as medidas de liberalización do mercado da terra levadas a cabo durante o reinado de Isabel II.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ HEB6.2.4. Compara as desamortizacións de Mendizábal e Madoz, e especifica os obxectivos dunha e outra.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB6.2.5. Especifica as características da nova sociedade de clases e compáraa coa sociedade estamental do Antigo Réxime. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B6.3. Proceso constitucional. | ▪ B6.3. Explicar o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II, en relación coas correntes ideolóxicas dentro do liberalismo e a súa loita polo poder. | ▪ HEB6.3.1. Compara o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837 e 1845.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B6.4. Sexenio Democrático: revolución de 1868 e caída da monarquía isabelina; procura de alternativas políticas e monarquía de Amadeo I; primeira República; guerra de Cuba, terceira guerra carlista e insurrección cantonal. | ▪ B6.4. Explicar o Sexenio Democrático como período de procura de alternativas democráticas á monarquía isabelina, especificando os grandes conflitos internos e externos que desestabilizaron o país. | ▪ HEB6.4.1. Explica as etapas políticas do Sexenio Democrático. GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB6.4.2. Describe as características esenciais da Constitución democrática de 1869.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB6.4.3. Identifica os grandes conflitos do sexenio e explica as súas consecuencias políticas.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B6.5. Inicios do movemento obreiro español: condicións de vida da poboación obreira e labrega; a Asociación Internacional de Traballadores e o xurdimento das correntes anarquista e socialista. | ▪ B6.5. Describir as condicións de vida das clases traballadoras e os inicios do movemento obreiro en España, en relación co desenvolvemento do movemento obreiro internacional. | ▪ HEB6.5.1. Relaciona a evolución do movemento obreiro español durante o Sexenio Democrático coa do movemento obreiro internacional.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ p | | | | |
| | Bloque 7. A Restauración Borbónica: implantación e afianzamento dun novo sistema político (1874-1902) | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B7.1. Teoría e realidade do sistema canovista: inspiración no modelo inglés; a Constitución de 1876 e o bipartidismo; quenda de partidos, caciquismo e fraude electoral. | ▪ B7.1. Explicar o sistema político da Restauración, distinguindo a súa teoría e o seu funcionamento real. | ▪ HEB7.1.1. Explica os elementos fundamentais do sistema político ideado por Cánovas.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB7.1.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1876.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB7.1.3. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración. GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB7.1.4. Representa unha liña do tempo desde 1874 ata 1902 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B7.2. Oposición ao sistema: catalanismo, nacionalismo vasco, rexionalismo galego e movemento obreiro. | ▪ B7.2. Analizar os movementos políticos e sociais excluídos do sistema, especificando a súa evolución durante o período estudado. | ▪ HEB7.2.1. Resume a orixe e a evolución do catalanismo, o nacionalismo vasco e o rexionalismo galego.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ HEB7.2.2. Analiza as correntes ideolóxicas do movemento obreiro e labrego español, así como a súa evolución durante o derradeiro cuarto do século XIX.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ d | ▪ B7.3. Éxitos políticos: estabilidade e consolidación do poder civil; liquidación do problema carlista; | ▪ B7.3. Describir os principais logros do reinado de Afonso XII e a rexencia de María Cristina, inferindo as súas | ▪ HEB7.3.1. Compara o papel político dos militares no reinado de Afonso XII co das etapas precedentes do | ▪ CCL |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ i | solución temporal do problema de Cuba. | repercusións na consolidación do novo sistema político. | século XIX.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB7.3.2. Describe a orixe, o desenvolvemento e as repercusións da terceira guerra carlista. GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B7.4. Perda das derradeiras colonias e crise de 1898: guerra de Cuba e con Estados Unidos; Tratado de París; rexeneracionismo. | ▪ B7.4. Explicar o desastre colonial e a crise do 98, identificando as súas causas e as súas consecuencias. | ▪ HEB7.4.1. Explica a política española respecto ao problema de Cuba. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB7.4.2. Sinala os principais feitos do desastre colonial de 1898 e as consecuencias territoriais do Tratado de París.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB7.4.3. Especifica as consecuencias para España da crise do 98 nos ámbitos económico, político e ideolóxico.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | Bloque 8. Continuidade e transformacións económicas no século XIX: un desenvolvemento insuficiente | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B8.1. Lento crecemento da poboación: mantemento dun réxime demográfico antigo; excepción de Cataluña. | ▪ B8.1. Explicar a evolución demográfica de España ao longo do século XIX, comparando o crecemento da poboación española no seu conxunto co de Cataluña e o dos países máis avanzados de Europa. | ▪ HEB8.1.1. Identifica os factores do lento crecemento demográfico español no século XIX. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB8.1.2. Compara a evolución demográfica de Cataluña coa do resto de España no século XIX. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B8.2. Economía española no XIX: agricultura protexida e estancada (efectos das desamortizacións; baixos rendementos); deficiente industrialización (industria téxtil catalá, siderurxia e a minaría); dificultades dos transportes (condicionamentos xeográficos; rede de ferrocarrís); comercio (proteccionismo fronte a librecambismo); finanzas (a peseta como unidade monetaria; desenvolvemento da banca moderna; problemas da Facenda; investimentos estranxeiros. O caso galego. | ▪ B8.2. Analizar os sectores económicos e especificar a situación herdada, as transformacións de signo liberal e as consecuencias que se derivan delas. | ▪ HEB8.2.1. Explica os efectos económicos das desamortizacións de Mendizábal e Madoz.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB8.2.2. Especifica as causas dos baixos rendementos da agricultura española do século XIX. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB8.2.3. Describe a evolución da industria téxtil catalá, a siderurxia e a minaría ao longo do século XIX.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB8.2.4. Compara a revolución industrial española coa dos países máis avanzados de Europa. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB8.2.5. Relaciona as dificultades do transporte e o comercio interior cos condicionamentos xeográficos.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB8.2.6. Explica os obxectivos da rede ferroviaria e as consecuencias da lei xeral de ferrocarrís de 1855.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB8.2.7. Compara os apoios, os argumentos e as actuacións de proteccionistas e librecambistas ao longo do século XIX.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ HEB8.2.8. Explica o proceso que conduciu á unidade monetaria e á banca moderna. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB8.2.9. Explica a reforma Mon-Santillán da Facenda pública e os seus efectos. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB8.2.10. Especifica como os investimentos en España de Francia e de Inglaterra afectaron o modelo de desenvolvemento económico español durante o século XIX. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | Bloque 9. A crise do sistema da Restauración e a caída da monarquía (1902-1931) | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B9.1. Intentos de modernización do sistema: revisionismo político dos primeiros gobernos de Afonso XIII; oposición de republicanos e nacionalistas cataláns, vascos, galegos e andaluces. | ▪ B9.1. Relacionar o rexeneracionismo xurdido da crise do 98 co revisionismo político dos primeiros gobernos, e especificar as súas actuacións máis importantes. | ▪ HEB9.1.1. Define en que consistiu o revisionismo político inicial do reinado de Afonso XIII, e as principais medidas adoptadas.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB9.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1902 ata 1931, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB9.1.3. Elabora un esquema cos factores internos e externos da quebra do sistema político da Restauración. GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d | ▪ B9.2. Quebra do sistema: impacto dos | ▪ B9.2. Analizar as causas da quebra do sistema político da | ▪ HEB9.2.1. Especifica a evolución das forzas políticas de | ▪ CCL |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ i | acontecementos exteriores (intervención en Marrocos; I Guerra Mundial; Revolución Rusa); crecente axitación social (Semana Tráxica de Barcelona; crise xeral de 1917; "trienio bolchevique" en Andalucía). | Restauración e identificar os factores internos e os externos. | oposición ao sistema: republicanos e nacionalistas. GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CSC |
| | | | ▪ HEB9.2.2. Explica as repercusións da I Guerra Mundial e da Revolución Rusa en España.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB9.2.3. Analiza as causas, os principais feitos e as consecuencias da intervención de España en Marrocos entre 1904 e 1927.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB9.2.4. Analiza a crise xeral de 1917: as súas causas, manifestacións e consecuencias.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B9.3. Ditadura de Primo de Rivera: directorio militar e directorio civil; remate da guerra de Marrocos; caída da ditadura; afundimento da monarquía. | ▪ B9.3. Explicar a ditadura de Primo de Rivera como solución autoritaria á crise do sistema, e describir as súas características, etapas e actuacións. | ▪ HEB9.3.1. Especifica as causas do golpe de estado de Primo de Rivera e os apoios con que contou inicialmente.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB9.3.2. Describe a evolución da ditadura de Primo de Rivera, desde o directorio militar ao directorio civil e o seu remate.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ GRAO MÍNIMO-BÁSICOHEB9.3.3. Explica as causas da caída da monarquía. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B9.4. Crecemento económico e cambios demográficos no primeiro terzo do século: efectos da Guerra Mundial na economía española; intervencionismo estatal da ditadura; transición ao réxime demográfico moderno; movementos migratorios; transvasamento de poboación da | ▪ B9.4. Explicar a evolución económica e demográfica no primeiro terzo do século XX, en relación coa situación herdada do século XIX. | ▪ HEB9.4.1. Analiza os efectos da I Guerra Mundial sobre a economía española. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB9.4.2. Describe a política económica da ditadura de Primo de Rivera.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ p | agricultura á industria. | | ▪ HEB9.4.3. Explica os factores da evolución demográfica de España no primeiro terzo do século XX. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | Bloque 10. A II República. A Guerra Civil nun contexto de crise internacional (1931-1939) | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B10.1. A II República como solución democrática ao afundimento do sistema da Restauración. | ▪ B10.1. Explicar a II República como solución democrática ao afundimento do sistema político da Restauración, enmarcándoa no contexto internacional de crise económica e conflitividade social. | ▪ HEB10.1.1. Explica as causas que levaron á proclamación da II República e relaciona as súas dificultades coa crise económica mundial dos anos 30.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB10.1.2. Diferencia as forzas de apoio e oposición á República nos seus comezos, e describe as súas razóns e as principais actuacións.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B10.2. Evolución política durante a II República: bienio reformista (Constitución de 1931; política de reformas; Estatuto de Cataluña; forzas de oposición á República); bienio radical-cedista (política restauradora e radicalización popular; revolución de Asturias); Fronte Popular (primeiras actuacións do Goberno; preparación do golpe militar). | ▪ B10.2. Diferenciar as etapas da República ata o comezo da Guerra Civil, especificando os feitos e as actuacións principais en cada unha. | ▪ HEB10.2.1. Resume as reformas impulsadas durante o bienio reformista da República.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB10.2.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1931.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB10.2.3. Analiza o proxecto de reforma agraria: as súas razóns, o seu desenvolvemento e os seus efectos.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB10.2.4. Compara as actuacións do bienio radical-cedista coas do bienio anterior.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HEB10.2.5. Describe as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución de Asturias de 1934.GRAO | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | MÍNIMO-BÁSICO | |
| | | | ▪ HEB10.2.6. Explica as causas da formación da Fronte Popular e as actuacións tras o seu triunfo electoral, ata o comezo da guerra. GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B10.3. Guerra Civil: sublevación e desenvolvemento da guerra; dimensión internacional do conflito; evolución das dúas zonas; consecuencias da guerra. | ▪ B10.3. Analizar a Guerra Civil, identificando as súas causas e as consecuencias, a intervención internacional e o curso dos acontecementos nas dúas zonas. | ▪ HEB10.3.1. Especifica os antecedentes da Guerra Civil.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB10.3.2. Relaciona a Guerra Civil española co contexto internacional.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB10.3.3. Compara a evolución política e a situación económica dos dous bandos durante a guerra.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB10.3.4. Especifica os custos humanos e as consecuencias económicas e sociais da guerra. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB10.3.5. Sintetiza nun esquema as grandes fases da guerra, desde o punto de vista militar. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB10.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1931 ata 1939, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e | ▪ B10.4. Idade de Prata da cultura española: da xeración do 98 á do 36. | ▪ B10.4. Valorar a importancia da Idade de Prata da cultura española, e expor as achegas das xeracións e das figuras | ▪ HEB10.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a Idade | ▪ CCL<br>▪ CD |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | | máis representativas. | de Prata da cultura española. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | Bloque 11. A ditadura franquista (1939-1975) | | | |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B11.1. Características e evolución do franquismo: postguerra (grupos ideolóxicos e apoios sociais do franquismo; oscilantes relacións co exterior; configuración política do novo Estado; represión política; autarquía económica); anos do "desenvolvemento" (plans de desenvolvemento e o crecemento económico; transformacións sociais; reafirmación política do réxime; política exterior; crecente oposición ao franquismo); fin do franquismo (inestabilidade política; dificultades exteriores; efectos da crise económica internacional de 1973). | ▪ B11.1. Analizar as características do franquismo e a súa evolución no tempo e especificar as transformacións políticas, económicas e sociais que se produciron, en relación coa cambiante situación internacional. | ▪ HEB11.1.1. Elabora un esquema cos grupos ideolóxicos e os apoios sociais do franquismo na súa etapa inicial.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB11.1.2. Diferencia etapas na evolución de España durante o franquismo, e resume os trazos esenciais de cada unha. GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB11.1.3. Explica a organización política do Estado franquista.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB11.1.4. Explica as relacións exteriores, a evolución política e a situación económica de España desde o | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | remate da Guerra Civil ata 1959.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | |
| | | | ▪ HEB11.1.5. Explica as relacións exteriores, a evolución política e as transformacións económicas e sociais de España desde 1959 ata 1973.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB11.1.6. Especifica as causas da crise final do franquismo desde 1973.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB11.1.7. Relaciona a evolución política do réxime cos cambios que se producen no contexto internacional.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HEB11.1.8. Explica a política económica do franquismo nas súas etapas e a evolución económica do país.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB11.1.9. Describe as transformacións que experimenta a sociedade española durante os anos do franquismo, así como as súas causas.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB11.1.10. Especifica os grupos de oposición política ao réxime franquista e comenta a súa evolución no tempo.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB11.1.11. Representa unha liña do tempo desde 1939 ata 1975, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ b | ▪ B11.2. Cultura española durante o franquismo: | ▪ B11.2. Describir a diversidade cultural do período, | ▪ HEB11.2.1. Procura información de interese (en libros e | ▪ CCL |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ p | cultura oficial; cultura do exilio; cultura interior á marxe do sistema. | distinguindo as súas manifestacións. | internet) e elabora unha breve exposición sobre a cultura do exilio durante o franquismo. | CD<br>▪ CSIEE<br>CCEC |
| | Bloque 12. Normalización democrática de España e integración en Europa (desde 1975) | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B12.1. Transición á democracia: crise económica mundial; alternativas políticas ao franquismo, continuísmo, reforma ou ruptura; o papel do Rei; a lei para a reforma política; primeiras eleccións democráticas. | ▪ B12.1. Describir as dificultades da transición á democracia desde o franquismo nun contexto de crise económica, e explicar as medidas que permitiron a celebración das primeiras eleccións democráticas. | ▪ HEB12.1.1. Explica as alternativas políticas que se propuñan tras a morte de Franco, e quen defendía cada unha.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB12.1.2. Describe o papel desempeñado polo Rei durante a transición.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB12.1.3. Describe as actuacións impulsadas polo presidente de Goberno Adolfo Suárez para a reforma política do réxime franquista: lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, etc.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB12.1.4. Explica as causas e os obxectivos dos Pactos da Moncloa.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b | ▪ B12.2. Período constituínte: Pactos da Moncloa; preautonomías de Cataluña e o País Vasco; Constitución de 1978 e Estado das autonomías. O | ▪ B12.2. Caracterizar o novo modelo de Estado democrático establecido na Constitución de 1978, especificando as actuacións previas encamiñadas a alcanzar o máis amplo | ▪ HEB12.2.1. Explica o proceso de elaboración e aprobación da Constitución de 1978 e as súas características esenciais.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | caso de Galicia. | acordo social e político. | ▪ HEB12.2.2. Describe como se estableceron as preautonomías de Cataluña e o País Vasco.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B12.3. Gobernos constitucionais: problema do terrorismo; golpe de Estado frustrado de 1981; ingreso na OTAN; plena integración en Europa. | ▪ B12.3. Analizar a evolución económica, social e política de España desde o primeiro Goberno constitucional de 1979 ata a aguda crise económica iniciada en 2008, sinalando as ameazas máis salientables ás que se enfronta e os efectos da plena integración en Europa. | ▪ HEB12.3.1. Elabora un esquema coas etapas políticas desde 1979 ata a actualidade, segundo o partido no poder, e sinala os principais acontecementos de cada unha delas.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB12.3.2. Comenta os feitos máis salientables do proceso de integración en Europa e as consecuencias para España desta integración. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB12.3.3. Analiza a evolución económica e social de España desde a segunda crise do petróleo en 1979 ata o comezo da crise financeira mundial de 2008.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB12.3.4. Analiza o impacto da ameaza terrorista sobre a normalización democrática de España, describe a xénese e evolución das organizacións terroristas que actuaron desde a transición democrática ata os nosos días (ETA, GRAPO, etc.) e reflexiona sobre outros temas relacionados: a cidadanía ameazada, os movementos asociativos de vítimas, a mediación en conflitos, etc.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB12.3.5. Representa unha liña do tempo desde 1975 | ▪ CMCCT |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ata os nosos días, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B12.4. Papel de España no mundo actual. | ▪ B12.4. Resumir o papel de España no mundo actual, especificando a súa posición na Unión Europea e as súas relacións con outros ámbitos xeopolíticos. | ▪ HEB12.4.1. Explica a posición e o papel da España actual na Unión Europea e no mundo. | ▪ CCL<br>▪ CSC |

## *PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.-*

A avaliación terá en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo: as competencias básicas, os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.

### *AVALIACIÓN INICIAL.-*

A primeira quincena de clases comezarase cunha avaliación inicial oral ou/e escrita como toma de contacto co alumnado para detectar calquera tipo de problemas ou carencias educativas e de aprendizaxe no que toca a actitudes, coñecementos, vocabulario, expresión, etc. En 2º de Bacharelato faremos un fincapé especial naqueles contidos e estándares de aprendizaxe adquiridos en cursos pasados e que teñen un vencello directo cos procesos e acontecementos históricos que desenvolveremos ao longo do curso na materia que nos ocupa.

A avaliación inicial facilítanos un coñecemento moi significativo sobre o grupo de referencia en cuestión e ademais tamén nos nos proporciona información substantiva sobre diversos aspectos individuais dos nosos alumnos e alumnas que nos permitirá:

- Identificar ao alumnado que necesita un maior seguimento ou adaptación de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica.
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos para cada grupo favorecendo a intervención individual).

- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe, especialmente co titor.

## *AVALIACION ORDINARIA:*

Ao longo do curso están programadas tres sesións de avaliación correspondéndose cadansúa cun trimestre. A última delas coincidirá coa avaliación final ordinaria do mes de maio.

## *AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA*

Na lexislación vixente contémplase a realización dun exame ou proba extraordinaria en xuño para aqueles alumnos/as que non superaron a materia ao longo da preceptiva avaliación ordinaria. O marco temporal de realización destas probas de xuño veñen recollidas no calendario escolar de bacharelato establecido pola Xunta de Galicia, correspondéndolle ao centro e ao Departamento concretar as datas de realización das mesmas e facelas públicas. O deseño da proba escrita será competencia do Departamento de Xeografía e Historia. Para superar a devandita proba o alumnado deberá obter necesariamente unha nota de 5 ou superior a 5, do caso contrario, a materia non será avaliada positivamente e quedará pendente para o vindeiro curso académico.

## *INSTRUMENTOS, PROCEDEMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.-*

O principal instrumento de avaliación será ***o exame*** que ***suporá un 80% da nota,*** tendo en conta os seguintes aspectos establecidos pola CIUG para esta materia:

- Definición de vocabulario histórico (ata 2 puntos)
- Cuestións teóricas sobre aspectos históricos contidos nos 4 bloques especificados pola CIUG (ata 3 puntos)
- Elaboración e redacción dunha Composición Histórica relativa aos séculos XIX e XX (ata 5 puntos)

Nas probas escritas (nas que se seguirán en todo momento os modelos aportados pola CIUG) todas as cuestións irán numeradas especificándose a valoración e opcionalidade de cada unha delas, valorándose especialmente unha correcta capacidade e coherencia

discursiva. ***Como mínimo realizarase un exame por avaliación.*** En caso de haber máis dunha proba por avaliación a nota mínima para facer media será dun 3.

***De xeito complementario tamén se terá en conta a realización de traballos individuais ou en equipo*** sobre cuestións históricas determinadas así como a elaboración de composicións históricas e a definición de vocabulario histórico específico ademais de comentarios de noticias xornalísticas e de recursos audiovisuais, etc ***podendo sumar por estes conceptos ata un 20% da nota final.***

A boa presentación, corrección, comprensión, orde e puntualidade serán criterios determinantes á hora de valorar positivamente todos estes traballos xunto coa coherencia discursiva. Tamén se terá moi en conta o emprego dun rexistro lingüístico formal e culto, esforzándose por empregar a terminoloxía específica das Ciencias Sociais.

No caso da elaboración de traballos deberase evitar en todo momento o corta/pega tradicional, debendo citar correctamente a bibliografía/webgrafía ou fontes documentais consultadas (textuais, gráficas, cartográficas ou fotográficas, etc) incidindo na súa autoría e procedencia.

Os intentos de engano, fraude, ou copia na realización ou elaboración de calquera proba implicará que a devandita proba sexa cualificada cunha puntuación de 0 puntos.

***Para que o alumnado poida ter unha avaliación positiva terá que acadar como mínimo un 5 que resultará da suma das probas escritas obxectivas (80%) máis dos traballos obrigatorios/voluntarios programados polo profesor tanto na aula como na casa (20%).*** No caso de que a avaliación numérica resultante presentase decimais a ponderación cara a nota seguinte estableceríase a partir de 0,7 (ou sexa, que todo alumnado que iguale ou supere o devandito 0,6 pondería cara a nota seguinte: 5,7 = 6; 6,7 = 7, etc)

Para ter dereito a facer media entre as tres avaliacións, o alumnado terá que acadar como mínimo unha nota de tres ou superior nalgunha das tres avaliacións programadas. No caso contrario, veríase na obriga de recuperar aquela avaliación suspensa con nota inferior a 3.

***As recuperacións*** serán as determinadas polo profesor. Estas probas ou traballos de recuperación poderán ter lugar despois de cada trimestre ou ben a final de curso a modo de proba global onde se poderá recuperar de xeito parcial (no caso de ter unha avaliación suspensa) ou total (no caso de ter dúas ou máis avaliacións suspensas) a materia non superada ao longo do curso. O alumnado que suspenda todas as recuperacións deberá presentarse á proba extraordinaria de xuño.

No caso de que houbera alumnos/as que non puideran asistir ao centro por efecto da COVID-19 artellarase un sistema alternativo e complementario de avaliación individualizada. Neste contexto, podería ser contemplada a posibilidade de adiar os exames non realizados ou ben ser substituídos pola entrega de actividades e traballos a través da aula virtual ou do correo electrónico. Para a cualificación valoraríase:

- A presentación das actividades e traballos propostas, en tempo e forma, e a corrección dos mesmos.
- Tendo en conta a situación de excepcionalidade valoraranse sempre de forma personalizada e flexible as circunstancias propias de cada alumno, buscando o máis favorable para eles.

Naquel ***alumnado que presente dificultades de aprendizaxe significativas*** deberán adaptárselle os contidos e recursos materiais subministrados, as diferentes probas escritas e orais e todo tipo de traballos individualizados de aula ou para realizar na casa, sempre en función das prescripcións educativas suxeridas pola figura do/a Orientador/a, do/a Profesora Terapeuta e do propio docente en cuestión.

## *TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS:*

### *1ª AVALIACION:*

- *Hispania e Gallaecia na Antigüidade.*
- *Al-Andalus e os reinos cristiáns medievais.*
- *Os RRCC e a monarquía hispánica.*
- *O Imperio Hispánico baixo a dinastía dos Austrias.*
- *A monarquía borbónica no Antigo Réxime.*
- *Inicios e consolidación do réxime liberal (Reinados de Carlos IV, Fernando VII e Isabel II).*

### *2ª AVALIACIÓN:*

- *A Revolución Gloriosa e o Sexenio Democrático.*

- *As transformacións socioeconómicas na España decimonónica.*
- *Estado e Nación na Restauración Borbónica.*
- *A Ditadura de Primo de Rivera.*
- *A 2ª República e a Guerra Civil.*

***3ª AVALIACIÓN:***

- *A Ditadura franquista.*
- *A Transición Democrática.*
- *España en Democracia.*

Esta temporalización será orientativa e flexible dependendo das diferentes ciscunstancias condicionantes que poidan afectar ao proceso de ensino-aprendizaxe ao longo do curso, cando máis, nunha situación excepcional de pandemia sanitaria como a que estamos vivindo.

## *2º CURSO DE BACHARELATO: HISTORIA DA ARTE: OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.*

***Concreción dos obxectivos da materia.-***

- Comprender e valorar os cambios na concepción da arte e a evolución das súas funcións sociais ao longo da historia.
- Entender as obras de arte na súa globalidade como fieis expoñentes da creatividade humana, susceptibles de ser admiradas por sí mesmas e de ser valoradas como documento testemuñal dunha época e dunha cultura.
- Utilizar un método de análise que permita coñecer con rigor as obras de arte desenvolvendo, á súa vez, a sensibilidade e a imaxinación.
- Recoñecer e diferenciar as manifestacións artísticas máis destacadas dos principais estilos da arte occidental, situándoos no tempo e no espazo e valorando a súa pervivencia en etapas posteriores.
- Coñecer, desfrutar e valorar o patrimonio artístico contribuíndo de forma activa á súa conservación, rexeitando aqueles comportamentos que o deterioren ou minusvaloren desde o punto de vista físico ou mental.
- Coñecer, desfrutar, valorar e por en valor o rico patrimonio histórico artístico existente na contorna comarcal do Centro de Ensino, incidindo no seu estado de conservación, preservación e na súa divulgación xa que non se pode valorar aquilo que non se coñece.

- Contribuír á formación do gusto persoal, a capacidade de goce estético e ao sentido crítico, aprendendo a expresar sentimentos propios ante a contemplación das diferentes obras de arte.
- Realizar as actividades de documentación e de indagación nas que se analicen, contrasten e interpreten informacións diversas sobre aspectos da Historia da Arte.

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Raíces da arte europea: o legado da arte clásica | | | |
| ▪ n | ▪ B1.1. Grecia, creadora da linguaxe clásica: principais manifestacións. | ▪ B1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte grega, en relación co seu contexto histórico e cultural. | ▪ HAB1.1.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas. GRAO MÍNIMO-BASICO | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB8.1.3. Selecciona e analiza imaxes que amosen a evolución histórica da industria española nunha zona concreta ou dun sector concreto.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B8.2. Localización das fontes de enerxía en España. | ▪ B8.2. Relacionar as fontes de enerxía e a industrialización, e describir as súas consecuencias en España. | ▪ XHB8.2.1. Relaciona o nacemento da industria e a localización de fontes de enerxía e materias primas en España. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CDC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B8.3. Achega ao PIB da industria. Poboación activa. Deficiencias e problemas do sector industrial español. | ▪ B8.3. Coñecer os factores da industria en España. | ▪ XHB8.3.1. Enumera as características da industria española e as súas diferenzas rexionais. GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB8.3.2. Confecciona e analiza gráficas e estatísticas que expliquen as producións industriais. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i | ▪ B8.4. Elementos das paisaxes industriais. Tipoloxías de paisaxes. | ▪ B8.4. Identificar e comentar os elementos dunha paisaxe industrial dada. | ▪ XHB8.4.1. Analiza e comenta paisaxes de espazos industriais.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l | | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B8.5. Rexións industriais e eixes de desenvolvemento de España: importancia das políticas territoriais no sector. Planificación e perspectivas de futuro. | ▪ B8.5. Describir os eixes de desenvolvemento industrial sobre un mapa, establecendo as súas características e as posibilidades de rexeneración e cambio no futuro. | ▪ XHB8.5.1. Sinala nun mapa os asentamentos industriais máis importantes, distinguindo entre os sectores industriais. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB8.5.2. Localiza e describe as rexións industriais e os eixes de desenvolvemento industrial. GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB8.5.3. Describe os eixes ou focos de desenvolvemento industrial, e as súas perspectivas de futuro. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B8.6. Influencia da política da Unión Europea na configuración da industria española. | ▪ B8.6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ao espazo industrial español e a influencia nel da política industrial europea, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet, como na bibliografía ou nos medios de comunicación. | ▪ XHB8.6.1. Describe as políticas industriais da Unión Europea e a súa influencia nas españolas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | Bloque 9. O sector servizos | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B9.1. Terciarización da economía española: influencia no PIB. Poboación activa do sector terciario. | ▪ B9.1. Analizar a terciarización da economía española establecendo as súas características e a influencia no produto interior bruto, e utilizar correctamente a terminoloxía do sector servizos. | ▪ XHB9.1.1. Identifica as características do sector terciario español.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B9.2. Análise dos servizos e distribución no territorio. | ▪ B9.2. Identificar a presenza dos servizos no territorio, analizando a súa distribución e o impacto no medio. | ▪ XHB9.2.1. Explica a incidencia do sector servizos para a economía española.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B9.3. Sistema de transportes en España. Impacto das infraestruturas sobre o espazo xeográfico. | ▪ B9.3. Explicar o sistema de transporte en España, distinguindo a articulación territorial que configura. | ▪ XHB9.3.1. Describe como se articulan os medios de comunicación máis importantes de España (ferrocarrís, estradas, portos e aeroportos).GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB9.3.2. Comenta sobre un mapa de transportes a transcendencia que este sector ten para articular o territorio.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB9.3.3. Describe e analiza mapas que reflictan un sistema de transporte determinado. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB9.3.4. Distingue nun mapa os principais nodos de transporte español. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB9.3.5. Resolve problemas formulados nun caso específico sobre vías de comunicación no noso país. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B9.4. Desenvolvemento comercial: características, evolución e distribución territorial. | ▪ B9.4. Describir o desenvolvemento comercial e a ocupación territorial que impón, e establecer as súas características. | ▪ XHB9.4.1. Comenta gráficas e estatísticas que expliquen o desenvolvemento comercial.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B9.5. Espazos turísticos: características e evolución. | ▪ B9.5. Localizar nun mapa os espazos turísticos, e enumerar as súas características e as desigualdades rexionais. | ▪ XHB9.5.1. Analiza e explica as desigualdades do espazo turístico. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B9.6. Outras actividades terciarias: sanidade, educación, finanzas e servizos públicos. | ▪ B9.6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á actividade ou ao espazo do sector servizos español, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet como na bibliografía ou nos medios de comunicación social. | ▪ XHB9.6.1. Comenta gráficas e estatísticas que expliquen o desenvolvemento turístico español.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB9.6.2. Explica como articulan o territorio outras actividades terciarias. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB9.6.3. Analiza e comenta imaxes do espazo destinado a transportes, comercial ou outras actividades do sector servizos. GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | | ▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B9.7. Transformacións das paisaxes nas zonas turísticas. Caso do litoral. | ▪ B9.7. Identificar e comentar unha paisaxe transformado por unha importante zona turística. | ▪ XHB9.7.1. Confecciona esquemas para analizar a influencia do sector servizos na economía e no emprego en España, a partir de imaxes que reflictan o seu impacto nunha paisaxe. GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| | Bloque 10. O espazo urbano | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B10.1. Concepto de cidade e a súa influencia na ordenación do territorio. | ▪ B10.1. Definir a cidade. | ▪ XHB10.1.1. Define cidade e achega exemplos. GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B10.2. Morfoloxía e estrutura urbanas. Análise socioeconómica e política a través do plano da cidade. | ▪ B10.2. Analizar e comentar planos de cidades, distinguindo os seus trazados. | ▪ XHB10.2.1. Analiza e explica o plano da cidade máis próxima ao lugar de residencia, ou a máis significativa. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B10.3. Planificacións urbanas. Instrumentos do planeamento. | ▪ B10.3. Identificar o proceso de urbanización e enumerar as súas características e as planificacións internas. | ▪ XHB10.3.1. Identifica as características do proceso de urbanización.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB10.3.2. Explica e propón exemplos de procesos de | ▪ CAA |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | planificación urbana.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B10.4. Características do proceso de urbanización. Áreas de influencia. | ▪ B10.4. Analizar a morfoloxía e a estrutura urbana, e extraer conclusións da pegada da historia e a súa expansión espacial, reflexo da evolución económica e política da cidade. | ▪ XHB10.4.1. Sinala a influencia histórica no plano das cidades españolas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB10.4.2. Explica a morfoloxía urbana e sinala as partes dunha cidade sobre un plano desta. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B10.5. Características da paisaxe urbana. | ▪ B10.5. Analizar e comentar unha paisaxe urbana. | ▪ XHB10.5.1. Comenta unha paisaxe urbana a partir dunha fonte gráfica.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB10.5.2. Selecciona e analiza imaxes que expliquen a morfoloxía e a estrutura urbana dunha cidade coñecida. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B10.6. Usos do solo urbano. Ordenación territorial. | ▪ B10.6. Identificar o papel das cidades na ordenación do territorio. | ▪ XHB10.6.1. Explica a xerarquización urbana española.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B10.7. Rede urbana española. Características do proceso de crecemento espacial das cidades. | ▪ B10.7. Describir a rede urbana española e comentar as súas características. | ▪ XHB10.7.1. Describe e analiza as influencias mutuas entre a cidade e o espazo que a rodea. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B10.8. Sistema urbano español: desenvolvemento sustentable. Cidades saudables. O territorio como recurso. | ▪ B10.8. Obter, seleccionar e analizar información de contido xeográfico relativo ao espazo urbano español, utilizando fontes en que estea dispoñible, en internet, nos medios de comunicación social ou na bibliografía. | ▪ XHB10.8.1. Selecciona e analiza novas xornalísticas que amosen a configuración e a problemática do sistema urbano español. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | Bloque 11. Formas de organización territorial | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B11.1. Organización territorial de España. | ▪ B11.1. Describir a organización territorial española analizando a estrutura local, autonómica e estatal. | ▪ XHB11.1.1. Localiza e explica nun mapa a organización territorial española, partindo do concello e da comunidade autónoma.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g | ▪ B11.2. Influencia da historia e da Constitución de 1978 no deseño territorial. | ▪ B11.2. Explicar a organización territorial española e establecer a influencia da historia e da Constitución de 1978, mediante o emprego de mapas históricos e actuais. | ▪ XHB11.2.1. Explica a ordenación territorial española a partir de mapas históricos e actuais. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ l | | | | ▪ CD |
| | | | ▪ XHB11.2.2. Caracteriza a ordenación territorial establecida pola Constitución de 1978.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB11.2.3. Compara a ordenación territorial actual e a da primeira metade do século XX. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB11.2.4. Distingue e enumera as comunidades autónomas, as principais cidades en cada unha e os países fronteirizos de España.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B11.3. Desequilibrios e contrastes territoriais. | ▪ B11.3. Analizar a organización territorial española e describir os desequilibrios e os contrastes territoriais, así como os mecanismos correctores. | ▪ XHB11.3.1. Enumera os desequilibrios e os contrastes territoriais existentes na organización territorial española.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B11.4. Comunidades Autónomas: políticas rexionais e de cohesión territorial. Comunidade Autónoma de Galicia. | ▪ B11.4. Describir a transcendencia das comunidades autónomas e definir as políticas territoriais que levan a cabo, incidindo no caso de Galicia. | ▪ XHB11.4.1. Explica as políticas territoriais que practican as comunidades autónomas en aspectos concretos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ p | | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B11.5. A cuestión territorial na España das autonomías. | ▪ B11.5. Obter, seleccionar e analizar información de contido xeográfico relativo ás formas de organización territorial en España, utilizando fontes en que estea dispoñible en internet, nos medios de comunicación social ou na bibliografía. | ▪ XHB11.5.1. Distingue os símbolos que diferencian as comunidades autónomas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB11.5.2. Explica razoadamente os trazos esenciais das políticas territoriais autonómicas. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | Bloque 12. España en Europa e no mundo | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B12.1. España: situación xeográfica; posición e localización dos territorios que conforman a unidade e a diversidade política. | ▪ B12.1. Definir a situación xeográfica de España no mundo, establecendo a súa posición e localizando os seus territorios. | ▪ XHB12.1.1. Localiza nun mapa as grandes áreas xeoeconómicas e sinala aquelas coas que España ten máis relación.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB12.1.2. Identifica aspectos salientables de España na situación mundial. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB12.1.3. Localiza a situación española entre as grandes áreas xeoeconómicas mundiais.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e | ▪ B12.2. España en Europa. Estrutura territorial. Contrastes físicos e socioeconómicos de Europa. | ▪ B12.2. Describir o continente europeo distinguindo a súa estrutura territorial e os contrastes físicos e | ▪ XHB12.2.1. Explica a posición de España na Unión Europea. GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g<br>▪ i<br>▪ l | | socioeconómicos. | | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B12.3. Posición de España na Unión Europea. Políticas rexionais e de cohesión territorial. | ▪ B12.3. Identificar a posición de España na Unión Europea, enumerando as políticas rexionais e de cohesión territorial que se practican en Europa e que afectan a España. | ▪ XHB12.3.1. Extrae conclusións das medidas que a Unión Europea toma en política rexional e de cohesión territorial que afectan a España.GRAO MÍNIMO-BÁSICO | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB12.3.2. Comenta novas xornalísticas ou textos que explican a posición de España na Unión Europea. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B12.4. España no mundo. Globalización e diversidade no mundo. | ▪ B12.4. Definir a globalización e explicar os seus trazos. | ▪ XHB12.4.1. Identifica e describe os trazos da globalización con exemplificacións que afecten a España. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B12.5. Procesos de mundialización e desigualdades territoriais. Grandes eixes mundiais. | ▪ B12.5. Comparar os procesos de mundialización e diversidade territorial, resumindo as características de ambos. | ▪ XHB12.5.1. Confecciona cadros comparativos da aplicación a casos concretos dos conceptos de mundialización e de diversidade territorial. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g | ▪ B12.6. Posición de España nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas mundiais. | ▪ B12.6. Explicar as repercusións da inclusión de España en espazos socioeconómicos e xeopolíticos continentais e mundiais, utilizando fontes diversas baseadas en material | ▪ XHB12.6.1. Explica as repercusións da inclusión de España en espazos xeopolíticos e socioeconómicos continentais e mundiais a partir de distintas fontes de | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ l | | bibliográfico ou en liña e en opinións expostas nos medios de comunicación social. | información xeográfica. | ▪ CD |

## *PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.-*

A avaliación terá en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo: as competencias básicas, os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.

### *AVALIACIÓN INICIAL.-*

A primeira quincena de clases comezarase cunha avaliación inicial oral ou/e escrita como toma de contacto co alumnado para detectar calquera tipo de problemas ou carencias educativas e de aprendizaxe no que toca a actitudes, coñecementos, vocabulario, expresión, etc. En 2º de Bacharelato faremos un fincapé especial naqueles contidos e estándares de aprendizaxe adquiridos en cursos pasados e que teñen un vencello directo cos procesos e acontecementos xeográficos que desenvolveremos ao longo do curso na materia que nos ocupa. Ben sabido é que os diferentes contidos e estándares de aprendizaxe vencellados coa disciplina da xeografía non se abordan dende 3º da ESO, velaí a necesidade deste marco contextual explicativo ao principio do curso.

A avaliación inicial facilítanos un coñecemento moi significativo sobre o grupo de referencia en cuestión e ademais tamén nos nos proporciona información substantiva sobre diversos aspectos individuais dos nosos alumnos e alumnas que nos permitirá:

- Identificar ao alumnado que necesita un maior seguimento ou adaptación de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica.
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos para cada grupo favorecendo a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe, especialmente co titor.

## *AVALIACION ORDINARIA:*

Ao longo do curso están programadas tres sesións de avaliación correspondéndose cadansúa cun trimestre. A última delas coincidirá coa avaliación final ordinaria do mes de maio.

## *AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA*

Na lexislación vixente contémplase a realización dun exame ou proba extraordinaria en xuño para aqueles alumnos/as que non superaron a materia ao longo da preceptiva avaliación ordinaria. O marco temporal de realización destas probas de xuño veñen recollidas no calendario escolar de bacharelato establecido pola Xunta de Galicia, correspondéndolle ao centro e ao Departamento concretar as datas de realización das mesmas e facelas públicas. O deseño da proba escrita será competencia do Departamento de Xeografía e Historia. Para superar a devandita proba o alumnado deberá obter necesariamente unha nota de 5 ou superior a 5, do caso contrario, a materia non será avaliada positivamente e quedará pendente para o vindeiro curso académico.

## *INSTRUMENTOS, PROCEDEMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.-*

O principal instrumento de avaliación será ***o exame*** que ***suporá un 80% da nota,*** tendo en conta os seguintes aspectos establecidos pola CIUG para esta materia:

- Definición de vocabulario xeográfico recollido da listaxe proposta pola CIUG (ata 2 puntos).
- Realización de cuestións teóricas extractadas dos ámbitos temáticos explicados (ata 4 puntos).
- Comentario e análise dun documento gráfico, fotográfico ou cartográfico vencellado coa xeoghrafía física ou coa xeografía humana seguindo o esquema establecido pola CIUG (Ata 4 puntos).

Nas probas escritas (nas que se seguirán en todo momento os modelos aportados pola CIUG) todas as cuestións irán numeradas especificándose a valoración e opcionalidade de cada unha delas, valorándose especialmente unha correcta capacidade e coherencia discursiva. ***Como mínimo realizarase un exame por avaliación.***

***De xeito complementario tamén se terá en conta a realización de traballos individuais ou en equipo*** sobre cuestións vencelladas coa xeografía física e humana da Península Ibérica e dos arquipélagos asociados, cunha especial atención a Galicia e ao ámbito xeográfico-comarcal no que se insire o IES Chamoso Lamas (Comarca do Carballiño/O Ribeiro),definición de vocabulario xeográfico específico ademais de comentarios de noticias xornalísticas vencelladas co ámbito xeográfico e de recursos audiovisuais, etc ***podendo sumar por estes conceptos ata un 20% da nota final.***

A boa presentación, corrección, comprensión, orde e puntualidade serán criterios determinantes á hora de valorar positivamente todos estes traballos xunto coa coherencia discursiva. Tamén se terá moi en conta o emprego dun rexistro lingüístico formal e culto, esforzándose por empregar a terminoloxía artística e técnica específica das disciplinas artísticas.

No caso da elaboración de traballos deberase evitar en todo momento o corta/pega tradicional, debendo citar correctamente a bibliografía/webgrafía ou fontes documentais consultadas (textuais, gráficas, cartográficas ou fotográficas, etc) incidindo na súa autoría e procedencia.

Os intentos de engano, fraude, ou copia na realización ou elaboración de calquera proba implicará que a devandita proba sexa cualificada cunha puntuación de 0 puntos.

***Para que o alumnado poida ter unha avaliación positiva terá que acadar como mínimo un 5 que resultará da suma das probas escritas obxectivas (80%) máis dos traballos obrigatorios/voluntarios programados polo profesor tanto na aula como na casa (20%).*** No caso de que a avaliación numérica resultante presentase decimais a ponderación cara a nota seguinte estableceríase a partir de 0,7 (ou sexa, que todo alumnado que iguale ou supere o devandito 0,6 ponderaría cara a nota seguinte: 5,7 = 6; 6,7 = 7, etc)

***As recuperacións*** serán as determinadas polo profesor. Estas probas ou traballos de recuperación poderán ter lugar despois de cada trimestre ou ben a final de curso a modo de proba global onde se poderá recuperar de xeito parcial (no caso de ter unha avaliación suspensa) ou total (no caso de ter dúas ou máis avaliacións suspensas) a materia non superada ao longo do curso. O alumnado que suspenda todas as recuperacións deberá presentarse á proba extraordinaria de xuño.

No caso de que houbera alumnos/as que non puideran asistir ao centro por efecto da COVID-19 artellarase un sistema alternativo e complementario de avaliación individualizada. Neste contexto, podería ser contemplada a posibilidade de adiar os exames non realizados ou ben ser substituídos pola entrega de actividades e traballos a través da aula virtual ou do correo electrónico. Para a cualificación valoraríase:

- A presentación das actividades e traballos propostas, en tempo e forma, e a corrección dos mesmos.
- Tendo en conta a situación de excepcionalidade valoraranse sempre de forma personalizada e flexible as circunstancias propias de cada alumno, buscando o máis favorable para eles.

Naquel ***alumnado que presente dificultades de aprendizaxe significativas*** deberán adaptárselle os contidos e recursos materiais subministrados, as diferentes probas escritas e orais e todo tipo de traballos individualizados de aula ou para realizar na casa, sempre en función das prescripcións educativas suxeridas pola figura do/a Orientador/a, do/a Profesora Terapeuta e do propio docente en cuestión.

## *TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS:*

### *1ª AVALIACION:*

- *A Xeografía e o estudo do espazo xeográfico.*
- *O relevo español: a súa diversidade xeomorfolóxica.*
- *A diversidade climática e vexetativa da P. Ibérica e dos arquipélagos Balear e Canario.*
- *A Hidrografía.*
- *As paisaxes naturais e as relacións entre a natureza e a sociedade.*

### *2ª AVALIACIÓN:*

- *O espazo rural e as actividades do sector primario.*
- *As fontes de enerxía e o espazo industrial.*
- *O sector servizos.*

***3ª AVALIACIÓN:***

- *A poboación española.*
- *O espazo urbano.*
- *A organización territorial de España.*
- *O papel de España en Europa e no Mundo.*

Esta temporalización será orientativa e flexible dependendo das diferentes ciscunstancias condicionantes que poidan afectar ao proceso de ensino-aprendizaxe ao longo do curso, cando máis, nunha situación excepcional de pandemia sanitaria como a que estamos vivindo.

## *6.- RÚBRICAS DE REFERENCIA PARA AVALIAR AO ALUMNADO: CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA A CORRECCIÓN DE EXAMES, TRABALLOS ESCRITOS E O CADERNO DE CLASE:*

- *Vocabulario específico de Historia, Arte ou Xeografía.*
- *Fichas Bibliográficas sobre Historia, Arte ou Xeografía.*
- *Comentarios de Textos e Artigos Históricos, Artísticos e Xeográficos.*
- *Comentarios de Artigos Xornalísticos.*
- *Composicións históricas.*
- *Comentarios sobre cuestións teóricas de xeografía.*
- *Comentarios de Obras de Arte.*
- *Comentarios de Prácticos de Xeografía.*
- *Comentarios de Recursos Audiovisuais e Films.*
- *O Caderno de clase.*

***VOCABULARIO:***

- Resposta en branco ou que revela incomprensión do tema abordado. (MOI DEFICIENTE)(Entre 0-3 puntos)
- Resposta confusa ou incompleta redactada con abundantes imprecisións e frases incoherentes ou mal articuladas. (SUSPENSO) (Entre 3 e 4,5)
- Resposta básica que fai referencia ao tema preguntado e redactada de xeito coloquial e simple pero cun texto formalmente correcto. (APROBADO-BEN) (Entre 5 e 6,5)
- Resposta notable con aclaracións adicionais e cunha redacción coidada e correcta. (NOTABLE) (Entre 7 e 8,5)
- Resposta sobresaínte desde o punto de vista conceptual e redactada cunha argumentación coherente, unha concreción e corrección expresiva e un vocabulario axeitado. (SOBRESAÍNTE) (Entre 9 e 10)

***CUESTIÓNS TEÓRICAS A DESENVOLVER:***

- Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta. (MOI DEFICIENTE) (Entre 0-3 puntos)
- Resposta confusa que revela a incomprensión da pregunta ou resposta incompleta que revela a falla de coñecementos e redactada con abundantes imprecisións e frases incoherentes ou mal articuladas. (SUSPENSO) (Entre 3 e 4,5)
- Resposta básica que fai referencia ao tema preguntado e redactada de xeito coloquial e simple pero cun texto formalmente correcto. (APROBADO-BEN) (Entre 5 e 6,5)

- Resposta notable que demostra o coñecemento do tema con aclaracións adicionais e cunha redacción coidada e correcta. (NOTABLE) (Entre 7 e 8,5)
- Resposta sobresaínte desde o punto de vista conceptual e redactada cunha argumentación coherente, unha concreción e corrección expresiva e un vocabulario axeitado. (SOBRESAÍNTE) (Entre 9 e 10)

***COMPOSICIÓN HISTÓRICA:***

- Resposta en branco, sen relación coa cuestión teórica proposta ou unha simple paráfrase dos documentos. (MOI DEFICIENTE) (0-1 PUNTOS)
- Resposta que só aborda unha serie de xeneralidades sobre a época tratada, exposta de forma incompleta que revela a falla de coñecementos e que prescinde dos documentos, resolvéndose como a resposta a unha pregunta teórica e redactada con abundantes imprecisións con palabras inventadas e frases incoherentes ou mal articuladas. (SUSPENSO) (2 A 4,5 PUNTOS)
- Resposta básica que fai referencia ao tema preguntado e redactada de xeito coloquial e simple pero cun texto formalmente correcto que fai un uso bastante axeitado das diferentes fontes documentais propostas, contextualizándoas e inseríndoas no discurso histórico e compositivo demandado. (APROBADO) (5 a 6,5 PUNTOS)
- Resposta notable que demostra o coñecemento do tema con aclaracións adicionais e cunha redacción coherente, coidada e correcta na que se insiren de forma moi axeitada as diferentes fontes documentais propostas cunha contextualización dos feitos descritos eloxiable (NOTABLE) (7 a 8,5 PUNTOS)
- Resposta sobresaínte desde o punto de vista conceptual e redactada cunha argumentación coherente, unha salientable concreción e corrección expresiva e un vocabulario axeitado, facendo un uso e análise exhaustiva dos diferentes documentos propostos, perfectamente inseridos no seu contexto histórico (SOBRESAÍNTE) (9-10 PUNTOS)

***COMENTARIO DUNHA OBRA DE ARTE:***

- Resposta en branco, sen relación coa cuestión artística proposta. (MOI DEFICIENTE) (0-1 PUNTOS)
- Resposta que só aborda unha serie de xeneralidades sobre a obra de arte proposta, cunha exposición incompleta que revela a falla de coñecementos, redactada con abundantes imprecisións con palabras inventadas e frases incoherentes ou mal articuladas. (SUSPENSO) (2 A 4,5 PUNTOS)
- Resposta básica que fai referencia ao tema preguntado e redactada de xeito coloquial e simple pero cun texto formalmente correcto, cunha contextualización histórica e cunha análise artística discreta en canto aos contidos e aos termos artísticos empregados (APROBADO) (5 a 6,5 PUNTOS)
- Resposta notable que demostra o coñecemento do tema con aclaracións adicionais e cunha redacción coherente, coidada e correcta na que se insiren de forma moi axeitada á análise artística e o emprego dun vocabulario axeitado cunha contextualización dos feitos descritos eloxiable (NOTABLE) (7 a 8,5 PUNTOS)

- Resposta sobresaínte desde o punto de vista conceptual e redactada cunha argumentación coherente, unha salientable concreción e corrección expresiva e un vocabulario axeitado, facendo unha análise exhaustiva dos diferentes aspectos artísticos demandados e abordando cunha gran amplitude teórica e coherencia discursiva o contexto histórico no que se insire a obra de arte proposta (SOBRESAÍNTE) (9-10 PUNTOS)

***COMENTARIO DUN PRÁCTICO DE XEOGRAFÍA:***

- Resposta en branco, sen relación coa cuestión xeográfica proposta. (MOI DEFICIENTE) (0-1 PUNTOS)
- Resposta que só aborda unha serie de xeneralidades sobre o aspecto xeográfico proposto, cunha exposición incompleta que revela a falla de coñecementos, redactada con abundantes imprecisións con palabras inventadas e frases incoherentes ou mal articuladas. (SUSPENSO) (2 A 4,5 PUNTOS)
- Resposta básica que fai referencia ao tema preguntado e redactada de xeito coloquial e simple pero cun texto formalmente correcto, cunha contextualización e análise xeográfica discreta en canto aos contidos e aos termos cientificos empregados (APROBADO) (5 a 6,5 PUNTOS)
- Resposta notable que demostra o coñecemento do tema con aclaracións adicionais e cunha redacción coherente, coidada e correcta na que se insiren de forma moi axeitada á análise xeográfica e o emprego dun vocabulario axeitado cunha contextualización dos feitos descritos eloxiable (NOTABLE) (7 a 8,5 PUNTOS)
- Resposta sobresaínte desde o punto de vista conceptual e redactada cunha argumentación coherente, unha salientable concreción e corrección expresiva e un vocabulario axeitado, facendo unha análise exhaustiva dos diferentes aspectos xeográficos demandados e abordando cunha gran amplitude teórica e coherencia discursiva o contexto xeográfico no que se insire o práctico proposto (SOBRESAÍNTE) (9-10 PUNTOS)

***O CADERNO DE CLASE:***

- ***Planificación e Organización:***
    - Non é boa xa que hai desorde e exercizos a medio facer con contidos misturados. (SUSPENSO)
    - Presenta bastantes lagoas que denotan a realización dun traballo feito de forma apresurada, aínda que si se fan os exercicios. Debe mellorar a presentación e a redacción. (MELLORABLE)
    - Realízanse tódolos exercicios e hai un esforzo por pasar a información a limpo, ordenala e sistematizala dunha forma coherente. (NOTABLE)
    - Realízanse tódolos exercicios e hai unha pulcritude e xerarquía na información abordada. Todo está feito con corrección e ademais pódense constatar contidos complementarios e adicionais. (SOBRESAÍNTE).

- ***Metodoloxía de Estudo:***
    - Non ten metodoloxía de estudo, nin fai esquemas, nin sistematiza vocabulario, nin presenta a cotío os exercicios. (SUSPENSO)
    - Resolve os exercicios coa axuda do profesorado pero non presenta autonomía á hora de organizar e desenvolver as tarefas propostas. (MELLORABLE)
    - Resolve ben as tarefas e sistematiza as informacións cunhas técnicas de estudo e unha planificación axeitadas. (NOTABLE)
    - Resolve as tarefas cunha grande solvencia e autonomía. Adoita ter lido o tema e inquerir de xeito autónomo/a sobre aspectos nel contidos, o que denota curiosidade e independencia. (SOBRESAÍNTE)
- ***Presentación formal, orde e limpeza:***
    - Non ten organizado nin coida o seu material. A súa letra e presentación formal son moi deficientes. (SUSPENSO)
    - Posúe o material pero presenta descoidos e pouca sistematización no control do mesmo. A presentación resulta descoidada. (MELLORABLE)
    - Organiza correctamente o seu material e presenta boa letra e unha presentación coidada. (NOTABLE)
    - Presenta unha boa organización, pulcra, ordenada, ben sistematizada e cunha boa letra. Son traballos que denotan unha elaboración ben planificada de antemán. (SOBRESAÍNTE)

## *7.- A METODOLOXÍA DIDÁCTICA.-*

### *NA ENSINANZA SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO) E NA ENSINANZA SECUNDARIA DE ADULTOS (ESA):*

O enfoque competencial das materias e o obxectivo de mellora da capacidade comunicativa do alumnado determina a adopción dunha serie de estratexias metodolóxicas que deberán ter en conta os seguintes aspectos:

- Partir da competencia inicial do alumnado e ter en conta a diversidade no que toca ais ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Potenciar as metodoloxías activas e participativas fomentando tarefas individuais con outras grupais ou colectivas. Tamén sería sumamente interesante poder desenvolver estratexias metodolóxicas conducentes á aprendizaxe cooperativa ou mesmo por proxectos.
- Enfocar o proceso de ensino-aprendizaxe á realización de tarefas e á resolución de problemas.
- Usar de xeito habitual as Tic.
- Fomentar o papel asesor, fomentador e facilitador do profesor/a.
- No que toca ás estratexias metodolóxicas propiamente ditas deberíase ter en conta:
  - Unha memorización comprensiva.
  - A elaboración de sínteses, esquemas, mapas conceptuais, organizagramas explicativos, etc
  - Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa escrita e dixital, etc.
  - Análise e comentario de textos, mapas, gráficas, táboas estatísticas, obras de arte, recursos audiovisuais, etc.
  - Resolución de problemas, etc.
- No que toca á secuenciación do traballo na Aula:
  - Motivación:
    - Actividades de exploración de ideas e coñecementos previos.
    - Formulación de cuestións que favorezan o conflito cognitivo coa presentación de interrogantes que propicien ou motiven o seu interese por iniciar investigacións individuais.
    - Presentación de actividades con mapas, gráficas, textos, fotos, recursos audiovisuais, etc, actividades sobre coñecementos previos e adquiridos co obxectivo de favorecer o coñecemento dos contidos e o pensamento crítico.
  - Información do Profesor/a:
    - Información básica para todo o alumnado.
    - Información complementaria para reforzo e apoio.
    - Información complementaria para ampliación e afondamento.

- Traballo persoal:
  - Lectura e comprensión de textos.
  - Memorización comprensiva.
  - Análise e comentario de documentos de natureza variada (textual, gráfica, estatística, fotográfica, cartográfica, audiovisual, obras de arte, mapas de xeografía, etc).
  - Elaboración de mapas, gráficas, táboas estatísticas, esquemas, mapas conceptuais, sínteses, organigramas históricos, artísticos e xeográficos, etc.
  - Resposta a cuestións e preguntas varias.
  - Resolución de problemas.

Debido ás circunstancias especiais nas que se desenvolveron os cursos académicos 2020/21 e 2021/22 e á presenza aínda do Covid-19 utilizaremos a **Aula Virtual** do IES como elemento de apoio (baseada na ferramenta Moodle), en previsión tamén de que houbera que suspender de xeito parcial ou total as clases presenciais por efectos da COVID-19 e atender a todos ou parte dos alumnos/as telematicamente.

Nesa Aula organizaranse as explicacións e tarefas de maneira clara e ordenada para que os alumnos/as poidan atopar todos os materiais cos que traballar. Os contidos dividiranse en temas e neles se lles poderá ofrecer: explicacións en vídeo ou audio, resumos, tarefas de distintos tipos... As tarefas estarán referenciadas ao libro de texto ou aos recursos proporcionados polo profesor/a para facilitar o traballo a todo o alumando, incluso a aqueles que non posúen unha conectividade óptima. O alumnado poderá entregar as actividades a través da Aula Virtual ou do correo electrónico.

En caso de interrupción das clases presenciais tamén se poderán dar clases online a través de **Webex ou outra Plataforma Virtual semellante indicada pola Xunta de Galicia**, sempre cun horario estable e previamente comunicado.

***NO BACHARELATO EN RÉXIME DE DIURNO E DE NOCTURNO:***

A metodoloxía didáctica no Bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por sí mesmo, traballar en equipo e aplicar os métodos apropiados de investigación e tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas.

A natureza específica da Historia coa multiplicidade de factores que interveñen nunha realidade humana e cun cambio permanente mais non uniforme nin no tempo nin no espazo xunto coa irrepetibilidade dos feitos, fai que esta disciplina deba ter en conta as seguintes consideracións didácticas:

- A forma de acceder ao coñecemento histórico non ter por que ser uniforme. A parcela espacial e cronolóxica que se considere permite achegarse con medios diferentes se se trata dun coñecemento histórico máis afastado no tempo que dunha época próxima. Polo tanto, os medios que se empreguen non teñen por que ser homoxéneos ao longo de todo o desenvolvemento da materia.
- Na clase de historia fanse comentarios sobre valores e sobre actitudes transmitíndose continuas mensaxes. Isto fai o seu estudo vulnerable a interferencias políticas e a que, con frecuencia, se confundan consideracións de orde política ou ideolóxica con consideracións de tipo educativo. Polo tanto, debe procurarse tratar os temas de estudo coa maior obxectividade evitando calquera xuízo de valor.
- A motivación é un aspecto importante para conseguir unha ensinanza eficaz. Para promover que sexa positiva é necesario que os temas de estudo conecten o máis directamente posible cos intereses do alumnado. O emprego de medios audiovisuais, o achegamento a problemas da súa contorna, as saídas programadas, etc constitúen estratexias motivadoras e atractivas.

Partindo destas consideracións, ao diferentes ámbitos temáticos abordados non deben enfocarse como un conxunto de feitos illados, senón como un conxunto de procesos de de problemas nos que se analicen as súas causas e as súas consecuencias e as relacións existentes entre ellas. Para isto, os medios non son só materiais (fontes e instrumentos), senón tamén conceptuais e de léxico propio desta disciplina que hai que adquirir comprensivamente. O obxectivo é exercitar ao alumnado nos procedementos habituais do historiador: natureza, tipoloxía e importancia das distintas clases de fontes, análise e utilización crítica das mesmas, contraste e interpretacións historiográficas e utilización de información procedente dos medios de comunicación de masas para achegarse ao coñecemento da realidade actual.

Na ensinanza da historia e en función dos contidos a tratar, poderanse empregar distintas estratexias metodolóxicas: a exposición, o descubremento ou a indagación. Así, o plan de traballo dun grupo-clase variará en función dos diferentes contidos a tratar:

- Para o ensino-aprendizaxe de contidos cunha cronoloxía máis antiga, que non teñen unha repercusión recoñecible coa contorna, ou que presenten maior dificultade para o alumnado pola súa complexidade intrínseca, poderían ser:

  - A presentación dos problemas por parte do profesor/a.
  - A consideración conxunta profesorado-alumnado das distintas alternativas posibles de interpretación dos feitos históricos obxecto de estudo.
  - O acordo sobre a natureza e sobre as causas do proceso ou procesos históricos en cuestión.
  - A ilustración e a compropbación das conclusións con exemplos concretos, sempre que sexan procesos xerais.

- Para abordar aspectos vencellados co mundo máis actual e para o estudo da historia nacional, unha posible vía sería partir do concreto para chegar ao máis xeral, apoiándose en datos da contorna máis próxima, inducir á curiosidade de por que é así e ir relacionando a historia local cos seus condicionantes externos para intentar alcanzar a comprensión de estruturas e de procesos máis amplos e globais, pois non se pode entender o medio no que se desenvolve o alumnado desconectado das súas referencias máis xerais.

As actividades no Bacharelato deben favorecer a capacidade do alumnado para aprender por sí mesmos, para traballar en equipo e para aplicar os métodos de investigación axeitados. Constitúen, polo tanto, un dos eixes fundamentais do proceso de ensino-aprendizaxe xa que a través da súa realización o alumnado adquire un papel activo. A programación de actividades realizarase seguindo unha serie de criterios:

- Que faciliten o desenvolvemento de capacidades relacionadas co espazo e o tempo, a análise de fontes, o tratamento da información e a formulación de problemas.
- Que proporcionen aprendizaxes referidas a conceptos, procedementos e actitudes.
- Que presenten variedade en tipolóxía, procedencia e natureza das fontes históricas referidas, así como en grao de dificultade.
- Que manteñan coherencia interna en función da lóxica da historia e do deseño dun proceso de aprendizaxe significativa.
- Que desenvolvan a capacidade do alumnado para aprender por sí mesmo e o leven a reflexionar e a potenciar o seu pensamento crítico.
- Que propoñan reflexións sobre os antecedentes históricos de situacións actuais facilitando a interpretación desde unha perspectiva histórica do presente.

Os principais tipos de actividades programadas serán do seguinte tipo:

- Actividades referidas á comprensión de contidos conceptuais e ao establecemento de relacións entre estes.
- Actividades de síntese de información.
- Actividades de reflexión sobre causas e consecuencias de acontecementos históricos senlleiros.
- Actividades de análise e interpretación de fontes históricas de natureza variada (textuais, gráficas, estatísticas, artísticas, xeográficas, cartográficas, fotográficas, audiovisuais, obxectos, debuxos satíricos, carteis propagandísticos, etc)

- Actividades de búsqueda e contraste de información.
- Actividades de produción/comunicación de información histórica que poidan incluír a realización de eixes cronolóxicos, mapas conceptuais, mapas históricos, etc.
- Redacción de traballos de temática histórica que inclúan o estudo de documentos.
- Indagación acerca de situacións ou feitos actuais analizándoos desde unha perspectiva histórica
- Elaboración de traballos de iniciación á investigación histórica que inclúan hipóteses, análises e interpretación das fontes, verificación de hipóteses e redacción de conclusións.

Para a ***materia específica de 2º de Bacharelato "Historia de España"*** seguiremos en todo momento a metodoloxía didáctica que antecede.

En canto aos ***Materiais e Recursos Didácticos empregados,*** ademais do xa exposto na metodoloxía, contamos, como apoio para a explicación da materia cos medios didácticos suficientes e apropiados para axudar a unha mellor comprensión dos conceptos: bibliografía de apoio recomendada polo profesor/a, materiais e recursos educativos confeccionados polo docente, presentacións en powert point, recursos audiovisuais online, DVD´s de interese histórico, cartografía específica, etc

Ao igual que deixamos sinalado para a ESO, utilizaremos a **Aula Virtual** do IES (baseada na ferramenta Moodle), en previsión tamén de que houbera que suspender de xeito parcial ou total as clases presenciais por efectos da COVID-19 e atender a todos ou parte dos alumnos/as telematicamente.

Nesa Aula organizaranse as explicacións e tarefas de maneira clara e ordenada para que os alumnos/as poidan atopar todos os materiais cos que traballar. Os contidos dividiranse en temas e neles se lles poderá ofrecer: explicacións en vídeo ou audio, resumos, tarefas de distintos tipos... As tarefas estarán referenciadas ao libro de texto ou aos recursos proporcionados polo profesor/a para facilitar o traballo a todo o alumando, incluso a aqueles que non posúen unha conectividade óptima. O alumnado poderá entregar as actividades a través da Aula Virtual ou do correo electrónico. ***Esta metodoloxía online constituirá unha ferramenta indispensable para a coordinación, exposición e explicación das diferentes materias que***, en réxime de semipresencialidade, ***se imparten neste centro no bacharelato de adultos en réxime de nocturno,*** xa que a atención ao alumnado do bacharelato semipresencial tan só se realiza a través de dúas titorías presenciais (de asistencia obrigatoria): as titorías lectivas onde se abordan os aspectos fundamentais da materia incidindo nos contidos procedimentais (cunha hora de asignación semanal) e as titorías de orientación programadas para resolver todo tipo de dúbidas que poidan xurdir respecto a cada materia, os seus contidos, estrutura organizativa e aspectos procedimentais dende o punto de vista metodolóxico da mesma (cunha asignación horaria dunha hora semanal para 1º de bacharelato e outra hora semanal para as materias de 2º de bacharelato). Non debemos obviar que o Bacharelato de adultos ten que desenvolver a materia correspondente ao bacharelato normal coa característica que terá unha hora á semana de consulta por materia e unha hora de

titoria por departamento. Os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estandares de aprendizaxe e competencias clave serán os mesmos, polo tanto, que se teñen que desenvolver no Bacharelato en réxime de diurno.

En caso de interrupción das clases presenciais tamén se poderán dar clases online a través de **Webex ou outra Plataforma Virtual semellante indicada pola Xunta de Galicia**, sempre cun horario estable e previamente comunicado.

***2º CURSO DE BACHARELATO: HISTORIA DA ARTE.-***

A historia da arte, como todas as ciencias sociais, é unha disciplina rica en información, pero se aspiramos a facer dos nosos alumnos estudantes seguros de si mesmos debemos darlles a oportunidade de buscar a información de forma independente. Este sistema de ensino, defendido por múltiples autores, implica o tratamento de fontes diferentes para cada un dos ámbitos temáticos abordados, un proceso que debe ser gradual para que o alumnado se vaia acostumando. Desta maneira, a aprendizaxe parte dun ensino activo.

A metodoloxía que se pretende seguir cos novos presupostos didácticos é de carácter comprensivo e conta coa participación activa do alumno/a. O importante, pois, non é o que o profesor ensina, senón o que o alumno aprende; por iso, é máis apropiada unha metodoloxía participativa. Para manter a atención dos alumnos, convén utilizar os novos medios técnolóxicos como formas alternativas de buscar información. Serven, ó mesmo tempo, para potenciar a presencia do mundo de hoxe na aula.

Outro elemento primordial de toda aprendizaxe comprensiva é facer o maior uso posible das relacións dos novos coñecementos con esquemas que o alumno/a teña xa adquiridos ou estean en fase de adquisición. Dada a simultaneidade dalgúns temas nos currículos de varias materias que se imparten no mesmo curso, é un recurso metodolóxico inestimable a interdisciplinariedade. Ademais, é posible referirse a materias impartidas xa en anos anteriores como música ou plástica, que prestarán os seus logros para unha mellor comprensión do campo da arte. Os problemas de lectura formal dun cadro poden facerse máis doados cando lembran os seus traballos sobre perspectivas, gradacións cromáticas, variación de paleta, etc.

En calquera caso, o método empregado debe ir sempre de acordo cos obxectivos que se pretenden conseguir. Se o que se pretende é que o alumno/a adquira uns coñecementos de arte que non sexan memorísticos, deberase fuxir dunha exposición sistemática de artistas e obras. Traballarase con elas, pero observándoas como unha mostra dun determinado período. O importante é recoñecer unha obra do renacemento ou do barroco, independentemente do artista que a producise. Preténdese tamén que o alumno/a domine, ó final do curso escolar, un vocabulario científico e específico da materia. Dado que o vocabulario é moi específico e a miúdo descoñecido para os alumnos, resulta adecuado ir ampliando pouco a pouco o elenco de termos artísticos.

Tamén está presente no deseño curricular a necesidade de concibir a arte como algo vivo e actual, unha realidade coa que o alumno se encontra a diario. É importante que o alumnado comprobe que os coñecementos adquiridos na aula os pode atopar nos edificios da súa contorna.

Do mesmo modo, preténdese situar ao alumnado no período histórico correspondente a cada un dos estilos, non só a modo de introdución, senón analizando o carácter histórico das obras de arte, a súa imbricación nun tempo concreto e nun devir histórico determinado. Perséguese, así, que o alumnado comprobe a estreita relación entre a historia e a arte, o que lles permitirá entender mellor os estilos e as obras xeradas en cada período.

Todo o anteriormente exposto conséguese mediante a utilización na aula de tratamentos diferentes da información e alternando os procedementos de traballo. A isto é necesario engadirlle a observación de láminas artísticas, imprescindible en calquera clase de arte, a lectura de fontes iconográficas, a utilización periódica de libros de arte, os comentarios en grupo, os recursos audiovisuais, as novas tecnoloxías, que actúan como actividade globalizadora. Desta forma, amplíase a súa sensibilidade ó tempo que aprenden a recoñecer estéticas e estilos diferentes. Ó principio de cada unidade son necesarias as clases expositivas, pois é tarefa do profesor centrar os aspectos máis relevantes dun estilo.

En canto aos ***Materiais e Recursos Didácticos empregados,*** ademais do xa exposto na metodoloxía, contamos, como apoio para a explicación da materia cos medios didácticos suficientes e apropiados para axudar a unha mellor comprensión dos conceptos: presentacións en powert point, recursos audiovisuais online, bibliografía, láminas, fotografías para facer un estudio das principais obras de cada estilo, CD-ROM´s, DVD´s, etc

Ao igual que deixamos sinalado para a ESO, utilizaremos a **Aula Virtual** do IES (baseada na ferramenta Moodle), en previsión tamén de que houbera que suspender de xeito parcial ou total as clases presenciais por efectos da COVID-19 e atender a todos ou parte dos alumnos/as telematicamente.

Nesa Aula organizaranse as explicacións e tarefas de maneira clara e ordenada para que os alumnos/as poidan atopar todos os materiais cos que traballar. Os contidos dividiranse en temas e neles se lles poderá ofrecer: explicacións en vídeo ou audio, resumos, tarefas de distintos tipos... As tarefas estarán referenciadas ao libro de texto ou aos recursos proporcionados polo profesor/a para facilitar o traballo a todo o alumando, incluso a aqueles que non posúen unha conectividade óptima. O alumnado poderá entregar as actividades a través da Aula Virtual ou do correo electrónico. Esta metodoloxía online constituirá unha ferramenta indispensable para a coordinación, exposición e explicación das diferentes materias que, en réxime de semipresencialidade, se imparten neste centro no bacharelato de adultos.

En caso de interrupción das clases presenciais tamén se poderán dar clases online a través de **Webex ou outra Plataforma Virtual semellante indicada pola Xunta de Galicia**, sempre cun horario estable e previamente comunicado.

***2º CURSO DE BACHARELATO: XEOGRAFÍA DE ESPAÑA.-***

A complexidade do medio no que vivimos percibímola con certos niveis de organización que é debida á interacción entre o ser humano e a natureza. A comprensión desta organización é indispensable para poder intervir nela ou para contribuír á súa mellora. O espazo percíbese, analízase, explícase e comunícase en virtude de diferentes aspectos persoais e colectivos, ou sexa sociais, e duns conceptos determinados que proveñen dunha teoría que se foi consolidando ó longo dos séculos como científica e que facilita a aprehensión da realidade socio-espacial en diferentes marcos territoriais.

É preciso que no Bacharelato o alumnado complete a súa formación xeográfica cuns contidos que faciliten o coñecemento concreto de diferentes realidades territoriais desde un concepto holístico, multivariable e máis complexo: as rexións, Galicia, España e Europa que aparecen así definidas como territorios diferenciados dentro do mundo (rexión político-administrativa), pero ó mesmo tempo cunha gran variedade de contrastes que fan posible a análise territorial diferenciada. A rexión, o territorio, aparece así non como unha descrición de caracteres homoxéneos, senón como o resultado explicativo da interacción de variables tanto medioambientais coma sociais. Atópanse así territorios individualizados, mais con problemáticas comúns, dado que a individualidade xeográfica non implica especificidade irrepetible. Por isto, a análise de casos servirá para profundar nestas explicacións, achegándose ós conceptos básicos que explican a diferencia de paisaxes, á vez que facilitará a utilización dos procedementos característicos da análise xeográfica e das técnicas que permiten o tratamento de datos e de informacións.

Nas anteriores etapas educativas os alumnos e as alumnas alcanzaron unha comprensión do medio xeográfico desde perspectivas xeométrico-espaciais, medioambientais e socio-espaciais. Os contidos de Xeografía seleccionados para ser abordados nesta etapa completarán estes aspectos aportando criterios de análise do medio tanto político-sociais coma científico-xeográficos, ó incluí-lo concepto de rexión e outros conceptos holísticos provenientes doutras teorías que poden non ser xeográficas, mais que permitirán integrar, relacionar e explica-las teorías rexionais. A necesaria capacidade de abstracción e de xeneralización para comprende-las teorías rexionais presupóñense nos alumnos e nas alumnas desta etapa tanto pola súa idade coma polos seus anos de escolarización. A comprensión dos diversos factores que inciden na organización territorial a diferentes escalas, recoñecendo as súas estruturas socio-económicas complexas, o papel das decisións políticas e as diferentes posicións ideolóxicas ante distintos proxectos de ordenación territorial, facilitará a significatividade de saberes que configuran distintas opcións tanto profesionais coma académicas ás que se desexe acceder e xerará, ó mesmo tempo, valores de solidariedade e de respecto á diversidade natural e social.

Optamos por unha ensinanza por Exposición significativa e investigadora para a materia de Xeografía, sen esquecer, nalgúns ámbitos temáticos, a aprendizaxe por descubrimento. A ensinanza por exposición significativa, seguindo a teoría da aprendizaxe significativa de Ausubel e outros, permite conxugar dous elementos procedentes da psicoloxía e da propia disciplina: o carácter constructivo dos procesos psicolóxicos que interveñen na aprendizaxe do alumnado e a necesidade de que este aprenda non só o método senón tamén a rede conceptual básica da disciplina. As condicións necesarias para que unha aprendizaxe sexa verdadeiramente significativa serán que o material de aprendizaxe estea claramente organizado dunha forma lóxica e comprensible para o alumno/a e que o material resulte potencialmente significativo. É dicir, na mente do alumno debe producirse unha subordinación

da nova idea (ou concepto, ou información) á idea xa existente na mente do que aprende. Por iso fai falla lanzar un nexo entre as ideas previas dos alumnos e a nova información que se lle proporciona. Este nexo consistirá nunhas cantas ideas xerais que se presentan -oralmente ou por escrito- ó alumnado antes de que se poña a traballar sobre os materiais organizados. O coñecemento xeográfico, ensinado desta forma, reconstrúese máis que se descubre.

Inclinarémonos por unha posición ecléctica, na que sen embargo predomina a metodoloxía da aprendizaxe significativa reconstructiva, deixando o descubrimento para algunhas partes do temario nas que se queira insistir nas habilidades metodolóxicas ou destrezas de pensamento que permitan dominar a materia, sen esquencer a necesidade de que o profesor ou profesora interveña na clase con explicacións que introduzan os diferentes ámbitos temáticos abordados, orientando o traballo dos alumnos/as e sintetizando as conclusións ás que se debe chegar en todo proceso de ensinanza-aprendizaxe. Non debe confundirse esto último coas tradicionais clases maxistrais ou ditado de apuntes, que só en contadas ocasións deben facer acto de presencia na aula. Predominará, pois, a metodoloxía da aprendizaxe significativa-reconstructiva: introducindo cada ámbito temático mediante unha explicación oral por parte do profesor e facilitándolle por escrito ós alumnos os elementos máis significativos de dita explicación: conceptos, vocabulario, etc. Unha vez que o alumnado entenda os contidos de cada ámbito temático o profesor facilitaralles material (mapas, gráficos, textos, etc.) ós alumnos/as, e serán eles os que traballen individualmente ou en grupo.

En canto aos ***Materiais e Recursos Didácticos empregados,*** ademais do xa exposto na metodoloxía, contamos, como apoio para a explicación da materia cos medios didácticos suficientes  e apropiados para axudar a unha mellor comprensión dos conceptos: presentacións en powert point, recursos audiovisuais online, bibliografía recomendada polo profesor/a (como o libro da Editorial Anaya para a materia de Xeografía de España de 2º de Bacharelato), cartografía variada, gráficos, táboas estatísticas, diagramas, láminas de contido xeográfico, noticias xornalísticas e textos xeográficos, fotografías de paisaxes e de outros elementos xeográficos, CD-ROM´s, DVD´s, etc

Ao igual que deixamos sinalado para a ESO, utilizaremos a **Aula Virtual** do IES (baseada na ferramenta Moodle), en previsión tamén de que houbera que suspender de xeito parcial ou total as clases presenciais por efectos da COVID-19 e atender a todos ou parte dos alumnos/as telematicamente.

Nesa Aula organizaranse as explicacións e tarefas de maneira clara e ordenada para que os alumnos/as poidan atopar todos os materiais cos que traballar. Os contidos dividiranse en temas e neles se lles poderá ofrecer: explicacións en vídeo ou audio, resumos, tarefas de distintos tipos... As tarefas estarán referenciadas ao libro de texto ou aos recursos proporcionados polo profesor/a para facilitar o traballo a todo o alumando, incluso a aqueles que non posúen unha conectividade óptima. O alumnado poderá entregar as actividades a través da Aula Virtual ou do correo electrónico. Esta metodoloxía online constituirá unha ferramenta indispensable para a coordinación, exposición e explicación das diferentes materias que, en réxime de semipresencialidade, se imparten neste centro no bacharelato de adultos.

En caso de interrupción das clases presenciais tamén se poderán dar clases online a través de **Webex ou outra Plataforma Virtual semellante indicada pola Xunta de Galicia**, sempre cun horario estable e previamente comunicado.

## *8.- ATENCIÓN AO ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES*

### *Alumnado de ESO e de Bacharelato con materias pendentes:*

Ante a imposibilidade real de atender de forma directa e personalizada a todo aquel alumnado que presenta algunha materia pendente pertencente ao Departamento de Xeografía e Historia (tanto no réxime de diurno coma de nocturno) decidiuse entre os diferentes membros do departamento que cada profesor/a que imparte materia no curso no que está matriculado o alumno/a coa respectiva materia pendente será o encargado de supervisar e titorizar as diferentes tarefas conducentes á superación da devandita materia.

Tódolos materiais elaborados (Cuaderniños de pendentes) basearanse nos estándares de aprendizaxe de grao mínimo-básico correspondentes ao nivel que ten que superar e a guía básica para a ESO será en todo momento o libro de texto correspondente ao curso da respectiva materia pendente. Respecto ao bacharelato, o material entregado será confeccionado polo docente tendo como referencia os estándares de aprendizaxes mínimos avaliables para a materia correspondente.

As actividades ou tarefas que se propoñan para a preparación da materia deberán ser entregadas con puntualidade na data marcada polos profesores titores e serán valoradas cun 60% da puntuación total. Entregaranse 3 caderniños de actividades ao longo do curso que seguiran o cronograma que se especifica de seguido:

- Un 1º caderniño a finais de outubro/principios de novembro que deberá ser entregado debidamente cumplimentado antes das vacación de Nadal.
- Un 2º caderniño entregarase na derradeira semana do 1º trimestre e deberá ser entregado a finais de xaneiro.
- Un 3º caderniño entregarase na 1ª semana de febreiro e deberá ser entregado logo das vacacións de Semana Santa.

Ademaís da realización dos respectivos caderniños, o alumnado con materias pendentes deberá realizar como mínimo unha proba escrita que sería fixada para o més de maio na convocatoria oficial establecida polo centro. De ter que realizar máis dunha proba, a outra data posible de realización sería o mes de febreiro. Estas probas serán valoradas co 40%, facéndose media a partir dun 3 en cada convocatoria sinalada. Tódalas cuestións propostas versarán sobre as diferentes actividades comprendidas nos respectivos caderniños.

## *9.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.-*

- ***ACTIVIDADES DE REFORZO E AMPLIACIÓN:***
  - Para levar a fin esta atención teranse en conta en todo momento as indicacións feitas polo Departamento de Orientación do centro. Neste senso, elaboraranse materiais educativos para que todo aquel alumnado con necesidades específicas diagnosticadas poida dispor dun conxunto de actividades de reforzo ou de ampliación en función do nivel educativo que teña cada alumno/a. Os obxectivos perseguidos con estas actividades é fornecer a ese alumnado cuns recursos básicos para que se poidan desenvolver diferentes estratexias de ensinanza conducentes a que ese alumnado alcance o máximo desenvolvemento das competencias básicas e os obxectivos de etapa.

- ***ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECIAIS EDUCATIVAS:***

  - O Departamento de Xeografía e Historia en coordinación co Departamento de Orientación establecerá as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren ao alumnado con necesidades educativas especiais o seu adecuado progreso. Realizaranse as adaptacións curriculares naqueles casos que se aparten significativamente dos contidos e dos criterios de avaliación establecidos no currículo. Ditas adaptacións cumprirán o procedemento de autorización establecido pola Consellería de Educación.
  - Os alumnos/as con diagnosticados con TDH, TDA, etc poderán dispor de máis tempo para a realización das probas escritas e sempre que o estimen eles nunha proporción razoable. Tamén se lle poderán adaptar o tipo de preguntas formuladas en cada exame seguindo as seguintes indicacións:
    - Respostas curtas.
    - Respostas para relacionar.
    - Preguntas tipo test.
    - Todas estas preguntas estarán individualizadas nos informes correspondentes de Orientación.
    - En suma, todas aquelas opcións avaliadoras que permitan a este alumnado ir superando paseniñamente as adaptacións curriculares establecidas polo Departamento de Xeografía e Historia e o Departamento de Orientación.

## *10.- TEMAS TRANSVERSAIS: EDUCACIÓN EN VALORES.-*

A Área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, tanto na ESO, ESA, no Bacharelato diurno e de Adultos ten moi presente dunha forma real a Educación en Valores, polo que consideramos que dende todos os ámbitos temáticos dos diferentes proxectos curriculares se destaca dunha forma global e transversal potenciando que o alumnado:

- Aprenda a valorar e respectar o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico asumindo a responsabilidade da súa conservación e mellora.
- Adquira unha memoria histórica que lle permita elaborar unha interpretación do mundo, aprendendo a respectar e valorar os aspectos comúns así como os diversos.
- Adquira valores de respecto, tolerancia e solidariedade mediante o coñecemento dos feitos e sucesos das distintas épocas históricas e valore a diversidade xeográfica, natural e cultural.
- Coñeza e valore o funcionamento das sociedades democráticas así como os dereitos e as liberdades da humanidade como un logro irrenunciable e unha condición necesaria para a paz.
- Realice tarefas en grupo e participe en debates para adquirir actitudes construtivas, críticas, tolerantes e respectuosas cos demais.

Nas programacións de aula desenvolveranse as estratexias para traballar os seguintes valores:

- Educación ética e cidadá.
- Educación para a paz.
- Educación non sexista.
- Educación ambiental.
- Educación do consumidor.
- Educación para a saúde.

## *11.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.-*

O Departamento de Xeografía e Historia ten seleccionados os seguintes libros de texto para os diferentes cursos da ensinanza secundaria obrigatoria:

- *2º CURSO ESO*
- *Xeografía e Historia, Editorial Vicens Vives, Galego, ISBN: 978-84-682-3911-8*

- *4º CURSO ESO*
- *Historia, Editorial Santillana, Galego, ISBN: 978-84-680-4026-4*

- Nas diferentes materias impartidas no Bacharelato de diurno, coma na ESA ou no Bacharelato en réxime de adultos non se ten escollido ningún libro de texto, sendo o docente a persoa encargada de proporcionarllelos recursos educativos necesarios ao alumnado. Nalgunhas materias, sen embargo, aconséllase o recoméndase a consulta dos seguintes Manuais:
- *2º CURSO DE BACHARELATO: HISTORIA DE ESPAÑA: XOSÉ ALFEIRÁN, ANA BREA E ANA ROMERO MASIÁ., HISTORIA DE ESPAÑA, BAÍA EDICIÓNS, ISBN 978-84-9995-200-0*
- *2º CURSO DE BACHARELATO: XEOGRAFÍA DE ESPAÑA, EDITORIAL ANAYA, GALEGO, ISBN: 978-84-698-1363-8*
- *2º CURSO DE BACHARELATO: HISTORIA DA ARTE: XOSÉ E. VICENTE., A HISTORIA DA ARTE A TRAVÉS DAS SÚAS OBRAS, BAÍA EDICIÓNS, ISBN 978-84-9995-361-8*

Ao longo deste curso 2022/23 a ***Aula Virtual do IES Chamoso Lamas*** adquirirá un gran protagonismo tanto como ferramenta contedora de contidos como elemento indispensable para o seguimento da programación docente, constituíndo un elemento de comunicación de primeira orde entre o alumnado e o seu profesorado.

## *12.- CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AOS DIFERENTES PROXECTOS DESENVOLVIDOS NO CENTRO:*

## *O PROXECTO LECTOR.-*

O fomento da lectura convértese nunha actividade prioritaria para comprender os textos escritos, para redactar correctamente e para expresarse oralmente de forma axeitada. Nunha área como Xeografía e Historia a falta de competencia lingüística convértese nun dos principais obstáculos. Parece, polo tanto, preciso fomentar a lectura para garantir a comprensión lingüística dos alumnos, polo que se implementarán as seguintes actividades:

- Potenciarase a lectura dos libros de texto así como as páxinas específicas dedicadas á lectura.
- Fomentarase a creación de Clubs de Lectura nos tempos de lecer e no marco das actividades extraescolares co obxectivo de crear unha conciencia colectiva e colaborativa a carón da lectura nas súas diferentes modalidades, temáticas e presentacións
- Empregaranse textos motivadores, normalmente de carácter narrativo ou xornalístico, coa finalidade de que os alumnos aprendan Xeografía e Historia non só a través do texto expositivo, senón tamén doutros tipos de texto. Asimesmo ensinaráselles aos alumnos a ler textos históricos dun xeito pautado. Os alumnos aprenderán a situar os textos no seu contexto histórico e xeográfico e a seleccionar as ideas principais. Por outra banda aprenderán a realizar actividades de contraste de fontes e de integración da información de varias fontes.
- Promoverase que o alumnado lea un conxunto de informacións para que conformen a súa propia opinión sobre temas polémicos para logo debatelos cos seus compañeiros.
- Tentarase que os alumnos/as aprendan a identificar os aspectos subxectivos dos textos e a reflexionar sobre a función que cumpriron. Ademais analizarán textos de todo tipo: políticos, testemuñais, literarios, epistolares etc.
- Proporcionaranse actividades específicas de comprensión lectora para axudar aos alumnos e alumnas a comprender o que len. Estas actividades de comprensión lectora presentarán unha tipoloxía variada:
  - Actividades sobre o vocabulario más difícil ou específico.
  - Actividades de selección das ideas principais e que están expresadas de forma explícita no texto.
  - Actividades sobre as ideas implícitas, os matices do texto e as relacións entre as ideas (causa-efecto, comparación, semellanza ...), difíciles de descubrir polos alumnos/as, pois adoitan estar ocultos no texto.
  - Actividades de realización de cadros, esquemas, táboas, etc., ferramentas que son moi útiles para comprender e estudar.
  - Actividades que promovan no alumnado a transformación do estudado en coñecemento propio ben a través da oralidade ou da escrita.

O Departamento de Xeografía e Historia ten incorporado en cursos precedentes un listado de lecturas específicas de cada materia totalmente voluntarias que o profesoir/a correspondente poderá ***valorar ata un 0,5 puntos a maiores como axuda á nota final de cada materia.*** Os obxectivos perseguidos son promover o hábito da lectura entre os nosos alumnos/as como perfectamente se recolle no Plan Lector do centro, ademais de aprofundar nos coñecementos de cada materia dende outros puntos de vista.

- ***LIBROS DE LECTURA RECOMENDADOS PARA 1º ESO (1º ESA) NA MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA:***
  - *J. COCKAOFT., Jason y los argonautas.*
  - *V. ANUBUS., En busca de una patria.*
  - *R. SUTCLIFF., Naves negras ante Troya.*

- *A. CONAN DOYLE., El mundo perdido.*
- *C. GREINIER., Los doce trabajos de Hércules.*
- *IDEM., De los héroes de la mitología.*
- *IDEM., Héroes de Grecie en la antigüedad.*
- *C. LEDURIER., Cuentos y leyendas de la mitología celta.*
- *J. ÉVANO., Cuentos y leyendas del antiguo Egipto.*
- *J. BAS., Glabro, legionario romano.*
- *T. GAUTIER., La novela de la momia.*
- *E. CALDERÓN., Roma no paga a traidores.*
- *JUAN LUIS ARSUAGA., Mi primer libro de la Prehistoria.*
- *V. MUÑOZ PUELLES., El viaje de la evolución.*

- ***LIBROS DE LECTURA RECOMENDADOS PARA 2º ESO (2º ESA) NA MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA:***
  - *J. MIRANDE., Cuentos y leyendas de la Edad Media.*
  - *F. MARTÍNEZ LAÍNEZ., El tapiz de Bayeux.*
  - *T. MARTÍNEZ DE LEZEA., El mensajero del Rey.*
  - *J. A. MAYORAL., Adonde llegan las nubes.*
  - *M. FOREMAN., El chico que navegó con Colón.*
  - *J. L. VELASCO., El manuscrito godo.*
  - *U. ECO., El nombre de la rosa.*
  - *M. LOURENZO GONZÁLEZ., Tanis I o mocos.*
  - *A. SÁNCHEZ AGUILAR., La leyenda del Cid.*
  - *A. MARTÍNEZ MÉNCHEN., La espada y la rosa.*
  - *J. L. VELASCO., El misterio del Eunuco.*

- ***LIBROS DE LECTURA RECOMENDADOS PARA 3º ESO (3º ESA) NA MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA:***
  - ***IDADE MODERNA:***
    - *C. ROMEU..Sin tregua.*
    - *I. MERINO., La ruta de las estrellas.*
    - *P. MOLINA LLORENTE., Pálpito de Sol.*
    - *G. MOURE., Yo, que maté de melancolía al pirata Francis Drake.*

        - *C. MALLORQUÍ., La cruz del dorado.*
        - *D. DEFOE., Robinson Crusoe.*
        - *M. DELIBES., El Hereje.*
        - *W. SCOTT., Ivanhoe.*
        - *A. DUMAS., Os tres Mosqueteiros.*
        - *TARIQ ALÍ., A la sombra del granado.*
    - ***XEOGRAFÍA:***
        - *ISABEL ALLENDE., El bosque de los pigmeos.*
        - *JORDI SIERRA I FABRA., Nun lugar chamado guerra.*
        - *GHAZI ABDEL-QADIR., Las piedras que hablan.*
        - *MANUEL LOURENZO GONZÁLEZ., Irmán do vento.*
        - *DEBORAH ELLIS., El pan de la guerra.*
        - *FRAN ALONSO., Cartas de amor.*
        - *JORDI SIERRA I FABRA., La música del viento.*
        - *IDEM., La piel de la memoria.*
        - *MARILAR ALEIXANDRE., A Expedición do Pacífico.*
        - *AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ., As flores radiactivas.*
        - *RAMÓN CARIDE., A negrura do mar.*
        - *MARÍA REIMÓNDEZ., Usha.*
        - *ELIA BARCELÓ., La mano de Fatma.*
        - *SAMI NAIR., La inmigración explicada a mi hija.*
        - *MIGUEL DELIBES., La tierra herida.*
        - *TERESA MOURE., A casa dos Lucarios.*

- ***LIBROS DE LECTURA RECOMENDADOS PARA 4º ESO (4º ESA) NA MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA:***
    - ***SÉCULO XIX:***
        - *B. PÉREZ GALDÓS., Trafalgar.*
        - *J. VERNE.,Cinco semanas en globo.*
        - *J. VERNE.,Viaje al centro de la Tierra.*
        - *J. VERNE., La vuelta al mundo en ochenta días.*
        - *M. TWAIN., Las aventuras de Tom Sawyer.*
        - *J. FENIMORE COOPER., El último Mohicano.*

        - *L. STEVENSON., La isla del tesoro.*
        - *CH. DICKENS., Oliver Twist.*
        - *J. BAS., El oro de los carlistas.*

    - ***SÉCULO XX:***
        - *F. MARÍAS., El vengador del Rift.*
        - *U. ORLEV., Soldados de plomo.*
        - *HUBERT VIERSET E C. DEISTANCHES., No has muerto en Stalingrado.*
        - *J. SIERRA I FABRA., Donde el viento da la vuelta.*
        - *M. ALEIXANDRE., Rúa Carbón.*
        - *J. BOYNE., El niño con el pijama de rayas.*
        - *A. FERNÁNDEZ PAZ., Corredores de sombras.*
        - *SPIEGELMAN., Maus (comic).*
        - *A. MOORE E D. LLOYD., V. Vendetta (comic).*
        - *F. FERNÁN GÓMEZ., Las bicicletas son para el verano.*

- ***LIBROS DE LECTURA RECOMENDADOS PARA 1º CURSO BACHARELATO NA MATERIA DE HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO:***
    - ***SÉCULO XIX:***
        - *CH. DICKENS., Historia de dos ciudades.*
        - *STHENDAL., Vermello e negro.*
        - *M. DURÁS., El amante.*
        - *I. DINESEN., Memorias de África.*
    - ***SÉCULO XX:***
        - *A. MÉNDEZ., Los girasoles ciegos.*
        - *M. ZUSAK., La ladrona de libros.*
        - *E. HEMINGWAY., Adiós a las armas.*
        - *MIGUEL ANXO MURADO., Fin de século en Palestina.*
        - *D. CHACÓN., La voz dormida.*
        - *J. REED., 10 días que conmovieron al mundo.*
        - *M. SATRAPI., Persépolis (comic).*
        - *M. ASENSI., El último Catón.*

- ***LIBROS DE LECTURA RECOMENDADOS PARA 2º CURSO BACHARELATO NA MATERIA DE HISTORIA DE ESPAÑA:***
    - ***SÉCULO XIX:***
        - *L. ALAS CLARÍN., La Regenta.*
        - *N. GORDON., La Bodega.*
        - *A. PÉREZ REVERTE., Un día de cólera.*
    - ***SÉCULO XX:***
        - *J. SIERRA I FABRA., 4 días de enero.*
        - *M. RIVAS., O lápis do carpinteiro.*
        - *J. CERCAS., Soldados de Salamina.*
        - *J. LLAMAZARES., Las rosas de piedra.*

- ***LIBROS DE LECTURA RECOMENDADOS PARA 2º CURSO BACHARELATO NA MATERIA DE HISTORIA DA ARTE:***
    - *I. FALCONES.,La mano de Fátima.*
    - *IDEM., La Catedral del Mar.*
    - *K. FOLLET., Los pilares de la Tierra.*
    - *D. BROWN., El Código da Vinci.*
    - *M. ASENSI., Venganza en Sevilla.*
    - *J. NAVARRO., La Biblia de barro.*
    - *SUSO DE TORO., Trece badaladas.*
    - *A. PÉREZ REVERTE., La tabla de Flandes.*

## *CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO DAS TICS.-*

As novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) forman parte do proxecto educativo actual. Por unha banda, a aparición de Internet supuxo unha revolución na forma de procurar e tratar a información, ata o punto de que se ten convertido na principal fonte de información para case todos; por iso, cómpre que lles ensinemos aos alumnos a manexar Internet e a aproveitar as posibilidades que ofrece para a nosas materias. As novas tecnoloxías ábrenlles novos camiños e formas de traballar na clase e na casa, que poden resultar motivadoras para os alumnos e moi instrutivas desde o punto de vista didáctico. As posibilidades de traballar coas novas tecnoloxías son variadas e cada profesor pode elixir, segundo os seus gustos e necesidades:

- Pódese recorrer a Internet para buscar información sobre actividades ou diversos aspectos de cada materia.
- Pódende empregar recursos multimedia, con presentacións audiovisuais para cada un dos ámbitos temáticos abordados e explicados. Estas presentacións poden proxectarse de dúas maneiras: ben nun encerado dixital, se o houbera, ben simplemente cun ordenador e un canón. Estas presentacións poden incluír animacións, vídeos, imaxes, esquemas, textos e actividades que poden proxectarse ao longo da explicación na clase e que, sen dúbida, farán máis rica e interesante a exposición.
- Pódense empregar proxectos específicos de investigación en Internet: as WebQuests. Trátase de grandes propostas de investigación que os alumnos realizarán en grupo e que ocuparán varias clases. Cada investigación supón a elaboración dun traballo sobre un tema do curso cuxa información debe buscarse en Internet. As WebQuests poden servir para traballar algúns temas do curso cunha metodoloxía indagadora, diferente da tradicional metodoloxía expositiva común na nosa materia, ao mesmo tempo que lles ensinan aos alumnos a procurar información en Internet e a traballar en grupo.
- Tamén se poden visualizar diferentes recursos audiovisuais como materiais complementarios de apoio para un mellor achegamento a cada ámbito temático exposto e explicado.

## *CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO.-*

As actuacións que se levarán a cabo desde as diferentes materias impartidas polo Departamento de Xeografía e Historia para desenvolver o proxecto lingüístico serán as seguintes:

- Respectarase a lingua establecida polo proxecto lingüístico para a docencia da materia.
- Utilizaranse as medidas de apoio e reforzo establecidas para o correcto uso lingüístico educativo, para alcanzar o obxectivo de fomento do plurilingüismo.
- Adoptaranse medidas para que o alumnado con insuficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.
- Colaborarase nas actividades organizadas para a dinamización da lingua galega.

## *CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.-*

A través das diferentes materias impartidas dende o Departamento de Xeografía e Historia e seguindo en todo momento o plan de convivencia do centro tentarase:

- Contribuír ao labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Detectar o antes posible conflitos que poidan xurdir nas aulas para resolvelos de maneira pacífica e construtiva.
- Establecer normas de funcionamento e organización das clases de cada materia, da aula multimedia, da aula de informática ou de calquera espazo que se empregue para impartir a docencia do departamento.

- Motivar ao alumnado para que comece a interiorización da cultura do diálogo e a mediación.
- Fomentar o respecto entre todos os membros da comunidade educativa así como a integración de todos os alumnos e alumnas do centro.
- Fomentar a realización de actividades que potencien o respecto á diversidade.

## *13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES*

En principio imos tentar realizar, mantendo tódalas prevencións sanitarias establecidas polo protocolo Covid-19 nos desprazamentos en autobús e transporte público, algunhas saídas didácticas:

- Para 1º ESO contemplamos a posibilidade de realizar unha visita á Citania Galaico-Romana de San Cibrán das Lás (Concello de San Amaro-Ourense) ou ao Castro de Cameixa (Concello de Boborás) ao longo do 1º trimestre e durante unha mañá.
- Para 2º ESO contemplamos a posibilidade de realizar unha visita ao Mosteiro medieval de Santa María de Oseira (Concello de Cea-Ourense) ou ben á Vila medieval de Ribadavia ao longo do 3º trimestre e durante unha mañá.
- Para 3º ESO contemplamos a posibilidade de realizar unha visita á Vila do Carballiño para observar a súa trama urbana, a súa orixe e xerme e evolución histórica ata a actualidade ao longo do 3º trimestre e durante unha mañá.
- Para 4º da ESO, 1º/2º Bacharelato Humanístico contemplamos unha visita a Santiago de Compostela e á cidade da Cultura ao longo dun día enteiro (en colaboración co Departamento de Música).
- Para o alumnado de Historia da Arte tamén se contempla unha posible saída a Madrid para visitar os principais Museos da capital de España (nunha ou dúas xornadas).

Tamén tentaremos organizar (na liña dos cursos pasados 2020/21 e 2021/22) algunhas actividades complementarias tipo charlas (Universidade de Santiago), conferencias, que se adaptará en todo momento ás medidas prescriptivas establecidas pola Consellería de Educación. Contaremos tamén coa colaboración do profesor xubilado de Física e Química Miguel García Pérez que nos aportará os seus coñecementos sobre a Meteoroloxía e a Climatoloxía da Comarca dende a Estación Meteorolóxica do Carballiño cuxa sede fisica se ubica nas propias dependencias do IES Chamoso Lamas do Carballiño.

## *14.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA, O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.-*

A reflexión sobre a propia práctica docente é a mellor vía posible de formación permanente, especialmente, cando se fai con rigor e coa axuda de instrumentos válidos.

Neste sentido, no departamento de Xeografía e Historia utilizaranse os seguintes indicadores para avaliar o proceso do ensino e da práctica do profesorado de cada materia:

- A preparación do ensino da materia:
  - Domina os contidos da materia e o marco curricular.
  - Coñece as características, coñecementos e experiencias do alumnado.
  - Domina a didáctica da materia.
  - Organiza os contidos e os estándares de aprendizaxe de maneira coherente co marco curricular e as particularidades do alumnado.
  - As estratexias de avaliación son coherentes cos estándares de aprendizaxe, e permiten demostrar a todo o alumnado o aprendido.

- A creación dun ambiente propicio para a aprendizaxe:
  - Establece un clima de relacións de aceptación, equidade, confianza, solidariedade e respecto.
  - Manifesta altas expectativas sobre as posibilidades de aprendizaxe e desenvolvemento de todos os seus alumnos/as.
  - Establece e mantén formas consistentes de convivencia na aula.
  - Establece un ambiente organizado de traballo e dispón os espazos e recursos en función das aprendizaxes.

- O ensino para a aprendizaxe de todo o alumnado:
  - Comunica de forma clara e precisa os obxectivos e contidos da materia
  - As estratexias de ensino son coherentes, motivadoras e significativas para o alumnado
  - O contido da clase é tratado con rigorosidade conceptual e é comprensible para o alumnado.
  - Utiliza metodoloxías baseadas nas TIC.
  - Optimiza o tempo dispoñible para o ensino.
  - Promove o desenvolvemento do pensamento.
  - Avalía e recolle o proceso de comprensión e ampliación dos contidos por parte do alumnado.

- As responsabilidades profesionais como “Profesor”:
  - O profesor reflexiona sistematicamente sobre a súa práctica.
  - Constrúe relacións profesionais e de equipo cos seus compañeiros.
  - Asume responsabilidades na orientación do seu alumnado.
  - Propicia relacións de colaboración e respecto cos pais.
  - Manexa información actualizada sobre a súa profesión, o sistema educativo e normativa vixente.
  - Participa e comprométese con Proxecto Educativo do centro.
  - Organiza e participa nas actividades colectivas do centro.

Os ***instrumentos para avaliar os anteriores indicadores*** poderían ser algúns dos seguintes, segundo o caso:

- Autorreflexión do profesorado sobre a súa práctica docente.
- Análise do cumprimento dos diversos aspectos da programación (obxectivos, contidos, metodoloxía,...).
- Análise dos resultados académicos.
- Reunións entre o profesorado.
- Enquisas persoais ou anónimas ao alumnado sobre diferentes aspectos.

Respecto á ***Avaliación da Programación Didáctica*** resulta fundamental para podela correxir e adecuala á realidade e ás necesidades que presenta cada grupo tendo en conta a atención á diversidade. Ao mesmo tempo permitirá unha mellor visión da mesma para redactar a Programación dos cursos seguintes.

Ao longo do curso, nas correspondentes reunións de departamento, valorarase o cumprimento da mesma atendendo ás Programacións de Aula desenvolvidas por cada docente para cada materia e curso. Nesas xuntanzas de tipo pedagóxico faranse constar todas aquelas incidencias (referente aos obxectivos, contidos, estandares de aprendizaxe, instrumentos de avaliación, criterios de cualificación, temporalización, materias e recursos educativos, aspectos actitudinais do alumnado, etc) que se consideren oportunas e que teñan que ver dun xeito directo ou indirecto co proceso de ensino-aprendizaxe contemplado na Programación Didáctica do propio Departamento.

Os instrumentos empregados para levar a fin a avaliación desta programación serán:

- Os resultados das avaliacións.
- Os resultados das avaliacións do alumnado con materias pendentes.

- Os Cadernos do profesorado onde se poidan valorar as intervencións do alumnado nas aulas así como a realización dos traballos propostos.
- As actas do departamento para contrastar o reflitido nelas.
- Os informes das Xuntas Avaliadoras e do Departamento de Orientación.

A través da seguinte cuadrícula poderase ver o grao de cumprimento dos obxectivos desta programación:

| ***INDICADORES*** | ***Escala*** | | | |
|---|---|---|---|---|
| | ***1*** | ***2*** | ***3*** | ***4*** |
| *Adecuación do deseño dos ámbitos temáticos a partir dos elementos do currículo* | | | | |
| *Adecuación da secuenciación e da temporalización dos ámbitos temáticos* | | | | |
| *O desenvolvemento da Programación respondeu á secuenciación e á temporalización previstas* | | | | |
| *Adecuación da secuenciación dos estándares para cada un dos ámbitos temáticos abordados* | | | | |
| *Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar* | | | | |
| *Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación* | | | | |
| *Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación* | | | | |
| *Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver* | | | | |
| *Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento* | | | | |
| *Adecuación da secuencia de traballo na Aula* | | | | |
| *Adecuación dos materiais didácticos utilizados* | | | | |
| *Adecuación do Libro de Texto* | | | | |
| *Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado* | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| *Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos* | | | | |
| *Adecuación das pautas xerais establecidas para as diferentes probas da avaliación ordinaria* | | | | |
| *Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame ou dunha avaliación* | | | | |
| *Adecuación  dos criterios establecidos para a avaliación final* | | | | |
| *Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria* | | | | |
| *Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes* | | | | |
| *Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación das materias pendentes* | | | | |
| *Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar* | | | | |
| *Adecuación dos programas de apoio, reforzo, recuperación, etc vinculados aos estándares* | | | | |
| *Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE* | | | | |
| *Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescoiares programadas* | | | | |
| *Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de avaliación, estándares e instrumentos* | | | | |
| *Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción* | | | | |
| *Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso* | | | | |
| *Contrución desde a materia ao Plan Lector do centro* | | | | |
| *Grao de integración das Tics no desenvolvemento da materia* | | | | |

Esta programación constitúe un Documento Aberto e flexible susceptible de ser mellorado coa aportación dos membros do departamento, alumnado e instancias superiores sempre que estas impliquen un enriquecemento da mesma.